



MANUAL DO SISTEMA

Protección de Menores e Adultos
en situación de Vulnerabilidade (MAV)
nas Obras da Compañía de Xesús
da Provincia de España



“E se alguén ten que facer caer un destes pequenos que cren, máis lle valería que lle puxeran unha mole de asno arredor do pescozo e o botaran ó mar”. (Mc 9,42)

“E coñeceredes a verdade, e a verdade faravos libres”. (Xn 8,32)

PRESENTACIÓN	5
0 COMPROMISO INSTITUCIONAL	8
As cartas do Papa Francisco, o Pai Xeral e o Pai Provincial.....	9
SISTEMA DE ENTORNO SEGURO (SES)	18
Que é un entorno Seguro?	19
Misión do Sistema de Entorno Seguro	19
Obxectivos do Sistema de Entorno Seguro	19
Obxectivos do Sistema de Entorno Seguro	20
Equipo	20
Recursos	25
Ferramentas	25
Ámbito de aplicación	25
Un servizo transparente e de calidade	27
0. SENSIBILIZARNOS	28
SENSIBILIZARNOS, O PRIMEIRO: escoitar las vítimas	29
1. SABER DE QUÉ HABLAMOS	41
1.1 Definicións	41
1.1.1 Definicións de abusos sexuais de MAV	41
1.1.2 Algúns exemplos de abusos sexuais de MAV	43
1.1.3 Datos de realidade	43
1.2 O proceso do abuso	46
2. PREVENIR	48
2.1 Identificar os Factores de risco	49
2.2 Identificar os Factores de protección	51
2.3 A cultura do Bo trato	53
2.3.1 Comportamentos a fomentar, comportamentos a evitar e comportamentos no permitidos	54
2.4 Actuacións para prevenir	57
2.4.1 Prevención respecto ás persoas. Niveis de prevención	57
2.4.2 Prevención no ámbito de aplicación. Actividades e espazos	59
2.4.2.1 Mapas de risco	59
2.4.2.2 Cuestións para ter en conta en tódalas actividades non habituais	60
3. INTERVENIR	63
3.1. Saber detectar e saber interpretar	63
3.1.1 Sinais e indicadores de abuso sexual.....	64

3.1.1.1 Aspectos psicosociais	65
3.1.1.2 Síntomas físicos que poden aparecer	66
3.1.1.3 Consecuencias psicolóxicas	66
3.1.1.4 Aspectos condutuais	67
3.1.1.5 Ante todo sto: como podemos detectar?.....	67
3.2. Saber ACTUAR: Saber Acoller, saber Recoller a información, Saber Proceder	68
3.3 Recomendación para proceder ante a noticia dunha situación de abuso sexual	68
3.3.1 Criterios xerais para actuar	68
3.3.1.1 escoitar	69
3.3.1.2 Rexistrar	71
3.3.1.3 Notificar	71
3.3.1.4 Apoiar	72
3.3.1.5 Documentar	72
3.4 Principais actuacións	73
3.4.1 O comezo do proceso	76
3.4.1.1 Actuación coa persoa acusada	77
3.4.2 Outros elementos que se terán en conta	77
3.4.3 Prazos	78
4. DIFUSIÓN	80
4.1. Difusión interna	81
4.2. Difusión externa	81
5. EVALUACIÓN	83
5.1. En cada obra	84
5.2. Na Provincia de España da Compañía de Xesús	84
ANEXOS	85
Anexo 1. Mitos e realidades	86
Anexo 2. Boas prácticas para o Buen Trato	88
Anexo 3. Uso de imaxes e TIC	90
Anexo 4. Aplicación ó sector Educsi	92
Anexo 5. Como elaborar Mapas de Risco	102
Anexo 6. Indicadores para axudar a detectar posíbeis situacións de abuso	114
Anexo 7. Orientacións a ter en conta nas entrevistas cos MAV	115
Anexo 8. Aspectos a ter en conta en relación coa Protección de Datos (LOPD)	116
Anexo 9. Reflexións sobre as vítimas secundarias	117
Anexo 10. Glosario	120
Anexo 11. Compromiso do coñecemento e adhesión ó Sistema de Entorno Seguro ...	124
Anexo 12. Obras pertencentes ou asociadas á Provincia de España da Compañía de Xesús que realizan actividades con menores e adultos en situación de vulnerabilidade.	125
Anexo 13. Normativa de referencia	130
Anexo 14. Bibliografía, documentos e materiais de interese	131
Anexo 15. Cartel	134

PRESENTACIÓN

Nos últimos anos empezamos a tomar conciencia máis claramente dunha realidade que non se quixo ver. Pero a realidade abriuse camiño e impúxose abrir os ollos e facerse cargo das consecuencias dunha dor que afecta non só as vítimas, centro da nosa atención, senón tamén os seus entornos. Tanto o Papa Francisco como o Pai Xeral e mailo Pai Provincial motivaron/urxiron a reaccionar máis contundentemente ante esta realidade e a enfrontala con responsabilidade. Por iso a Compañía de Xesús en España decidiu abordar moito máis seria e profundamente a delicada e dura realidade dos abusos ós menores e ás persoas en situación de vulnerabilidade, dentro de tódalas súas obras, centros e actividades educativas, pastorais ou sociais.

Dentro destas actuacións que se están a levar a cabo na Provincia está a creación dun Sistema de Entorno Seguro. Por que este nome? É certo que o que incitou máis proactivamente estas medidas que se están a tomar son todas esas situacións de abusos que foron saíndo á luz nas últimas décadas e que puxeron de manifesto un desentendemento social e cultural, dentro e fóra da Igrexa, verbo da protección daqueles que están en situación de desamparo ou vulnerabilidade. Pero, afortunadamente, dende esta dor colectiva e dende as profundas feridas das vítimas temos a oportunidade de facer visíbel o que non podemos seguir permitindo e a opor-

tunidade tamén de cambiar a nosa cultura, as nosas actitudes, as nosas actuacións e acadar que estas condutas dolorosas deixen de existir no noso entorno. De aí que queiramos crear un sistema que non sexa reactivo, senón proactivo, que facilite e potencie a cultura do Bo Trato, que garanta relacións e ambientes seguros. Por iso queremos que este Manual que tes nas túas mans sexa unha ferramenta facilitadora dese cambio de cultura e che axude a ter máis claro como desde as túas propias actuacións podes colaborar a evitar condutas non desexadas e crear ese entorno seguro que todos queremos en calquera obra, centro ou actividade da Compañía de Xesús en España. Pero incluso nos gustaría que este manual, xunto co resto de medidas que se están a tomar en relación con este Sistema de Entorno Seguro, poida colaborar a que vaiamos influíndo/colaborando co resto da Igrexa e na sociedade que nos rodea, para sermos verdadeiros evanxelizadores e levarmos a mensaxe e maila nosa misión como seguidores de Xesús alén das nosas propias obras, construíndo así ese reino de amor arredor noso.

Como podes ver, o compromiso e maila aposta institucional son moi sólidos, mais tamén serían insuficientes sen a túa axuda e colaboración. Para ler este documento precisamos por iso que a túa actitude sexa a de querer construír eses entornos seguros en calquera actividade que realices. Non che pedimos que o leas

simplemente para ter información sobre como actuar; pedímosche que utilices este material asumindo un compromiso na aplicación de todo o que no mesmo se suxire, poñendo non só interese senón unha verdadeira intención de

formar parte deste Sistema que posibilitará, grazas ó que ti poñas de ti mesmo, que as persoas do teu entorno se sintan realmente seguras para se poderen desenvolver en plenitude. Grazas por colaborares en construír Entornos Seguros.



ANTES DE COMENZAR UNHAS PALABRAS DE ADVERTENCIA: SENSIBILIDADE

Abordar o tema do abuso sexual e da súa prevención en calquera organización pode ser retador e é importante facelo sen crear unha atmosfera de desconfianza e pánico. O persoal da organización pode sentirse ameazado polo tema do abuso ou pensar que non é relevante para o seu traballo. A sensibilidade nas discusións sobre a protección dos menores e adultos en situación de vulnerabilidade é esencial, pois os participantes (adultos e menores) poden ter sufrido experiencias persoais de abuso que lles poderían causar angustia. É importante distinguir entre os diferentes tipos de experiencias da xente en relación cos temas de protección. Por exemplo, algunhas persoas na organización poden ter padecido experiencias persoais de abuso nas súas vidas que deben ser tratadas con moita sensibilidade. En calquera caso, por outro lado, hai persoas que puideron ter experimentar o abuso por un terceiro nunha organización (por exemplo, eles foron testemuñas dun incidente de abuso ou tiveron que tratar cunha acusación mentres estaban nunha posición de dirección, etc.) que podería ser útil para vindeiras discusións e leccións de aprendizaxe.

Esteamos atentos a todo o que isto nos xera. Deixémonos "afectar" para podermos abordar este asunto con determinación e sen medo, pero con sensibilidade e prudencia.



0
**COMPROMISO
INSTITUCIONAL**



SANTA SEDE

CARTA DO SANTO PADRE FRANCISCO Ó POBO DE DEUS

«Se un membro sofre, todos sofren con el» (1 Co 12,26). Estas palabras de san Pablo resoan con forza no meu corazón ó constatar unha vez máis o sufrimento vivido por moitos menores a causa de abusos sexuais, de poder e de conciencia cometidos por un notábel número de clérigos e persoas consagradas. Un crime que xera fondas feridas de dor e impotencia; en primeiro lugar, nas vítimas, mais tamén nos seus familiares e en toda a comunidade, sexan crentes ou non crentes. Ollando cara ó pasado endexamais abundará o que se faga para pedir perdón e buscar reparar o dano causado. Ollando cara ó futuro endexamais será pouco todo o que se faga para xerar unha cultura capaz de evitar que estas situacións non só non se repitan, senón que non atopen espazos para seren encubertas e perpetuarse. A dor das vítimas e das súas familias é tamén a nosa dor. Por iso urxe reafirmar unha vez máis o noso compromiso para garantir a protección dos menores e dos adultos en situación de vulnerabilidade.

1. *Se un membro sofre*

Nos últimos días deuse a coñecer un informe onde se detalla o vivido por alomenos mil sobreviventes, vítimas do abuso sexual, de poder e de conciencia en mans de sacerdotes durante aproximadamente setenta anos. Aínda que se poida dicir que a maioría dos casos corresponden ó pasado, porén, co correr do tempo temos coñecido a dor de moitas das

vítimas e constatamos que as feridas nunca desaparecen e obrígnanos a condenar con forza estas atrocidades, así como a unir esforzos para erradicar esta cultura de morte; as feridas “nunca prescriben”. A dor destas vítimas é un xemido que clama ó ceo, que chega á alma e que durante moito tempo foi ignorado, calado ou silenciado. Mais o seu berro foi máis forte ca tódalas medidas que o intentaron acalar ou, incluso, que pretenderon resolvelo con decisións que aumentaron a gravidade caendo na complicidade. Clamor que o Señor escoitou demostrándonos, unha vez máis, de que parte quere estar. O cántico de María non se equivoca e segue a nos falar ó longo da historia porque o Señor se lembra da promesa que fixo ós nosos pais: «Esparexe os soberbios de corazón, derruba do trono os poderosos e enaltece os humildes, enche de bens os fementos e despiñe de baleiros os ricos» (Lc 1,51-53), e sentimos vergonza cando constatamos que o noso estilo de vida desmentiu e desminte o que recitamos coa nosa voz.

Con vergonza e arrepentimento, como comunidade eclesial, asumimos que non soubemos estar onde tiñamos que estar, que non actuamos a tempo recoñecendo a magnitude e a gravidade do dano que se estaba a causar en tantas vidas. Temos descoidado e abandonado os pequenos. Fago miñas as palabras do entón cardeal Ratzinger cando, no *Vía Crucis* escrito para o Venres Santo do 2005, se uniu ó berro de dor de tantas vítimas e, clamando, dicía: «Canta sucidade na Igrexa e entre os que, polo seu sacerdocio,

deberían estar completamente entregados a el! Canta soberbia, canta autosuficiencia! [...] A traición dos discípulos, a recepción indigna do seu Corpo e do seu Sangue, é certamente a meirande dor do Redentor, o que lle traspasa o corazón. Non nos queda máis ca berrarlle dende o fondo da alma: *Kyrie, eleison* – Señor, sálvanos (cf. Mt 8,25)» (Novena Estación).

2. Todos sofren con el

A magnitude e gravidade dos acontecementos esixe asumir este feito de maneira global e comunitaria. Se ben é importante e necesario en todo camiño de conversión tomar coñecemento do ocorrido, isto en si mesmo non basta. Hoxe vémonos desafiados como Pobo de Deus a asumirmos a dor dos nosos irmáns vulnerados na súa carne e no seu espírito. Se no pasado a omisión puido converterse nunha forma de resposta, hoxe queremos que a solidariedade entendida no seu sentido máis fondo e desafiante se converta no noso xeito de facer a historia presente e futura, nun ámbito onde os conflitos, as tensións e especialmente as vítimas de todo tipo de abuso poidan atopar unha man tendida que as protexa e rescate da súa dor (cf. Exhort. ap. *Evangelii gaudium*, 228). Tal solidariedade esixe, pola súa parte, denunciar todo aquilo que poña en perigo a integridade de calquera persoa. Solidariedade que reclama loitar contra todo tipo de corrupción, especialmente a espiritual, «porque se trata dunha cegueira cómoda e autosuficiente onde todo remata parecendo lícito: o engano, a calumnia, o egoísmo e tantas formas sutís de autorreferencialidade, xa que “o mesmo Satanás se disfraza de anxo de luz (2 Co 11,14)”» (Exhort. ap. *Gaudete et exsulta-*

te, 165). A chamada de san Paulo a sufrir co que sofre é o mellor antídoto contra calquera intento de continuar a reproducir entre nós as palabras de Caín: «Son eu o gardián de meu irmán?» (Gn 4,9).

Son consciente do esforzo e do traballo que se realiza en distintas partes do mundo para garantir e xerar as mediacións necesarias que dean seguridade e protexan a integridade de nenos e de adultos en estado de vulnerabilidade, así como da realización da “tolerancia cero” e dos modos de render contas por parte de todos aqueles que realicen ou encubran estes delitos. Demorámonos en aplicar estas accións e sancións tan necesarias, mais confío en que axudarán a garantir unha meirande cultura do coidado no presente e no futuro.

Conxuntamente con eses esforzos, é necesario que cada un dos bautizados se sinta involucrado na transformación eclesial e social que tanto necesitamos. Tal transformación esixe a conversión persoal e comunitaria e lévanos a ollar na mesma dirección có Señor. Así lle gustaba dicir a san Xoán Paulo II: «Se verdadeiramente partimos da contemplación de Cristo, temos que sabelo descubrir sobre todo na faciana daqueles cos que el mesmo quixo identificarse» (Carta ap. *Novo millennio ineunte*, 49). Aprender a ollarmos onde o Señor olla, a estarmos onde o Señor quere que esteamos, a converter o corazón ante a súa presenza. Para isto axudará a oración e maila penitencia. Convido a todo o santo Pobo fiel de Deus ó *exercicio penitencial da oración e do xaxún* seguindo o mandato do Señor[1], que esperte a nosa conciencia, a nosa solidariedade e compromiso cunha cultura do coidado e do “nunca máis” a todo tipo e forma de abuso.



É imposíbel imaxinar unha conversión da acción eclesial sen a participación activa de tódolos integrantes do Pobo de Deus. Aínda máis, cada vez que temos intentado suplantar, acalar, ignorar, reducir a pequenas elites o Pobo de Deus construímos comunidades, plans, acentuacións teolóxicas, espiritualidades e estruturas sen raíces, sen memoria, sen rostro, sen corpo, en definitiva, sen vida[2]. Isto amósase con claridade nunha maneira anómala de entender a autoridade na Igrexa —tan común en moitas comunidades nas que se deron as condutas de abuso sexual, de poder e de conciencia— como é o clericalismo, esa actitude que «non só anula a personalidade dos cristiáns, senón que ten unha tendencia a diminuír e desvalorizar a graza bautismal que o Espírito Santo puxo no corazón da nosa xente»[3]. O clericalismo, favorecido sexa polos propios sacerdotes ou polos laicos, xera unha escisión no corpo eclesial que beneficia e axuda a perpetuar moitos dos males que hoxe denunciámos. Dicar non ó abuso é dicir enerxicamente non a calquera forma de clericalismo.

Sempre é bo lembrar que o Señor, «na historia da salvación, salvou un pobo. Non existe identidade plena sen pertenza a un pobo. Ninguén se salva só, como individuo illado, senón que Deus nos atrae tendo en conta a complexa trama de relacións interpersoais que se establecen na comunidade humana: Deus quixo entrar nunha dinámica popular, na dinámica dun pobo» (Exhort. ap. *Gaudete et exsultate*, 6). Polo tanto, a única maneira que temos para respondermos a este mal que vén cobrando tantas vidas é vivilo como unha tarefa que nos involucra e compete a todos como Pobo de Deus. Esta conciencia de sentírmonos parte dun pobo e dunha historia común fará posíbel que recoñezamos os nosos pecados e erros

do pasado cunha apertura penitencial capaz de se deixar renovar dende dentro. Todo o que se realice para erradicar a cultura do abuso das nosas comunidades sen unha participación activa de tódolos membros da Igrexa non acadará xerar as dinámicas necesarias para unha sa e realista transformación. A dimensión penitencial do xaxún e da oración axudaranos como Pobo de Deus a poñérmonos diante do Señor e dos nosos irmáns feridos como pecadores que imploran o perdón e a graza da vergonza e da conversión e así elaborarmos accións que xeren dinamismos en sintonía co Evanxeo. Porque «cada vez que intentamos volver á fonte e recuperar a frescura do Evanxeo xorden novos camiños, métodos creativos, outras formas de expresión, signos máis elocuentes, palabras cargadas de renovado significado para o mundo actual» (Exhort. ap. *Evangelii gaudium*, 11).

É imprescindíbel que como Igrexa poidamos recoñecer e condenar con dor e vergonza as atrocidades cometidas por persoas consagradas, clérigos e incluso por todos aqueles que tiñan a misión de velar e coidar dos máis vulnerábeis. Pidamos perdón polos pecados propios e alleos. A conciencia de pecado axúdanos a recoñecer os erros, os delitos e as feridas xeradas no pasado e permítenos abrírnos e comprometernos máis co presente nun camiño de renovada conversión.

Así mesmo, a penitencia e a oración axudaranos a sensibilizar os nosos ollos e o noso corazón ante o sufrimento alleo e a vencermos o afán de dominio e posesión que moitas veces se volve raíz destes males. Que o xaxún e maila oración esperten os nosos ouvidos ante a dor silenciada en nenos, mozos e discapacitados. Xaxún que nos dea fame e sede de xustiza e

impulse a camiñar na verdade apoiando tódalas mediacións xudiciais que sexan necesarias. Un xaxún que nos sacuda e nos leve a comprometermos dende a verdade e a caridade con tódalas persoas de boa vontade e coa sociedade en xeral para loitar contra calquera tipo de abuso sexual, de poder e de conciencia.

Desta forma poderemos transparentar a vocación á que fomos chamados de sermos «signo e instrumento da unión íntima con Deus e da unidade de todo o xénero humano» (Conc. Ecum. Vat. II, Const. dogm. *Lumen gentium*, 1).

«Se un membro sofre, todos sofren con el», dicíanos san Paulo. Por medio da actitude orante e penitencial poderemos entrar en sintonía persoal e comunitaria con esta exhortación para que medre entre nós o don da compaixón, da xustiza, da prevención e reparación. María soubo estar ó pé da cruz do seu Fillo. Non o fixo de calquera maneira, senón que estivo firmemente

de pé e ó seu lado. Aмосa con esta postura o seu modo de estar na vida. Cando experimentamos a desolación que nos producen estas chagas eclesiais, faranos ben con María «instar máis na oración» (S. Ignacio de Loiola, *Exercicios Espirituais*, 319), buscando medrar máis no amor e na fidelidade á Igrexa. Ela, a primeira discípula, apréndenos a tódolos discípulos como hemos de deternos ante o sufrimento do inocente, sen evasións nin pusilanimidade. Ollar María é aprender a descubirmos onde e como ten que estar o discípulo de Cristo.

Que o Espírito Santo nos dea a graza da conversión e a unción interior para podermos expresar, ante estes crimes de abuso, a nosa compunción e a nosa decisión de loitarmos con valentía.

Vaticano, 20 de agosto de 2018

Francisco



CURIA GENERALIZIA

COMPARTIR O SUFRIMIENTO DAS VÍCTIMAS DE ABUSOS E IMPULSAR UNHA CULTURA DA PROTECCIÓN

A TODA A COMPAÑIA, COMPAÑEIROS Y COMPAÑEIRAS NA MISIÓN

Queridos amigos:

O papa Francisco dirixiuse a todo o Pobo de Deus, en cuxa misión somos colaboradores, convidándoo a compartir o sufrimento de tantos menores e persoas vulnerábeis, vítimas de abusos sexuais, de poder e de conciencia, cometidos por un notábel número de clérigos e persoas consagradas, entre as que se contan tamén – recoñecémolo con dor e vergonza – membros da Compañía.

O contido da carta ó Pobo de Deus do papa Francisco, con data do 20 de agosto de 2018 confirma o mandato da Congregación Xeral 36 a continuar traballando, en tódolos niveis da Compañía, na promoción dunha cultura coherente de protección e seguridade dos menores e dos adultos en situación de vulnerabilidade. Ademais de confirmar o mandato, o Santo Padre, recoñecendo que sempre será pouco o que fagamos para pedir perdón, convidanos a ir máis alá do aprendido nestes anos, máis alá das políticas de “tolerancia cero”, dos protocolos de atención ós casos, dos esforzos de reparación e dos programas de prevención. Convidanos a ollar cara ó futuro e a afondar na nosa comprensión das causas das feridas causadas, a recoñecer a nosa participación ou omisión nelas e a atopar os medios para xerar cambios nas estruturas sociais que as provocan. Convidanos á conversión persoal,

comunitaria e institucional, a coidar a nosa coherencia de vida e a poñer como norte da nosa acción apostólica xerar unha cultura, dentro e fóra da Igrexa, capaz de evitar que se repitan situacións de abuso e que garanta a vida sa de tódolos seres humanos.

Como punto de partida para impulsar un proceso de cambios profundos e promover unha cultura da protección, o Papa inspírase na advertencia de Xesús: Esta clase de demoños só se pode expulsar coa oración e co xaxún (Mt 17,21). A confusión, a desilusión, a rabia, a sensación de impotencia e a desolación espiritual que esta situación está a provocar en tantos membros do Pobo de Deus e en tantas outras persoas no mundo enteiro requiren unha valente renovación da nosa fe que abra espazo ó que hoxe nos parece imposible. É preciso, xa que logo, inspirarnos na sexta regra para o discernimento de espíritos da primeira semana dos Exercicios Espirituais: moito aproveita o intenso mudarse contra a mesma desolación, así como o é instar máis na oración, meditación, en moito examinar e en alongarnos nalgún modo conveniente de facer penitencia [319]. Iniciemos este camiño con estas actitudes da primeira semana dos Exercicios nas que a oración e a penitencia nos levarán á pregunta de que podemos facer por Cristo [53], polo seu corpo ferido novamente en tantos menores e adultos vítimas dos abusos.

Fago, pois, un chamamento a toda a Compañía e ós compañeiros e compañeiras na misión a nos identificar co Pobo de Deus que quere responder ó clamor do papa Francisco. O noso modo de proceder líganos dun xeito especial ó Santo Padre para mellor servir a Igrexa. Poñamos da nosa parte todo o posíbel para colaborar a sandar esta situación da Igrexa. Lémbra-nos o Papa na súa carta: A dimensión penitencial de xaxún e oración axudaranos como Pobo de Deus a poñérmonos diante do Señor e dos nosos irmáns feridos como pecadores que imploran o perdón e a graza da vergonza e da conversión e así elaborarmos accións que xeren dinamismos en sintonía co Evanxeo.

Acollamos con apertura e creatividade o convite que se nos fai, como parte do Pobo de Deus, á pregaria e á penitencia: que o xaxún e a oración esperten os nosos ouvidos ante a dor silenciada en nenos, mozos e discapacitados. Xaxún que nos dea fame e sede de xustiza e impulse a camiñar na verdade apoiando tódalas mediacións xudiciais que sexan necesarias. Un xaxún que nos sacuda e nos leve a comprometer-nos dende a verdade e a caridade con tódalas persoas de boa vontade e coa sociedade en xeral para loitar contra calquera tipo de abuso sexual, de poder e de conciencia.

Pido ós Superiores Maiores, Superiores de Comunidades e Directores/as de Obras Apostólicas que promovan iniciativas que fagan realidade, na diversidade de situacións e contextos

nos que vivimos, este estilo orante e penitencial que abra as portas dos nosos corazóns e compromisos apostólicos a formas creativas de promover a cultura da protección dos menores e persoas vulnerábeis en tódalas súas complexas dimensións, como xa nos indicara o P. Adolfo Nicolás na súa carta do 18 de maio de 2015. Anímoos a que compartan as iniciativas e accións que se emprendan tanto dentro do corpo apostólico da Compañía coma con outros grupos do Pobo de Deus e persoas de boa vontade comprometidos en erradicar este mal. Deste xeito aprendemos uns dos outros e facemos máis eficaz o proceso de cambio cultural ó que queremos contribuír.

Por intercesión da Nosa Señora da Estrada, suplicamos ó Señor “crecida dor e vergonza” ante o sufrimento causado por tantos abusos e que nos acompañe en acadarmos un proceso real de conversión persoal e institucional e nos axude a non desmairmos no esforzo de promover unha nova cultura da vida na que todos os seres humanos atopen protección, xustiza e condicións para unha vida digna.

Cun saúdo fraterno in Cristo,

Con un saludo fraterno in Cristo,
Roma, 24 de agosto de 2018 (Orixinal: español)

Arturo Sosa, S.I.
Superior Xeral

PE 2018/200 – 23 octubre 2018

CIRCULAR 8ª: SOBRE A PROTECCIÓN E COIDADADO DE MENORES E PERSOAS VULNERÁBEIS

Queridos compañeiros e amigos e amigas no Señor:

Escribovos nesta ocasión co desexo de que fagamos aínda máis presente na nosa vida e na nosa misión un tema doloroso que a todos nos preocupa: o do sufrimento das persoas que foron vítimas de distintos tipos de abusos e, consecuentemente, o da necesaria protección e salvagarda que lles debemos ofrecer ós que servimos nas nosas obras, comunidades e apostolados.

A importancia do tema non obedece a un fenómeno mediático nin é produto dunha moda pasaxeira, nin se explica por unha persecución orquestrada; senón que me refiro a unha serie de feitos moi graves – agora coñecidos e moitos deles probados – que demandan de nós unha meirande sensibilidade e que adoptemos actitudes de meirande coidado e protección cara ós menores e persoas vulnerábeis, así como que manteñamos unha especial atención ás vítimas e ós seus familiares.

Neste senso, o Papa Francisco e mailo P. Xeral lembráronnos recentemente á Igrexa e á Compañía de Xesús a necesidade de afrontar estas situacións con determinación e desde as actitudes do Evanxeo.

O Papa Francisco, na súa carta do pasado día 20 de agosto ó Pobo de Deus, pediu que abordásemos estes dolorosos acontecementos desde a fe e coa suficiente lucidez. Fe e luci-

dez que nos impulsarán na continuación dun proceso de recoñecemento da dor das vítimas, da asunción das diferentes responsabilidades persoais, institucionais e eclesiásticas que se derivan; e de pórmonos en camiño cara á reconciliación plena á que Deus nos chama e convida. Enganariámonos, como Compañía de Xesús, se crésemos que somos inmunes a esas condutas reprobábeis ou que as nosas actividades e institucións están completamente libres das mesmas.

Pola súa parte, e apenas catro días despois da carta do Santo Padre, dirixiuse o P. Xeral a toda a Compañía de Xesús e solicitou ós Superiores Maiores, Superiores de Comunidades e Directores de Obras Apostólicas *que promovan iniciativas que fagan realidade, na diversidade de situacións e contextos nos que vivimos, este estilo orante e penitencial que abra as portas dos nosos corazóns e compromisos apostólicos a formas creativas de promover a cultura da protección dos menores e persoas vulnerábeis en tódalas súas complexas dimensións, como xa nos indicara o P. Adolfo Nicolás na súa carta do 18 de maio de 2015.*

A lectura de ámbalas dúas cartas pódenos axudar a percibirnos de forma máis fonda e nidia a gravidade do problema. Perante os casos de abusos que no noso ambiente poden emerxer, o sufrimento das vítimas e a nosa solidariedade con elas deben ser a nosa reacción máis inmediata, ó tempo que teremos que recoñecer e asumir o dano que puideramos ter inflixido a

través dalgún de nós. E, certamente, é xa innegociábel que nos dotemos de tódolos medios e instrumentos ó noso alcance que possibiliten que as nosas comunidades, obras e ministerios sexan espazos seguros e protexidos para todos, especialmente para os menores e as persoas vulnerábeis.

Se non o facemos, non seríamos compasivos coas vítimas nin responsábeis e firmes cos abusadores. Tampouco poderíamos seguir sendo testemuñas do Evanxeo a través das nosas vidas e obras, pois perderíamos toda a nosa credibilidade e provocaríamos nos que nos rodean unha desafección real.

Ata agora, a Provincia de España deu algúns pasos e adoptou determinadas medidas no ámbito da protección e coidado dos menores e persoas vulnerábeis. Elaboráronse, así, no ano 2013 tres documentos con orientacións normativas ó bo exercicio da misión: *Código de Conduta, Indicacións para o exercicio do ministerio pastoral, e Modo de proceder en relación cos menores a efectos de evitar condutas impropias*. Igualmente, dispoñemos na Provincia dun *Protocolo de intervención en casos de abusos sexuais sobre menores e persoas vulnerábeis* (estes documentos pódense consultar e descargar na ligazón: <https://jesuitas.es/es/documentos/category/10-documentos-provincia-de-espana>).

Contamos tamén para estes complexos temas coa asesoría canónica do P. Miguel Campo e coa axuda que nos presta o *Comité de Observancia* do Código de Conduta, coordinado polo P. Manuel Gallego. Levamos anos nalgúns sectores apostólicos (especialmente no sector social e mailo educativo) impartindo formación

sobre prevención e atención na protección de menores e persoas vulnerábeis. Convocáronse para os xesuítas en proceso de formación encontros e charlas sobre este particular que terán que ser integrados desde a perspectiva da nosa espiritualidade. Desde comezos do curso pasado un equipo especializado está a liderar na Provincia o deseño e a implantación nas comunidades e obras de sistemas de cumprimento normativo (*compliance*) que permitan prever a comisión de delitos e dispor de protocolos para cando estes delitos se produzan. E, finalmente, creouse na Provincia – así figurará no próximo Catálogo 2019 –, a *Comisión de protección e coidado de menores e persoas vulnerábeis* co obxectivo de reflexionar, asesorar e avaliar o camiño que percorremos.

Son consciente de que existen sensibilidades distintas sobre o que o Papa Francisco e o P. Xeral nos apremen a orar e nos urxen a pór en práctica. Porén, coido que todos recoñeceremos que os pasos dados e as iniciativas postas en marcha, aínda que non foron poucas nin insignificantes, resultan insuficientes se, como nos pedía a Congregación Xeral 36 e o P. Nicolás desde o ano 2015, o horizonte ó que nos temos que aproximar é o de vivir nunha cultura eficaz de protección e coidado de menores e persoas vulnerábeis.

Neste sentido, lembrounos o mesmo Papa Francisco que *ollando cara ó pasado endexamais será suficiente o que se faga para pedir perdón e buscar reparar o dano causado. Ollando cara ó futuro endexamais será pouco todo o que se faga para xerar unha cultura capaz de evitar que estas situacións non só non se repitan, senón que non atopen espazos para seren encubertas e se perpetuaren*.



Por outro lado, o P. Xeral, na reunión de Superiores Maiores de Europa celebrada en Barcelona o pasado mes de setembro, subliñou a importancia de profundar e aumentar a reflexión sobre a cultura da salvagarda, que inclúe tanto a escoita e axuda ás vítimas como a reconciliación e mailo perdón. Por iso, nomeou o P. John Guiney *Coordinador do proxecto de Protección e Seguridade de Menores* (Carta do P. Xeral 2018/18). O P. Guiney contará coa axuda de distintos expertos para levar a cabo a avaliación das normas e dos procedementos xerais, a elaboración dun mapa de situación actual, e o aumento da protección mediante novas liñas de conduta ética, pastoral, profesional... co fin de que as nosas obras apostólicas e comunidades sexan ámbitos seguros para todos.


Quizais, para moitos, resulte excesiva a insistencia nesta circular sobre a necesidade da protección de menores e persoas vulnerábeis, mais temos que estar preparados para responder

evanxelicamente ante as vítimas e evitar que se produzan condutas que xeran tanta dor.

Non nos guía o medo senón a certeza de que estando cos que experimentan a inxustiza estamos máis preto da dor de Deus no mundo e realizamos a misión que nos encomenda Xesucristo. "Se un membro sofre, todos sofren con el" (1 Co 12, 26). Pidámoslle a Deus con forza e con confianza que nos axude coa súa graza a realizarmos con éxito este empeño ó que nos chaman as vítimas, a Igrexa e maila Compañía de Xesús.

Unha aperta sincera e a miña oración por todos vós,

Antonio J. España Sánchez SJ
Provincial de España



**SISTEMA
DE
ENTORNO
SEGURO**

¿QUÉ É UN ENTORNO SEGURO?

- Un espazo seguro no que as persoas poden participar, desenvolverse e medrar.
- Construído desde un enfoque de dereitos e baseado en dar resposta ás necesidades reais das persoas que participan nel, asumindo a atención á diversidade en tódalas súas dimensións.
 - Onde tódalas persoas implicadas son conscientes do seu labor e compromiso coa protección real e o coidado mutuo.
 - No que se garanten os dereitos de tódalas persoas.
 - E se prevén de forma eficaz, e se detecta, notifica e actúa ante calquera situación real ou potencial que poida supoñer un risco para a integridade física, psicolóxica, emocional ou social das persoas.
- É un entorno que avalía e actualiza a análise dos riscos internos e externos e diseña medidas de prevención, erradicación, neutralización e/ou redución dos mesmos. A eficacia das medidas propostas debe ser avaliábel.
- Un espazo que aspira a ser máis ca un contexto de protección, potenciando a dignidade das persoas e fortalecéndoas a través do bo trato.
- E que asume o rol de dinamizador de estratexias de prevención baseadas na comunidade, alén dos límites de actuación da institución, implicando todo o contexto na súa misión protectora.

MISIÓN

- Contribuír de forma eficiente á protección de nenos, nenas, adolescentes e persoas en situación de vulnerabilidade de calquera modalidade de violencia;
- E promover o bo trato entre todos estes grupos de persoas.

entorno
seguro

OBXECTIVOS DO SISTEMA DE ENTORNO SEGURO

- Promover a cultura da protección e a promoción do bo trato a menores e persoas en situación de vulnerabilidade.
- Desenvolver un modelo de implementación eficaz e eficiente de sistemas de Protección Internos en calquera das obras da Compañía de Xesús na Provincia de España.
- Implicar a tódolos axentes clave, incluíndo institucións externas.
- Fortalecer o cambio na cultura da protección e bo trato.

ELEMENTOS PARA TER UN SISTEMA DE ENTORNO SEGURO

- Equipo e Coordinación
- Ferramentas e Recursos
- Formación
- Comunicación
- Difusión
- Seguimento, Avaliación e Mellora (Auditoría)
- Acreditación



A. Estructura do Sistema de Entorno Seguro

A implantación do Sistema de Entorno Seguro nas obras da Compañía de Xesús en España require establecer unha serie de funcións interrelacionadas e coordinadas polos correspondentes responsábeis e coordinadores a distintos niveis. Este sistema no que se refire a recursos humanos estará a cargo dos seguintes responsábeis:

No ámbito provincial

- **Pai Provincial.** É o responsábel máximo da Provincia de España da Compañía de Xesús e xa que logo é o responsábel máximo de pór en funcionamento o Sistema de Entorno Seguro;

- **Responsábel provincial de Entorno Seguro.** Encárgase no ámbito da provincia da xestión do Sistema de Entorno Seguro global, tanto nos aspectos de prevención como de intervención;

- **Consello de Entorno Seguro.** Será un equipo de profesionais externos á Compañía de Xesús, que dará apoio ó Provincial e ó responsábel provincial de SES en materia de protección en diversos campos coma o xurídico, canónico, teolóxico-pastoral, de seguridade, psicolóxico, etc.

- Ademais, haberá algúns grupos de apoio, como o grupo de Formación que contará con persoas especialmente preparadas e formadas, para poderen despois colaborar na formación de tódolos traballadores e voluntarios de tódalas



obras da Compañía. Vén sendo tamén de apoio un grupo interdisciplinar de persoas dentro da Compañía de Xesús, que aportan orientacións en diversos aspectos relacionados co SES (comunicación, cumprimento, administrativos ...)

No ámbito de cada obra

- **Director ou directora da obra.** Será responsable de que o Sistema de Entorno Seguro se implante e sexa operativo na súa obra;

- **Coordinador ou coordinadora de Entorno Seguro na obra.** É a persoa que en cada obra se encarga da xestión do Sistema de Entorno Seguro.

- **Grupo SES da obra.** Será o grupo de apoio ó director ou directora e ó coordinador ou coordinadora do SES da obra en materia de xestión do tema de protección e coidado (Este grupo formarase naquelas obras que polas súas dimensións ou características se decida como oportuno)

- **Subcoordinadores de Entorno Seguro.** Nas institucións que teñan moitos traballadores e/ou voluntarios (por exemplo, colexios, ONG's), instalacións en distintas sedes e/ou actividades en espazos diferentes (por exemplo, campamentos), pode ser útil nomear Subcoordinadores do SES para cada un dos seus espazos, áreas funcionais (por exemplo, os directores de ciclo nos colexios) e actividades (por exemplo, un para cada campamento), que asumirán a xestión do Sistema de Entorno Seguro nos espazos ou actividades para as que foron nomeados, e servirán como persoas de referencia para a comunicación de posibles sospeitas ou comunicacións. Os Subcoordinadores do SES estarán

identificados, o mesmo ca o coordinador SES, en tódalas comunicacións.

B. O Responsábel do Sistema de Entorno Seguro (SES) da Provincia será nomeado polo Provincial e correspóndenlle as seguintes funcións:

- A implementación da xestión do SES no ámbito da provincia:

- > Asegurar en nome do goberno da provincia que o SES está en funcionamento en cada unha das obras da Compañía na Provincia;
- > Garantir a visibilidade do seu funcionamento no ámbito da provincia (páxina web institucional e outras actuacións de difusión);

- Acompañar o desenvolvemento das cuestións de protección de MAV no ámbito nacional e internacional, co obxectivo de que a Provincia teña nas súas obras os mellores coidados e prácticas.

- > A coordinación do grupo de coordinadores do SES das obras

- A coordinación da realización dun informe anual sobre o funcionamento do sistema na provincia, a partir das informacións recibidas das obras;

- A coordinación da realización de encontros anuais para compartir e avaliar cos coordinadores do SES das obras, nunha lóxica de avaliación e mellora continua;

- Asegurar a realización de formacións regulares ligadas á salvagarda (*safeguarding*) nas obras, así como a realización periódica de formación inicial para traballadores e voluntarios recentemente chegados ás obras.

- Apoio ós coordinadores do SES e acompañamento do tratamento de sospeitas e denuncias

➤ Acompañar e apoiar os responsábeis e coordinadores, no caso de que sexa necesario, no tratamento de sospeitas e denuncias nas obras, sendo obrigatoria a comunicación ó Responsábel Provincial das incidencias graves ou nas que estean involucrados xesuítas.

➤ Servir de enlace entre as obras e o Equipo de Medios de Comunicación da Provincia, en caso de que sexa necesaria unha axuda para cuestións de comunicación interna ou externa;

➤ Sempre que sexa necesario traballar na comunicación social, facelo conxuntamente co coordinador ou coordinadora do SES e os responsábeis de comunicación da Provincia.

● Outros

➤ En caso de que sexa necesario, axudar ó Pai Provincial na resolución de situacións nas que estean involucrados xesuítas, realizando as oportunas comunicacións coas autoridades civís, os bispos locais e coa Curia Xeral en Roma.

C. O coordinador ou encargado do SES en cada obra será nomeado polo director ou directora. Cómpre que sexa unha persoa cun mínimo de experiencia na vida da institución, á que a maioría recoñeza prudencia e autoridade naturais e que teña unha relación próxima cos beneficiarios. En certas condicións (por exemplo, institucións máis pequenas) pode ter sentido que o coordinador do SES sexa o propio director. En institucións con persoal contratado en principio sería preferíbel que non fose alguén voluntario.

1. Esta persoa, chamada coordinador ou encargado segundo o sector ó que pertenza, será a persoa de REFERENCIA no centro, obra ou na actividade, para as familias, os alumnos, os traballadores ou voluntarios respecto a calquera consulta, sospeita ou información en relación con posíbeis abusos sexuais.

2. Coordinarase co superior, director ou directora do centro ou institución, ou co responsábel da actividade. Coordinarase tamén coa persoa responsábel de Entorno Seguro da Provincia. Participará na reunión de coordinación anual de tódolos encargados ou coordinadores dos distintos centros ou obras da Provincia.

3. Deberá coñecer tódolos protocolos de actuación e prevención, así como este Manual de SES.

4. Axudará a dirección nos casos que se presenten xunto co equipo que a dirección de cada centro ou obra teña organizado con carácter permanente ou para dar resposta a cada situación.

5. Poderá propoñer á dirección, ó superior ou responsábel do seu centro ou obra a formación anual no tema de Abusos e SES, en coordinación coa persoa responsábel de Entorno Seguro da Provincia e os responsábeis ou delegados de Sector da súa institución.

6. Levará un rexistro das incidencias no SES para transmitilas á persoa responsábel de Entorno Seguro da Provincia.

7. Actualizará a súa formación en relación con abusos e o SES.

Cada sector, obra, centro ou institución,



concretará máis as funcións de acordo coas características propias das actividades que se desenvolvan.

- Relación co Responsábel Provincial do SES

➤ Estabelecer contacto co responsábel Provincial sempre que sexa necesario no caso de incidencias graves, para o apoio á súa xestión e comunicación.

➤ Envío ó responsábel provincial dos informes e avaliacións anuais da institución.

➤ En unión co Responsábel Provincial e os responsábeis doutras obras, participar nos encontros anuais de avaliación e mellora do Manual SES, e a preparación de formacións que se consideren oportunas.

- Outros

➤ Sempre que se considere oportuno, asistir con frecuencia a formacións especializadas.

D. Traballadores e voluntarios

É esencial que tódolos traballadores e voluntarios das institucións, sexan habituais ou puntuais, reciban e teñan coñecemento do Manual SES, asistan á Formación Inicial e asinen o Compromiso de Coñecemento e Adhesión ó Sistema de Entorno Seguro (SES). Todos deberán participar nunha Formación Inicial e estaren dispoñíbeis para as formacións continuas organizadas pola institución. A cuestión do respecto ós MAV e mailo cumprimento do Código de Conduta no relativo ó SES deberá incluírse nas avaliacións do seu desempeño profesional.

Como é xa coñecido, é obrigatorio que tódolos traballadores e voluntarios que teñan contacto habitual con MAV *presenten á obra o certificado de ausencia de delitos sexuais* a fin de que sexa avaliada a súa idoneidade para o exercicio das funcións requiridas. É responsabilidade do director ou directora de cada institución que esta obrigatoriedade se cumpra.

a) Indicacións respecto do SES na contratación (aplicábel ó voluntariado)

- Nas entrevistas previas con candidatos preguntáraselles dalgunha maneira sobre a cuestión de abusos sexuais. Por exemplo, respecto a que farían ante unha persoa que lles di que foi ou está sendo abusada; ou se recibe mensaxes de texto por parte dun MAV. É necesario ter en conta a forma en que o candidato ou a candidata se enfronta á cuestión da protección dos MAV. Por iso é importante indagar en experiencias que lle teñan resultado difíciles de manexar con MAV.

- Ha de esixírselles, como é preceptivo por lei, o certificado de ausencia de delitos sexuais.

- Ha de esixírselles o coñecemento e a aceptación do Código de conduta para os traballadores e voluntarios das obras da Compañía de Xesús e especificamente deste manual do Sistema de Entorno Seguro.

b) Formación para o Sistema de Entorno Seguro

Formación Inicial

Sendo a protección de MAV un tema novo para a gran maioría dos responsábeis, traballadores e voluntarios das obras será esencial ter

un módulo de formación inicial sobre o Sistema de Entorno Seguro. O módulo ten unha duración prevista de sete horas para os coordinadores, encargados ou responsábeis de entorno seguro e as que se estime oportunas para o resto. Inclúe unha parte expositiva e outra de exemplos prácticos e será impartido por persoas ligadas ó Sistema de Entorno Seguro.

O obxectivo é que tódolos traballadores e voluntarios poidan participar nestas formacións. Cada obra terá unha lista dos seus traballadores e voluntarios coas formacións nas que participaron. Preténdese que cada ano haxa algunhas edicións novas da Formación Inicial, para que se poida atender aqueles que aínda

non a fixeron e mais os novos traballadores e voluntarios que se incorporan á obra.

Formación Continua

Unha vez impartida a formación inicial, irase enriquecendo o manual e a formación das persoas coa praxe que se vaia recollendo en cada obra sobre a solución dos incidentes que se vaian producindo.

Írase ó tempo vendo a necesidade de ir tratando os diversos aspectos sobre protección e coidado dende novos puntos de vista e novas necesidades xurdidas na sociedade.



RECURSOS

- Comité de cumprimento
- Prevención: Equipo de Formación
- Intervención:
Comisións de Escoita
Apoio xurídico (civil-penal) e canónico
Cartafoles de atención
Equipo de Comunicación
- Dimensión teolóxico-espiritual

FERRAMIENTAS

- Código de Conduta
- Protocolos: procedementos de actuación e guía de comportamento
- Manual d Sistema de Entorno Seguro
- Mapas de Riscos
- Plan de formación continua
- Plan de comunicación interna e externa
- Materiais de difusión e sensibilización

ÁMBITO DE APLICACIÓN

O "Por que" deste manual

Este Manual non é para o gardar nun queixón e esquecernos del. É un material que está "vivo" na medida en que apliques o que se propón nel. E, ademais, está "vivo", porque se irá revisando periodicamente para o intentar mellorar naquilo que vaíamos vendo que é necesario, xa que a nosa sociedade está

en constante cambio e teremos que irmonos adaptando ós mesmos.

Non queremos que sexa un conxunto de normas oo limitacións, senón unha referencia das mellores prácticas a levar a cabo para facilitarmos ese cambio de cultura que nos leve a garantir entornos seguros nos nosos centros, obras ou actividades.

Por iso, calquera persoa que estea relacionada con menores ou persoas en situación de vulnerabilidade, dentro de calquera centro, residencia, obra, institución ou actividade en colaboración coa Compañía de Xesús en España está convidado a introducirse nestas páxinas para converter en vida o seu contido.

O "Para que" deste manual


-Para cambiar a maneira de nos achegar ós

menores e persoas en situación de vulnerabilidade que temos ó noso arredor.

-Para sentirnos parte dun Sistema que poida garantir Entornos Seguros.

-Para saber como actuar para fomentar unha cultura do Bo Trato de maneira precisa e clara.

-Para evitar ou minimizar todo o posíbel as terribes consecuencias ás que certas actitudes someteron moitísimas persoas.



Un servizo transparente e de calidade

Un dos obxectivos que ten este Sistema de Entorno Seguro é o de facilitar a total transparencia en todas e cada unha das actuacións que se leven a cabo en calquera centro, obra ou actividade dentro da Compañía de Xesús en España. Para iso, o manual serve de guía que pode orientar como acadar esa transparencia.

Pero este no é o único obxectivo, pois o que se pretende tamén é asegurar esa cali-

dade nos nosos entornos, que fagan deles lugares seguros nos que o Bo trato sexa esa garantía de calidade.

Para asegurarnos que todo isto sexa así, comprometémonos a dúas medidas: conseguir a acreditación como Entornos Seguros; e, como consecuencia dunha constante avaliación interna, estar dispostos a someternos a unha Auditoría externa no ano 2022.



SENSIBILIZARNOS

SENSIBILIZARNOS, O PRIMERO

Por que é tan importante a sensibilización?

Entendemos por sensibilización o proceso de aumento da resposta a un estímulo pola mera presentación deste. É dicir, chegar a un estado de activación cada vez maior ó recibir un tipo de estímulo.

Por iso antes de falar de previr ou actuar é necesario ter conciencia da materia. Neste caso con máis razón, dado que falamos de procesos e percepcións que sen sensibilización dificilmente serán comprensíbeis.


Para iso, recóllense testemuños que nos introducirán en vivencias persoais de aproximación ás percepcións da vítima.

EXTRACTOS DALGÚNS TESTEMUÑOS QUE SE PRESENTARON NO VATICANO NLA REUNIÓ N QUE CONVOCOU O PAPA PARA TÓDOLOS RESPONSÁBEIS DA IGREXA CATÓLICA EN TODO O MUNDO, EN FEBREIRO DE 2019

Para unha persoa como católico, o máis difícil é poder falar sobre o abuso sexual, mais unha vez que un se atreve a ir contar, no noso caso por exemplo eu, o primeiro que pensei é: vou ir á Santa Nai Igrexa, onde me van oír e me van respectar. O primeiro que fixeron foi tratarme de mentireiro, darme as costas e dicir que eu e outros eramos inimigos da Igrexa.

Eu sei que están alí a falar sobre como rematar e como empezar de novo e como reparar todo este dano. Primeiro, perdóns falsos, perdóns obrigados xa non funcionan. As vítimas hai que crelas, respectalas, coidalas e reparalas. Hai que reparar as vítimas, hai que estar con elas, hai que crelas, hai que acompañalas. Vostedes son os doutores das almas e porén, con excepcións, convertéronse nalgúns casos nos asasinados das almas, nos asasinados da fe. Que contradición máis espantosa! Eu preguntome que estará a pensar Xesús, que estará a pensar María, cando ve os seus propios pastores ser os que traizoan as ovellas. Eu píddolles por favor que colaboren coa xustiza, que teñan especial coidado coas vítimas.

Estamos a ver cada día a punta do iceberg. Cando a Igrexa quixo que se diga que isto xa rematou, seguen a saír casos. Por que? Porque se tratan como cando un ve un cancro. Un ten que tratar o cancro enteiro; non sacar o tumor. Hai que facer quimioterapia, radioterapia, tratamentos. Non é extirpar o tumor e xa listo. Píddolles que oían o que o Santo Padre quere facer. Non asentir coa cabeza e despois facer



outra cosa. O único que lles pido –e píddollo ó Espírito Santo- é que os axude a restabelecer a confianza na Igrexa, que os que non queiran oír o Espírito Santo e os que queiran seguir encubrindo que se vaian da Igrexa para deixar paso a outros. Que si queremos unha Igrexa nova, unha Igrexa renovada e unha Igrexa absolutamente libre de abusos sexuais.



Desde que tiña quince anos mantiña relacións sexuais cun sacerdote. Isto durou trece anos seguidos. Estiven embarazada tres veces; el fíxome abortar tres veces. Simplemente porque el non quería un preservativo nin un método anti-conceptivo. Ó principio tiña tanta confianza nel que non sabía que podía abusar de min. Tiña medo del. E cada vez que me negaba a ter relacións con el pegábame. Golpeábame.

E como eu dependía totalmente del economicamente, sufrín tódalas súas humillacións. E tiñamos estas relacións tanto na súa casa da vila coma no centro diocesano de acollida. E nesa relación non tiña eu dereito a ter un noivo. Cada vez que o tiña e que el o sabía, golpeábame. E esa era a condición para que el puidera axudarme economicamente. El dábame todo o que eu quería cando eu aceptaba as relacións sexuais. Do contrario, golpeábame.



Teño 53 anos, son un sacerdote relixioso. Este ano é o 25º aniversario da miña ordenación. Estou agradecido a Deus. Que me feriu? Feriume coñecer un sacerdote. Cando era adolescente, despois da conversión, ía onda o sacerdote para que me ensinara a ler as Escrituras durante a Misa, e el tocaba as miñas partes íntimas. Pasei unha noite na súa cama. Isto feríume profundamente. A outra cousa que me feriu foi o bispo a quen, despois de moitos anos como adulto, lle falei do que pasara. Fun con el xunto co meu provincial.

Primeiro escribinlle unha carta ó bispo, seis meses despois dunha entrevista co sacerdote. O bispo non me respondeu e despois de seis meses escribín ó nuncio. O nuncio reaccionou mostrando comprensión. Encontreime entón co bispo e atacoume sen tratar de me entender, e iso feríume. Por un lado, o sacerdote e por outro este bispo que... Que sinto? Síntome mal, porque nin ese sacerdote nin o bispo responderon a miña carta, e xa pasaron oito anos e tampouco el respondeu. Que me gustaría dicir ós bispos? Que escoiten estas persoas, que aprendan a escoitar as persoas que falan. Eu quería que alguén me escoitara, que se soubera quen é ese home, ese sacerdote e o que fai.

Perdoo de todo corazón ese sacerdote e o bispo. Dou grazas a Deus pola Igrexa, estou agradecido de estar na Igrexa. Teño moitos amigos sacerdotes que me axudaron.





Fun acosado sexualmente durante moito tempo, máis de cen veces, e este acoso sexual creoume traumas e recordos ó longo da miña vida. É difícil vivir a vida, é difícil estar con xente, conectarse coa xente. Carguei con esta actitude na miña familia, cos meus amigos e incluso con Deus.

Comezaba a ser quen de distinguir entre o error e o horror, de saber que o ocorrido non era unha relación inadecuada senón

unha relación de abuso, de entender que o que me atormentaba non eran falsos escrúpulos, senón o noxo provocado por quen maltrataba o meu corpo para posuírme. O recordo da violencia coa que coaccionaba, da chantaxe emocional á que me sometía, da sutileza coa que me premía, do suxerinte ton de voz que empregaba, do desprezo co que me pagaba cando me resistía, da súa agresividade e do risco que lle gustaba correr sen medo a ser descuberto convencíanme da necesidade de contar todo o ocorrido." (do libro *Víctimas de la Iglesia: relato de un camino de sanación*)



EXTRACTOS DALGÚNS TESTEMUÑOS DOUTRAS VÍTIMAS DE ABUSOS NO ÁMBITO FAMILIAR



Eu, que sufrín abusos intrafamiliares dende os 5 anos ata os 17, comecei a superalo cando puiden facer humor diso». **Vicki Bernadet** lanzouse a falar sobre o seu drama persoal ós 34 anos, mais o que atopou foi eco. «Enfádeime moito porque non existía comprensión ós abusos e sentía unha soidade tremenda. Un psicólogo invitoume a mirar adiante, pero... como se fai se non superaches o anterior?». **“Detente e mira os ollos dun neno**, como mira o adulto, non quere fallarlle a esa persoa que lle dixo que é o seu favorito, que lle vai facer cousas que non fixo con ninguén máis. O neno quere sentirse especial».

Pasado un tempo, «como eu o fixen ós 9 anos ata os 17 anos, dáste conta de que iso que te levan a facer non che gusta, mais non sabes como dicilo».



Sei que non tiña máis de tres ou catro anos. E o mundo ós meus pés. Era o único fillo duns pais medio raros, cuxa relación amorosa ía e viña coma o vento. Ás veces xuntos, ás veces separados. Meu pai vivindo en casa por épocas...

Durante os períodos en que miña nai estaba soa, sen meu pai, instalabámonos na casa dos meus avós. Eles vivían no campo. Lémbroo coma un lugar marabilloso, onde podía andar ó meu gusto e onde o máis simple se tornaba máxico.

Emporiso houbo sempre algo, aínda que fose moi no fondo e pese á maxia toda do lugar, que me dicía que algo non estivera ben. Medrei coa firme convicción de que había algo escuro dentro de min, coa seguridade de que un monstro se agachaba nas miñas entrañas.

Lembro o meu avó coma un home de costumes sinxelas, policía de profesión e querido e respectado polos seus veciños. Lémbreme todos como o seu neto preferido... a pesar de ter moitos. Só de grande descubrí en que medida fun preferido para el.

Durante toda a vida me sentín diferente, incomprendido... Toda a vida acompañado por esa inexplicábel necesidade de finxir ser outro. Sempre coa idea omnipresente de que ó me amosar «tal cal era» a xente fuxiría aterrada. Así me fun perdendo na miña propia maraña, entregado a esta compulsión de agradar, de dicir a todo que si, de me amosar gracioso, amigábel e submisos. E por dentro a podremia continuaba a gañarme a alma. E as noites en vela, e as ganas de nada... A plenitude non estaba feita á miña medida; diso estaba seguro. Por que? Simplemente porque estaba sucio,



porque era inservíbel, porque era un fracasado. A pesar de ter sido un excelente alumno, a pesar de non ter problemas aparentes para me relacionar cos demais... a pesar diso, toda a miña vida sentín o fracaso ou a frustración como algo cotián. Finxía ser feliz, imponente, glorioso, inmutábel.

De feito cheguei a ser un tipo moi popular en tódolos ámbitos da miña vida. Todos querían ser amigos meus, todos querían estar preto de min. Todos me querían... Todos me querían? Non. Definitivamente non. Todos querían un Marcelo de cartón, unha caricatura, unha imaxe que eu proxectaba para agachar algo de min que nin sequera sabía que era. Mais por dentro o monstro era máis contundente. A apatía gañábame a alma e íase comendo

cada vez máis as miñas fibras máis íntimas. O peor que acado recordar eran as noites. Deus... canto medo lle tiña ás noites e á soidade! Aí aparecía o Marcelo real. As crises de angustia, o odio cara a min mesmo... porque estou seguro de que era odio. Odiábame. Evitaba os espellos para no ter que me recoñecer neles. Fíxense que cheguei ó punto de tapar cunha cinta autoadhesiva o espello á altura dos ollos cando ía afeitarme, porque non resistía a miña propia mirada.

Sentíame tan só, tan á deriva, tan culpábel... e outra vez o interrogante. Culpable de que? De que!? Case por casualidade (aínda que as casualidades non existen) empecei a ir a terapia. Case sen querer empecei a recoñecer cales eran os meus medos, as miñas dores, as miñas partes máis escuras, as miñas culpas máis ancestrais... E xurdiu de golpe unha imaxe e o terror! Lembro esa sesión coma se fora hoxe. Falando de calquera outra cousa (aínda que sabemos que nun contexto de terapia non existe o "calquera outra cousa") apareceu na miña mente unha man, moi vívida. Unha man que se acercaba e que me ía facer dano. Unha man á que eu lle podía ver as unllas recentemente cortadas, á que eu lle podía ver cada un dos pregos da súa palma... E non quixen lembrar máis. O terror apoderouse de min e tiveron que medicarme...

Por un tempo no quixen nin pensar nesa man. Non quería recordar máis. Non quería... pero entón empezou a aparecer nos meus pesadelos. E peor, empezou a aparecer acompañada de outras sensacións que lo facían máis real.

O olor dos eucaliptos... o ruído dun camión en marcha.... no podía apartar esa man do meu pensamento aínda que quixera. Non podía facer coma se non existira... sentía que ía volverme



tolo. De remate. Definitivamente tolo. Mais non. Foi outra vez en terapia onde tiven que empezar unha vez máis a falar desa man que aparecía todo o tempo na miña cabeza, e tamén das sensacións que a acompañaban. Esa vez, en terapia, souben que eu fora abusado sexualmente. Esa vez adquirín plena conciencia do horror. Quen? Como? Cando? E sobre todo... por que?

Aínda tardei un tempo en desenmascarar a identidade do meu agresor. A miña mente defendíao contra vento e marea; non quería deixalo espido ante a miña ollada adulta. Non quería descubrir que unha das persoas na que eu máis confiaba era a que máis dano me fixera en toda a miña vida. Mais foi así. Pouco despois fun recoñecendo esa man, e o recendo a eucalipto do campo dos meus avós, e o camión do meu avó, e o anel na man do meu avó... Que difícil describir a infinita tristura que me encolleu a alma cando por fin deixei ó descuberto



o meu abusador... que desilusión, que decepción tan grande a que esgazou o meu corazón. Non lembro moito máis ca esa man. Non teño conciencia real de que foi o que me fixo. Nin o tempo que durou. Só que empezou ós tres anos, aproximadamente, e que rematou ós oito. É tan difícil empezar a aceptar que a persoa que ten que te coidar é a mesma que, para satisfacer a súa perversión, te usa e te condena a unha vida de sufrimento. É tan difícil de entender que a culpa non é túa... E téndelo que repetir unha e outra vez. A culpa non é túa, non é túa... e por máis que o intentas, por dentro, sentes que toda a culpa recae no teu peito.

É tan difícil querer-se a un mesmo... aceptarse... Como ía quererme cando estaba "demostrado" que non merecía o agarimo de ninguén. É tan difícil sentir que o futuro pode ser diferente. É tan difícil entender que outra vida é posíbel, que pode

haber un destino alternativo, un horizonte propio. É tan difícil entender que a túa vida non está arruinada sen remedio. Entender que está nas túas mans cambiar o rumbo, barallar e dar de novo. É demasiada dor. Demasiada. É demasiada tristura amoreada. Demasiados anos de silencio e soidade. Son demasiados medos os que guiaron a miña vida. Demasiadas culpas alleas. Demasiado horror. Hasta que decides que non é demasiado. Ata que por unha razón de pura supervivencia volves intentar poñerte de pé. E as cousas aparecen máis claras, o panorama máis aberto. E aquí estou. Entre vostedes. Con esta historia ás costas, con esta dor ás costas.

E con toda unha vida que me espera. E con toda a esperanza que nunca tiven. Porque o medo non é xa o meu guieiro. Porque tomei o temón desta embarcación para converterme no meu propio capitán, tripulante e pasaxeiro.



Teño 32 anos. Traballo de enfermeira nun hospital. **Sufrín durante a miña infancia abusos sexuais que me causaron unha ferida moi fonda** e dificultaron o meu desenvolvemento como persoa. Foron vivencias moi traumáticas. Dende os 9 anos e medio ata pouco

máis dos 12, **o compañeiro da miña nai abusou de min**. Este fontaneiro chegou á miña casa tralo pasamento de meu pai, que morreu mozo deixando a miña nai soa con 6 fillos. **El soubo como gañarse a nosa confianza**. Amosábase interesado na miña nai, mais no fondo o seu

interese eramos eu e as miñas irmás. **Foise facendo insubstituíbel e colleu o seu lugar na familia.**

Normalmente ocorría así. A miña nai deitábanos desexándonos boas noites e **entón el viña e facía como un ritual: entraba na habitación cando eu estaba na cama**, poñíame a man debaixo do camisón e nas costas e facíame como cóxegas e unha masaxe nas costas, algo que a tódolos nenos adoita encantarlles.

Despois comezaba a tocarnos. Cada noite era o mesmo. **Hai cousas que pasaban neste tempo que me acordan moi ben. Outras non tanto; son como unha bruma.** Teño recordos borrosos do que el me facía e do que me facía facerlle a el. Seméllame tan alucinante que a veces no podo crelo, **incluso dubido de se verdadeiramente chegou a pasar todo aquilo.**

Entre as atencións e agarimos que me prodigaba estaba incluído o feito de me bañar. Encantáballe facelo, supoño que para se quedar só comigo. Cando remataba, sacábame da bañeira, envolvíame na toalla con moito agarimo e levábame en brazos á cama.

Daqueles momentos véñenme á cabeza recordos moi borrosos e **sospeito que nalgunha destas ocasións incluso se meteu na bañeira**

comigo e me violou. Tivo que ser un día que estabamos sós en casa. **Este é un recordo único xunto con outro que ocorreu no soto.** Tódolos outros recordos que teño son de el me tocar.

Sentíame moi confusa, emocionalmente inestábel e **non entendía nada nin do seu comportamento mentres duraba o abuso nin de despois.** El facíame todo aquilo de noite, mentres que de día parecíamos unha familia normal que seguía unha educación idealista. **Era coma se existiran dúas vidas: unha na escuridade e outra á luz do Sol.**

El manipulábame para me **facer sentir pouco a pouco cómplice del.** Desta forma gardabamos **“o noso segredo”.** Ninguén máis, só el e mais eu o sabiamos.

Eu intentaba borrar aquilo que ocorría para poder ser normal no día seguinte. Sempre facía un grande esforzo para que non se me notara nada. Era boa estudante e a escola dábaseme ben. Tras dous anos de visitas bastante regulares á miña habitación –viña case cada noite–, **de súpeto deixou de vir e de se interesar por min.** Foi xusto cando empecei a entrar na puberdade. Iso confundíame e deixóume nun estado psicolóxico moi abatido.

Hai unha parte de min que queredo que estes recordos non fosen verdade. **Antes non era consciente deles. Foron tan violentos e traumáticos que os borrei.** Anos despois dos abusos **empecei a sufrir insomnio;** de feito nunca durmira moi ben nin de nena nin na miña xuventude.





Cando empecei a ter relacións sexuais con xente moza, **o feito de entrar en contacto co home e a sexualidade fixo que conectara con esa sombra** e con esa ferida enorme. **Empecei a ter un comportamento destrutivo** contra min e contra a miña vida. Tomaba drogas que me fixeron desconectar máis de min.


Mais o peor do abuso é o sentimento de culpa que che queda: sentíame sucia, dábame noxo o meu corpo, rexeitábao todo. E así era doado que en moitas situacións da miña vida acabase sendo a culpábel. **Non me valoraba e non se me valoraba.** Isto marcou moitas situacións na miña vida. Tamén experimentei a miúdo o **sentimento de non ser vista.**

Axudoume moito ollar, sentir e ordenar o ocorrido, e tamén poñer cada cousa no seu lugar e **dar a cada un a responsabilidade que lle tocaba:** a que lle corresponde á miña nai, a que ten o home que abusou de min, a miña propia e incluso a de persoas do meu arredor, como por exemplo os profesores, que non me preguntaron nunca que me estaba a pasar.

Como ocorre cunha árbore que non recibe luz e se curva para buscala e poder sobrevivir, **o meu desenvolvemento deixara tamén de evolucionar** en liña recta para se adaptar á experiencia traumática do abuso. **Tiven que endereitar iso.**

Quedan cousas aínda por sandar respecto da miña relación cos demais. Sinto medo e non sei se son capaz de me abrir. Teño unha ferida aberta e fágome responsábel dela, mais necesito atopar unha persoa na que poida confiar, unha persoa que no se vaia correndo cando lle conte como foi a miña traumática infancia. **O meu meirande medo agora é non saberme protexer.**





**SABER
DE QUE
FALAMOS**

SABER DE QUE FALAMOS

Para poder actuar ante estas situacións, primeiro hai que saber a que nos enfrentamos e de que estamos a falar. Por iso, imos comezar por definir algúns termos e precisar algunhas categorías.

1.1 DEFINICIÓNS E EXEMPLOS DE ABUSOS SEXUAIS A MAV

1.1.1 DEFINICIÓNS

A continuación, preséntanse definicións de conceptos clave contidos neste documento. Así, en primeiro lugar, determinaremos a que poboación nos referimos coas siglas MAV. Nesta primeira edición do manual centrarémonos no abuso sexual a menores e persoas en situación de vulnerabilidade, por considerar que neste momento centrarse nesa realidade nos axudará ó cambio de cultura necesario para crear entornos seguros. Outros tipos de maltrato teñen os seus propios protocolos en vigor nos centros.

Menores ou adultos en situación de vulnerabilidade (MAV)

As siglas MAV significan “*menores ou adultos en situación de vulnerabilidade*”. Referirémonos a esta poboación por estas siglas na maioría das ocasións no manual.

Un menor é un neno, nena ou adolescente menor de 18 anos. Tamén é considerada me-

nor unha persoa que presenta discapacidades cognitivas.

O concepto de “vulnerabilidade”, referido a unha persoa adulta, defínese como a susceptibilidade de ser facilmente ferida ou danada física, mental, espiritual ou psicoloxicamente. Hai diferentes factores que inflúen en que as persoas se poidan encontrar en situacións de vulnerabilidade como a idade, a discapacidade, a falta de medios, as situacións de exclusión social ou de desigualdade, ou o risco de abuso, que fan que non poidan coidarse por si mesmas nin protexerse contra o dano ou a explotación. As persoas baixo coidados médicos ou terapéuticos tamén se inclúen no concepto de “*situación de vulnerabilidade*”, así como calquera posible confluencia de factores vitais que facilitan que a persoa poida ser manipulada, utilizada, ou abusada (dependencia física, emocional, ou económica do abusador; situación de poder por parte do abusador, desigualdade manifesta; situación de “quebra vital” da vítima, relación de “sometemento”...).

Abuso Sexual

Dentro do abuso sexual, diferéncianse as seguintes categorías:

> *Abuso sexual*. Calquera forma de interacción persoal con ou sen acceso carnal, con contacto e sen contacto físico realizado sen violencia ou intimidación e sen consentimento. Pode incluír: penetración vaginal, oral e anal, penetración dixital, caricias ou proposicións verbais explícitas.

> *Abuso sexual infantil.* Segundo a definición aportada pola *Organización Mundial da Saúde (OMS)* de 2001, "considérase abuso sexual infantil (ASI) involucrar un menor en actividades sexuais que non chega a comprender totalmente, ás que non está en condicións de dar consentimento informado, ou para as que está evolutivamente inmaturo e tampouco pode dar consentimento, ou en actividades sexuais que transgreden as leis ou as restricións sociais. O abuso sexual infantil maniféstase en actividades entre un menor e unha persoa adulta ou entre un menor e outra persoa que, pola súa idade ou polo seu desenvolvemento, se encontra en posición de responsabilidade, confianza ou poder. Estas actividades -cuxo fin é gratificar ou satisfacer as necesidades da outra persoa- abranguen, pero non se limitan a: a indución a que un MAV se involucre en calquera tipo de actividade sexual ilegal, a explotación de MAV a través da prostitución ou doutras formas de prácticas sexuais ilegais e a explotación de MAV na produción de materiais e exhibicións pornográficas".

> *Agresión sexual.* Calquera forma de contacto físico con ou sen acceso carnal con violencia ou intimidación e sen consentimento.

> *Exhibicionismo.* É unha categoría de abuso sexual sen contacto físico. Mostrar órganos ou condutas sexuais sen contacto físico.

> *Explotación sexual infantil.* Unha categoría de abuso sexual infantil na que o abusador persegue un beneficio económico e que engloba a prostitución e a pornografía infantil. Dentro de explotación sexual infantil, existen diferentes modalidades a ter en conta, xa que presentan distintas características e incidencia: tráfico

sexual infantil, turismo sexual infantil, prostitución infantil e pornografía infantil.

Como se expresa na definición, o abuso sexual de menores e adultos en situación de vulnerabilidade é un abuso a tres niveis: abuso sexual, abuso de poder e abuso de confianza.

> O *abuso sexual* dun menor consiste nunha interacción sexual entre unha persoa adulta e un menor. Porén, un adolescente tamén pode abusar dun menor (diferenza de idade de cinco anos entre vítima e abusador). Este acto de violencia sexual pode ser con ou sen contacto. Unha interacción sexual "con contacto" refírese a calquera forma de tocar como, por exemplo, palpar partes do corpo íntimas, penetración, masturbación. Unha interacción sexual "sen contacto" defínese como un abuso sen tocar o menor como por exemplo forzalo a ver pornografía, o voyeurismo ou o exhibicionismo.

> O *abuso de confianza* está relacionado co abuso sexual porque o adoitan cometer persoas que coñecen a vítima ou persoas nas que o menor ou o adulto en situación de vulnerabilidade confía. Este é un abuso que adoita darse con anterioridade ou simultaneamente co abuso sexual.

> O *abuso de poder* (Abuso por "posición dominante") dáse cando a persoa adulta abusa do seu poder para dominar o MAV ou para obter algún beneficio sexual en contra da vontade do MAV. Debemos ter en conta dous criterios a este respecto:

- *Coerción.* A persoa agresora utiliza a situación de poder ("posición dominante") que ten para interactuar sexualmente coa persoa menor ou en situación de vulnerabilidade.



- *Asimetría de idade.* O agresor é significativamente maior cá vítima, non necesariamente maior de idade. É fundamental non concibir o abuso sexual como unha cuestión unicamente concernente á sexualidade da persoa, senón coma un abuso de poder froito desa asimetría. Unha persoa ten poder sobre outra cando a obriga a realizar algo que esta non desexaba, sexa cal sexa o medio que utilice para iso: a ameaza, a forza física, a chantaxe, a manipulación... A persoa con poder está nunha situación de superioridade sobre a vítima que impide a esta usar e gozar da súa liberdade. Pero igualmente importante é entender que o "poder" non sempre vén dado pola diferenza de idade, senón por outro tipo de factores. O abuso sexual entre iguais é unha realidade á que non debemos pechar os ollos. Neste caso, a coerción prodúcese pola existencia de ameazas ou porque hai sedución, pero a diferenza de idade pode ser mínima ou inexistente. A asimetría pode estar relacionada co desenvolvemento tanto físico como madurativo, cognitivo e sexual entre vítima e persoa agresora, factores que restan autonomía e liberdade á capacidade de decidir do MAV. Aínda así, consideraríase abuso sexual.

1.1.2 ALGÚNS EXEMPLOS DE ABUSOS SEXUAIS SOBRE MAV

Exemplos de abuso sexual sen contacto poden ser:

- Obrígalos a mostrar os seus propios xenitais.

●Mostrarlles:

- Un corpo espido.
- Alguén máis masturbándose para se excitaren sexualmente.
- Material pornográfico.
- Outro MAV, nena ou adolescente sendo abusado sexualmente.
- Actos sexuais doutras persoas
- ...

Exemplos de abuso sexual con contacto poden ser:

- Tocalos, acaricialos (con ou sen roupa) ou bicalos sen consentimento.
- Penetralos pola boca (oral), a vaxina (vaxinal) ou o ano (analmente) con obxectos ou órganos sexuais do abusador.
- Tocar, estimular ou usar os seus órganos sexuais.
- Obrígalos a que toquen ou usen os órganos sexuais do abusador.
- ...

1.1.3 DATOS DE REALIDADE

Neste apartado, ademais dalgúns datos que presentaremos, facemos referencia ó Anexo 1, no que se presentan os diferentes mitos que

hai respecto dos abusos sexuais e se compararán con algúns datos da realidade, que complementarán o presentado a continuación. Centrémonos máis no abuso infantil, por ser deste do que agora mesmo se ten información máis clara, debido á variabilidade dos adultos en situación de vulnerabilidade.

O concepto de **abuso sexual infantil** (ASI) designa o uso abusivo e inxusto da sexualidade. Asume que non existe relación sexual apropiada entre un neno ou unha nena e una persoa adulta, atribuíndo a responsabilidade deste tipo de acto exclusivamente á persoa adulta.

A **persoa abusada**: Tódalas persoas consultadas coinciden en afirmar que os perfís nin son útiles nin existen. Todos e todas as menores son susceptibles de seren abusadas sen que dependa delas, de ningún trazo específico ou distintivo propio, de característica persoal algunha. Poden existir, como veremos máis adiante, determinados factores de risco que concorren no entorno da persoa menor e que poden facilitar que se produzan abusos, pero nin son determinantes -non conducen necesariamente a eles-, nin responden en ningún caso a calidades ou comportamentos privativos do individuo como tal.

A única condición persoal que se require para padecer abusos na infancia e adolescencia é simplemente ser menor e, xa que logo, encontrarse en situación de dependencia do mundo adulto. O abuso depende exclusivamente da persoa abusadora.

A **persoa abusadora**: En canto a quen perpetra o abuso, tamén hai coincidencia en afirmar que os perfís serven de pouco. O único que realmente se pode asegurar con certeza é que as persoas vitimarias son maiormente varóns nunha proporción que se chega a cifrar no 90% ou superior.

Dicir que as persoas que abusan son enfermas mentais é un tópico que non se axusta á realidade. Son por iso responsables dos seus actos, incluso naquelas ocasións nas que non se teña noción do mal que se fai, ben por inconsciencia ou ben como necesidade de autoxustificación.

Outra situación común é pensar que a persoa abusadora foi tamén vítima de abuso. Pode darse nalgúns casos, sobre todo naqueles en que se normalizou este tipo de comportamento como pauta relacional, pero nin existe vinculación determinante causa-efecto nin é pauta habitual.



1.2. O PROCESO DO ABUSO

Aínda que non hai perfís claros de abusadores nin de vítimas, si que parece que adoitan darse algúns dos pasos que indica este ciclo do abuso. A persoa (MAV), por diferentes situacións, desde ser menor e ter menos coñecemento e poder, ata encontrarse nunha situación de debilidade ou inferioridade, atópase nun momento vulnerable ou ten unhas características persoais que aínda non están maduras. Isto é algo que o abusador adoita percibir e é entón cando pon o seu foco na posible vítima. Entón dáse unha escalada de aproximación ó obxectivo. Para lograr xerar confianza, hai unha primeira **fase de sedución**, na que o abusador resulta encantador, pode mostrar a súa preferencia pola vítima, móstrase moi próximo e acoledor, envía mensaxes positivos e a vítima séntese acollida, querida e aceptada e establécese unha forte relación entre os dous, momento en que se dá a **fase de vinculación**. Estréitanse os vínculos entre vítima e abusador e pódese chegar a xerar unha **fase de dependencia emocional**, na que a confianza no abusador é total (*é o meu profesor, é o meu avó, é o meu amigo, é o meu catequista..., é unha persoa de referencia para min, que me quere e me aporta algo bo*). Poden aparecer algunhas peticións "estrañas" ou ambiguas que xeran confusión

e descolocan a vítima, pero que veñen desa persoa na que confías. Estas primeiras fases poden levar un tempo ou poden darse de maneira moi rápida. Pero é neste momento do proceso cando "todo está preparado" para que se dea un estado de explotación (**Fase de Abuso**). A vítima, porén, non está preparada para encaixar un abuso por parte de alguén a quen quere e por quen se sente valorada e incluso querida. Xorden os medos, as dúbidas, as xustificacións, as culpabilizacións... e, por parte do abusador, poden xurdir as ameazas, as chantaxes, a manipulación, o meter medo, culpabilizar a vítima... Ademais, hai unha chamada ó silencio, ó segredo, que lle convén ó abusador e que, en ocasións, a vítima acolle con facilidade, porque a libera de se enfrontar á vergonza, á incompreensión, ó posible xuízo ou etiquetación doutros, ou porque simplemente está bloqueada e é incapaz de expresar o que vive. Todo isto leva á **fase de pánico** co conseguinte cambio de condutas na vítima, que ou ben se retrae, meténdose no seu mundo interior, ou ben se volve irritable e incluso potencia condutas de abuso á vez, ou ben para sobrevivir oculta toda esa parte da súa vida e vívea coma se fora outra persoa, dissociando durante anos todos estes episodios sufridos, sen dar sinais externos de ningún tipo. Máis adiante se verán os diferentes efectos nas vítimas.



CICLO DO ABUSO



A close-up photograph of a person's hand holding a stack of white dominoes. The hand is positioned in the lower half of the frame, with fingers slightly curled around the stack. The dominoes are stacked in a way that shows their top and side faces. The top faces of the dominoes are white and feature black dots, while the side faces are a light grey color. In the upper left quadrant, there is a white circular graphic with a black border containing the word 'PREVIR' in a bold, black, sans-serif font. The background is dark and out of focus, showing more stacks of dominoes.

PREVIR

CONOCER E IDENTIFICAR

Para poder previr este tipo de situacións xa precisadas, necesitamos inicialmente identificar aqueles factores que poden incidir tanto negativa como positivamente para acadarmos ter entornos seguros.

Tralo presentado ata agora, é importante poder previr na medida do posíbel algúns dos factores de risco que poderían chegar a facilitar

este proceso de abuso. Algunhas condicións da vida dos MAV fan que estean en maior risco de abuso. Polo tanto, para evitar abusos é importante facer unha valoración da vida das vítimas e identificar os factores de risco. É dicir, aqueles factores dos que se aproveita un agresor para abusar, esas dimensións específicas da vida do MAV que AUMENTAN o risco de abuso sexual.

FACTORES DE RISCO

Na vítima

Ser nena

(presenta un factor de risco entre oito e dez veces meirande)

Entre 9 y 16 años

Estado cognitivo-emocional
Unha autoestima baixa,
Falta de habilidades sociais,
Debilidade emocional
Dificultades cognitivas
Saúde mental

Da familia

Los abusadores

60% e o 75% das vítimas coñecían o seu abusador;
44% eran parentes
o 22% eran membros próximos á familia nuclear

Ausencia dunha tutela adecuada.
Vivir en entornos delituosos
Ter un proxenitor con unha enfermidade de longa duración
Ter un irmán que requira moita atención
Un embarazo temperán
Intentos de suicidio

Entorno social

Pois sitúan a persoa en situación de inferioridade e dependencia

Pobreza o falta de recursos

Graves conflitos sociais, civís ou estado de guerra

Exposición a la prostitución

Otros

ALCOHOL E DROGAS

Axuda a reducir as inhibicións do agresor

e confírelle o “valor” para poder abusar. Pódese obrigar á vítima a beber alcohol

PORNOGRAFÍA

Risco de desenvolver unha tendencia á hipersexualización. As redes sociais fan que os MAVse expoñan a encontros perigosos.

CUADRILLAS OU BANDAS

Rito de iniciación” nos que se inclúa a “violación en cuadrilla

Culturais

Denominámolos “culturais” porque non se entenden da mesma maneira en tódalas partes do mundo. Entre eles hai dous que cómpre ter en conta porque representan unha dificultade maior para se enfrontar ó abuso sexual infantil: o colonialismo intelectual e o relativismo cultural. Como exemplo podemos citar a estrutura patriarcal dunha sociedade.

Moitos investigadores teñen denunciado este elemento como un dos principais factores de risco para o abuso sexual de menores. Pero esta afirmación é difícil de aceptar en certas culturas nas que algúns grupos identifican os varóns como factores de protección social. Por iso, calquera intento de distinguir este factor pode ser percibido como colonialismo intelectual ou como investigación motivada politicamente, supoñendo que a posición persoal estea libre doutras motivacións. Poden producirse fortes reaccións en contra, xa que algúns poden sentir que se estigmatiza a súa cultura. Dicir que o sistema patriarcal é dominante nunha determinada cultura non é o mesmo ca dicir que tódalas persoas desa cultura concreta tratan de exercer poder a expensas de mulleres e nenas. Porén, descartar certas investigacións porque se considera que están unicamente motivadas politicamente pode ser unha trampa, porque representa unha forma de relativismo cultural.



Porén, ante todas estas posibles situacións de risco, tamén hai que saber identificar os posibles factores de protección, que axudarán a garantir que os MAV gocen de entornos seguros. A sociedade e as igrexas deben atender o contexto e entorno dos MAV para protexelos mellor do abuso sexual e axudar as súas fami-

lias, comunidades, parroquias e asociacións a que sexan entornos seguros. Estes factores de protección son dimensións específicas da vida do MAV que DIMINÚEN o risco de abuso sexual.

Son factores que fomentan medios ambientes seguros para os MAV.

FACTORES DE PROTECCIÓN

RELACIONADOS COS MAV

**FOMENTAR
E REFORZAR**

CONFIANZA EN SI MISMO. Para iso, hase reforzar o “sentido do propósito”. Incrementar o sentido do MAV de “eficiencia persoal”, axudándoo a confiar na súa capacidade de facer cousas.

CAPACIDADE DE AUTOCONTROL, axudando o MAV a desenvolver mecanismos saudábeis para abordar e xestionar as súas emocións e necesidades.

CAPACIDADE DE RELACIONARSE, axudando o MAV a desenvolver vínculos de apego e competencias sociais saudables que acaden un equilibrio entre a súa autonomía e a súa relación de pertenza.

CAPACIDADE DE RESOLUCIÓN, axudando o MAV a desenvolver competencias para a vida diaria.

A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES POSITIVAS, é dicir, todas aquelas actividades nas que o MAV poida involucrarse e que fomenten a súa formación, o seu desenvolvemento.



Relacionados cos as familias

**Aportando FERRAMENTAS
para que estes entornos
poidan ser seguros**

**Axudar os pais e nais ou outros
familiares a desenvolveren
HABILIDADES PARA
A EDUCACIÓN**

**O BENESTAR DO PROXENITOR
ou responsable ou cuidador.**

**Prestar especial atención á
relación dun MAV cos seus pares**

Comunidad

**A NECESIDADE
DUN ENTORNO ESCOLAR POSITIVO.**

ENTORNO COMUNITARIO POSITIVO

SITUACIÓN DE VIDA ESTÁBEL



2.3 A CULTURA DO BO TRATO

Previr o abuso sexual é un labor complexo, que afecta non só os profesionais, senón que ha desenvolverse involucrando os distintos axentes sociais da comunidade. Non é posible reducir a incidencia do abuso, ni paliar os seus efectos no MAV, se non fomentamos unhas pautas de trato axeitadas. Por iso, todo programa de prevención debe ir enmarcado nun enfoque de promoción do bo trato.

Que entendemos por bo trato?

O bo trato é unha forma de relación. O bo trato defínese en canto á posibilidade de achegarse ó outro desde a empatía, a comprensión, o respecto, a tolerancia, para garantir a igualdade legal, social, relixiosa, desde un costume e opción de vida e non desde unha obriga ou norma social. A construción deste escenario é unha tarefa que demanda a transformación paulatina da comunidade nunha cultura do bo trato que se caracterice por tomar conciencia das propias prácticas.

O punto de partida dos bos tratos consiste en responder correctamente ás necesidades de coidado, protección, educación, respecto, empatía e vinculación afectiva.

Entendido así, o bo trato inclúe tódolos estilos de relación e de comportamentos que promovan o benestar e aseguren unha boa calidade de vida.

O bo trato desenvólvese, apréndese e é un proceso que debe iniciarse na infancia. A importancia de recibir bos tratos en idade tempe-

rá radica en que favorece o desenvolvemento socio-afectivo san e mailos futuros aprendizaxes e, ademais, leva consigo unha serie de beneficios tanto no plano neurobiolóxico coma no psicolóxico e, en consecuencia, tamén no desenvolvemento cognitivo e social.

Por un lado, este termo refírese por un lado ás capacidades das persoas para coidarse e facer fronte ás necesidades persoais propias e, por outro, a establecer relacións afectivas e de amor cara ós demais. No caso dos profesionais poderíamos cambiar este último concepto polo interese superior do outro, do próximo.

As persoas que traballan con MAV desenvolven modelos educativos e de relación de bo trato das seguintes maneiras:

- Estabelecendo relacións afectivas, de aceptación incondicional, empatía, apoio e respecto.
- Facilitando modelos de relación sans con coherencia educativa, marcando os límites, ó tempo que aceptando críticas e posturas diverxentes.
- Aportando apoio, control, confiando nas posibilidades de cada individuo, mostrando respecto cara ás diferenzas individuais e fomentando a autoconfianza.
- Fomentando relacións de confianza, onde a comunicación sexa aberta e se nos poida vir explicar calquera actitude, comportamento ou comentario dos compañeiros, outros educadores ou educadoras ou de calquera adulto, que pode molestar ou facernos sentir incómodos.

- Controlando os comportamentos mediante intervencións indutivas, consistentes e corrixindo o comportamento inadecuado con métodos ou estratexias claras, razoábeis e respectuosas.
- Ensinando as normas e as regras que modulan os comportamentos dentro do ámbito da educación formal e non formal desde un marco de relacións afectuosas, que son recordadas e reforzadas de forma natural e cotiá.
- Orientando as familias e os entornos cara a pautas educativas de coñecemento e aceptación dos propios fillos e fillas.
- Ensinando a pensar, desde a reflexión sobre as posibles consecuencias a corto e longo prazo, para chegar así a buscar solucións desde a análise da realidade de forma máis ampla.

Esta cultura do Bo Trato, como vimos dicindo, é esencial para xerarmos Entornos Seguros. Por iso ampliamos este apartado coa suxestión dunhas boas prácticas que se presentan no Anexo 2.

2.3.1 Comportamentos a fomentar, comportamentos a evitar e comportamentos non permitidos

O obxectivo deste Sistema de Entorno Seguro non é o de formalizar ou eliminar toda a dimensión persoal ou de afecto nas relacións cos MAV. A acollida coidada e respectuosa é esencial para a medranza e o desenvolvemento

de dos menores, e sen ela na relación persoal non hai valoración e integración de quen sexa vulnerable ou estea nas marxes.

Esta misión é tanto máis importante canto que está inspirada no Evanxeo e é esta a fonte que as obras da Provincia de España da Compañía de Xesús queren seguir: é o "sentido de misión" o que busca o coidado do próximo, o que anima os traballadores, convertendo o seu traballo en máis ca un simple "emprego"; e é ese mesmo "sentido de misión" o que anima os voluntarios, con igual entrega e "profesionalidade". Todo o coidado, capacitación e comunión humana non se fan sen "proximidade" e "implicación". E esta é a "marca de calidade", xa presente en tantas institucións, movementos e actividades da Provincia de España da Compañía de Xesús, que este sistema de entorno seguro quere continuar a alimentar e potenciar.

Pero se, por un lado, a promoción dun entorno seguro pretende que as boas prácticas se promovan e aumenten, por outro apunta a identificar e eliminar as que non o son. Por iso este Sistema e o seu manual, na boa tradición de Santo Ignacio, non está cerrado nin terminado. Será a súa aplicación nas obras, e a experiencia de todos, o que permitirá melloralo, detectar prácticas e situacións inadecuadas, incluír situacións novas non previstas, avaliar regularmente en conxunto (no nivel de cada obra e mais no nivel global da PECJ) e propor novas ensinanzas e prácticas.

Finalmente, este Sistema permitirá que se faga máis transparente a intervención e a presenza de colaboradores e voluntarios cos MAV. Hai palabras e comportamentos que, incluso motivados pola mellor das intencións, poden ser lidos como ambiguos ou recollidos en forma de acusación. Os que actúan deben ter claro



que todo o que din e fan non resulta das súas necesidades non resoltas, senón dun desexo de servizo gratuíto e desinteresado. A tradición secular da Compañía fala da famosa "regra da prudencia"; que ninguén faga nun ambiente máis discreto o que non podería ser feito á vista de todos¹. Evítanse así situacións que poden provocar comentarios, sospeitas e/ou acusacións de malas prácticas, sexan deliberadamente malévolas ou só equivocadas, que son sempre difíciles de "desmontar" e que poden provocar moito dano á reputación das persoas, da obra e da propia PECJ, así como da Igrexa.

Promover boas prácticas, evitar as malas e facer máis transparente o servizo que se presta ós MAV, son as liñas de forza dos comportamentos que se presentan a continuación, e que forman parte integral do Sistema de Entorno Seguro co que tódolos colaboradores e voluntarios están chamados a se comprometeren. Estes comportamentos non eliminan o contido dos códigos de conduta e demais regulamentos internos propios de cada obra, que deben ser considerados coma o seu complemento.

2.3.1.1 Comportamentos que se adoptarán e promoverán no contexto da obra e da relación coos MAV (para promover un "modelo de conduta")

Promover unha vida con sentido:

- Visión realista, positiva e responsábel da vida.

¹ Cfr. "Oráculo manual y Arte de Prudencia", Baltasar Gracián, regla 297: "Actuar siempre como si nos vieran"

hábitos de vida saudábeis que promoven o benestar físico e mental.

Promover relacións saudábeis, integradoras e construtoras de comunidade:

- Adopción dos principios de boa educación (responsabilidade, puntualidade, respecto polas opinións e bens dos demais, respecto nas interaccións sociais, etc.).
- Cumprimento das leis, normas e regras establecidas, así como promoción do seu cumprimento a través do reforzo positivo e da medida disciplinar xusta aplicada de forma serena e explicada con claridade.
- Promoción da colaboración e dun espírito de sa deportividade.
- Integración e participación de todos, acollendo e valorando a diferenza.
- Relacións de proximidade saudábeis, abertas e seguras.
- Hábitos de comunicación abertos e transparentes, e de resolución pacífica de conflitos.

Promoción dunha atención especial ós MAV e ó Programa de Entorno Seguro:

- Respecto a cada MAV e á súa inviolable dignidade persoal, incluíndo o pleno respecto polas súas opinións, intereses, espazo persoal, intimidade, bens e informacións persoais.
- Promoción da autonomía e da capacita-

ción dos MAV, a través do comportamento e de accións de capacitación.

- Promoción de hábitos de concienciación e de autoprotección dos MAV, e dispoñibilidade para atender e/ou dar seguimento ás súas peticións de consello e axuda.

- Coidado especial ós MAV con necesidades especiais (especialmente en situacións de deficiencia ou enfermidade grave; comprensión limitada da realidade, sexualidade e violencia; dificultades/incapacidade de comunicación, etc.).

- Ter conciencia de que a miúdo a persoa adulta responsábel do coidado é percibida como “modelo de conduta” polos MAV e, por iso, actuar como tal.

- Practicar a cultura, os valores e as medidas de protección e coidados que propugna o Sistema de Entorno Seguro, buscando axuda no caso de dúbidas ou necesidade de consello, recorrendo ós responsables no caso de sospeitas e denuncias e colaborando con todos na obra para a súa posta en práctica e defensa.

2.3.1.2 Comportamentos e actitudes que se evitarán cos MAV (que poden ser “inapropiados”)²

Indicacións xerais:

- Uso de linguaxe e conversacións que poidan ser percibidas como sexualmente ambiguas, agresivas, humillantes, ameazadoras, ofensivas ou discriminatorias.

- Xestos e comportamentos que poden ser percibidos como ambiguos.

- Contacto físico ambiguo e/ou innecesario (por exemplo, abrazos forzados).

Indicacións sobre comportamentos específicos:

- Estar a soas cun MAV (agás se está previsto/autorizado pola obra como por exemplo apoio psicolóxico ou pedagóxico, situacións de conversación pedidas por eles, preparación programada de actividades, acompañamento en caso de enfermidade, etc.).

- Transportar a soas un MAV (agás se está previsto/autorizado pola obra).

- Levar ó domicilio propio ou ir á casa do MAV, e moi especialmente sen a presenza de terceiros (agás se está previsto/autorizado pola obra).

- Durmir nas mesmas zonas cós MAV (agás se está previsto/autorizado pola obra).

- Poñerse noutras situacións con MAV que poidan dar orixe a sospeitas, comentarios e/ou falsas acusacións (agás nas situacións previstas/autorizadas pola obra).

2 Inapropiado” é un concepto que fai referencia ó contexto no que se produce unha determinada acción. Una conduta pode ser “inapropiada”, dependendo de persoas e circunstancias. Así, por exemplo, bicar os propios fillos antes de se deitaren é unha conduta apropiada, mentres que facelo nun campamento ós MAV que participan pode considerarse, en principio, inapropiada.



En tódolos casos, aínda que a actuación estea autorizada ou prevista pola obra, tomaranse medidas como abrir portas, utilizar espazos cristalizados, estar presentes dous adultos, etc.

Ademais, teranse en conta tódalas indicacións recollidas tanto no Código de Conduta da Compañía de Xesús na Provincia de España coma nos documentos da web sobre o modo de proceder en relación cos menores.

Indicacións sobre a relación cos MAV:

- Encuentros ou actividades que xeran ambigüidade sobre se a obra está involucrada ou non (por exemplo, actividades con MAV fóra da obra, non autorizadas/coñecidas por ela aínda que o poida parecer ós MAV ou ós seus familiares/responsables legais).
- Vínculos afectivos ou profesionais non autorizados cos MAV fóra do ámbito institucional.

2.3.1.3 Comportamentos non permitidos cos MAV (por seren “ilegais” ou “completamente inapropiados”)

Indicacións xerais:

- Utilizar, promover ou permitir o uso da linguaxe en conversacións con expresións sexualizadas, agresivas, humillantes, ameazadoras, ofensivas e/ou discriminatorias.
- Utilizar, promover ou permitir xestos e comportamentos sexualizados, agresivos, humillantes, ameazadores, ofensivos e/ou discriminatorios.

- Ter relacións preferenciais ou xestos que sexan ambiguos, exclusivos, dominadores ou discriminatorios dos demais.

- Conversacións e visualización de contidos inapropiados (por exemplo, de carácter sexual, violento, ofensivo ou discriminatorio), sexa en forma presencial ou vía *Tecnoloxías da Información e a Comunicación* (TIC).

- Todo tipo de contacto físico inapropiado (incluíndo, pero non limitándose a toda forma de contacto/relación sexual).

A existencia dun comportamento considerado “inapropiado” ou “non permitido” por parte dun traballador ou voluntario dará orixe a un proceso de “incidencia interna” e sen prexuízo da posibilidade de abrir, en caso de que sexa xustificado, un proceso disciplinar ou aquel proceso que se estime oportuno.

Sobre o uso de imaxes e das TIC daranse indicacións máis detalladas no Anexo 3. Tamén é recomendable, polo acceso que os MAV poden ter á pornografía e as repercusións desta no relacionado coas condutas e hábitos sexuais, que se dedique un tempo a este tema que está desenvolvido no Anexo 4.

2.4 ACTUACIÓNS PARA PREVI R

2.4.1 Prevención respecto das persoas.

Niveis de prevención

Unha vez sinaladas algunhas claves para favorecer o coidado mutuo e bo trato entre todos, centrámonos na prevención como modos de

intervención destinados a reducir a incidencia do abuso. Diferéncianse distintos niveis:

2.4.1.1 Prevención primaria

É toda intervención coa poboación xeral (pais, nais, MAV, profesionais, etc.) que ten coma fin favorecer modos de estar e de se relacionar positivos. É o labor de prevención máis eficaz, xa que -de ter éxito- reduciría a incidencia dos casos de abuso sexual. Unha parte importante destas intervencións consistiría na realización de programas diversos que buscan minimizar os factores de risco e reforzar os factores protectores antes sinalados. Algúns exemplos destes programas serían os seguintes:

- Programas de educación socioemocional. Acompañar os nenos, nenas e adolescentes no proceso do seu autoconceito e da súa autoestima mediante a educación socioemocional contribuirá a que se sintan máis seguros e esta seguridade é un factor de protección ante un posible abuso sexual.
- Programas de medranza persoal. Para traballar con todas aquelas persoas que necesitan reforzar certos aspectos persoais que lles facilitarían o non estar expostos a situacións de risco ou vulnerabilidade.
- Programas de prevención de abusos sexuais. Dispoñer da información dos abusos sexuais, axustada á idade e nivel evolutivo de cada MAV, é un elemento clave para a súa prevención.
- Programas de educación afectivo-sexual. Unha educación afectiva e sexual de cali-

dade favorecerá a aceptación positiva da propia sexualidade e promoverá relacións interpersoais equilibradas e satisfactorias, factores de protección fronte a posibles abusos sexuais.

- Programas para favorecer bos usos dixitais. Dado que, na actualidade, o mundo dixital entraña riscos de novas tipoloxías de abusos sexuais, débese educar nun uso consciente, responsable e seguro.
- Programas para o desenvolvemento de competencias parentais. Acompañar pais e nais no desenvolvemento de competencias que os axuden a coidar, relacionarse e guiar o medrar dos seus fillos e fillas. Así mesmo, débese sensibilizar sobre a importancia do núcleo familiar nesta prevención e favorecer que poidan transmitir unha visión saudábel e positiva da sexualidade.

2.4.1.2 Prevención secundaria

Trabállase neste campo coas chamadas "poboacións de risco" dunha maneira máis precisa e específica. Todo MAV está en risco de sufrir abuso sexual, mais no caso de menores pertencentes a colectivos dalgunhas situacións específicas, tal risco aumenta. Referímonos concretamente a:

- Menores institucionalizados.
- Persoas que sofren algunha discapacidade física ou psíquica.
- Persoas, especialmente menores, en situación de pobreza ou de falta de recursos.



- Menores que viven en familias desestruturadas.
- Menores que viven en familias onde houbo experiencias previas de abuso.

Estas poboacións teñen máis probabilidade de sufrir un abuso sexual. Con esta enumeración preténdese impedir que a súa situación se agrave cun posible abuso, pero non é axeitado inferir do anterior unha relación causa efecto; de ningunha forma significa que o pertencer a unha destas poboacións leve necesariamente a unha situación na que se sufra abuso. Trátase de probabilidades froito de investigacións anteriores.

2.4.1.3 Prevención terciaria

Trabállase, cando xa tivo lugar o abuso, tanto co abusador, para evitar a súa reincidencia, como coa vítima, para que non volva sufrilo, proporcionándolle pautas de autodefensa, ademais dunha posibilidade de tratamento e rehabilitación eficaz. É difícil establecer o límite entre esta labor e o tratamento en si mesmo, pero, aínda que a miúdo coincidan, poden complementarse porque cumpren obxectivos distintos e seguen metodoloxías diferentes.

2.4.2 Prevención no ámbito de aplicación. Actividades e espazos

Para poder facilitar a prevención, ademais de seguir as pautas anteriormente indicadas con respecto á nosa relación e comportamentos cos MAV, é tamén importante o deseño das actividades a levar a cabo con esta poboación, así como ter en conta uns espazos adecuados

para o desenvolvemento das mesmas. Ter en conta todos estes aspectos permitiranos que tódalas nosas actuacións estean ben definidas e sexan transparentes, co que se minimizan os riscos e se aumenta a protección.

É este o motivo polo que en tódalas obras, centros e espazos nos que se realicen actividades nas que participen MAV xunto con persoal (contratado ou voluntario) relacionado coa Compañía de Xesús se tomarán unhas medidas concretas, como o ter portas con cristal ou utilizar espazos abertos, por exemplo. Como estas medidas poden ser moi variadas dependendo das características da actividade e do lugar no que se leven a cabo as mesmas, cada obra ou centro deberá deseñar para cada actividade que vaia levar a cabo con MAV un Mapa de Risco de Entorno Seguro no que se identifiquen os posibles riscos que pode levar consigo esa actividade e as actuacións a desenvolver para minimizalos ou evitalos, ademais dunha medida de avaliación de resultados, para asegurarnos do adecuado funcionamento da medida adoptada.

2.4.2.1 Mapas de risco

O Mapa de Riscos de Entorno Seguro, propio de cada obra, pretende identificar e dar resposta ós diferentes riscos de abuso sexual que poderían aparecer en cada actividade que se desenvolva nas nosas tarefas cotiás. O mapa é un documento interno de cada obra e deberá ser elaborado durante a implantación inicial do Sistema de Entorno Seguro e ser obxecto de actualizacións periódicas (por exemplo, na avaliación anual do sistema), e de forma incremental (é dicir, sen eliminar os riscos identificados nas revisións anteriores).

Hai varias formas de construír o Mapa de Riscos e cada obra irá gañando experiencia na forma de facelo e actualizalo. O importante é que o final da súa elaboración as situacións de risco máis probables ou máis graves sexan identificadas e minimizadas ou eliminadas ó se teren adoptado as medidas correspondentes.

Uns criterios xerais para avaliar o risco poden ser:

1. Identificar os riscos tanto na actividade en si mesma coma no lugar no que se mantén esa actividade.
2. Identificar quen está en risco, quen pode ser danado e como. En especial, prestarlles atención ós grupos máis vulnerables.
3. Identificar a probabilidade que pode haber de dano.
4. Identificar as consecuencias do dano (desde menor a severo ou fatal). Os riscos máis severos necesitan a atención máis urxente.
5. Identificar os controis ou actuacións que necesitamos pór en marcha para limitar ou reducir o risco.

Ademais destes criterios xerais, no Anexo 5 preséntase algún posible modelo de metodoloxía para a súa elaboración.

O Mapa de Riscos deberá ser revisado periodicamente, sobre todo se a actividade cambia ou é nova. Deberán irse engadindo as novas situacións de risco que puideran ser identificadas e as novas medidas de protección que se han de pór en funcionamento (e actualizando, se fora o caso, as situacións das medidas relativas

ós riscos identificados). Cantas máis persoas sexan invitadas a participar na revisión, máis completo será o resultado, suxerindo por iso que no proceso sexan incorporados colaboradores, voluntarios, MAV e os seus familiares ou responsables legais. Como é evidente, non se conseguirá nin prever nin eliminar tódolos riscos, mais espérase que a elaboración e a actualización do Mapa de Riscos vaia axudando en cada obra a protexer e coidar cada vez mellor os MAV ós que serve.

2.4.2.2 Cuestións para ter en conta en tódalas actividades non habituais

Como acabamos de expoñer, o Mapa de Riscos da obra poderá ser un elemento importante para identificar e diminuír ou eliminar as situacións de risco (existencia de abusos e ausencia de boas prácticas) no día a día dunha obra, nos seus espazos e actividades habituais. Non se trata de substituír outros coidados e procedementos que cada obra teña xa en vigor, senón de complementalos e enriquecelos.

O caso da actividade non habitual supón unha alteración substancial das situacións de risco identificadas na obra, e por iso se suxire que durante a súa planificación se faga un Mapa de Riscos específico para esa actividade, usando a metodoloxía e a matriz presentada. O Mapa de Riscos resultante poderá despois ser arquivado cos demais documentos da actividade.

En canto ós outros coidados a ter en conta nas actividades non habituais, lémbrense algúns que forman parte das boas prácticas recomendadas:



- Obtención da autorización escrita e contacto por parte dos encargados da educación ou responsables legais e se é un adulto, do propio interesado.

- Obtención de toda a información respecto ó menor ou persoa en situación de vulnerabilidade para la actividade por parte dos encargados da educación ou responsables legais, especialmente cando se trata de MAV con necesidades especiais (coidados especiais a ter en conta, contactos permanentes, autorización, indicacións de coidados íntimos, etc.).

- Lista de participantes na actividade.

- Presenza de monitores cualificados para o acompañamento e integración de MAV con

necesidades especiais.

- Organización segura dos transportes.

- Organización segura das pernoctacións.

- Seguro para tódolos participantes e monitores.

- Presenza dunha guía e dunha botica de primeiros auxilios.

- Presenza dunha guía de procedementos e contactos para emerxencias (especialmente o contacto cos responsables da institución e os responsables legais do menor ou persoa vulnerable).

- Informe de accidentes.

Nivel de análise:							
Área de actividade / programa:							
Situacións de risco	Descrición ²	Clasificación			Medidas a adoptar		Indicador ¿Cómo sabremos si la medida está siendo efectiva?
		Posibilidade	Impacto	Obxectivo ³	Descrición	¿Cómo sabremos si la medida está siendo efectiva?	
		Real ⁴	Poten-cial ⁵	Gravidade ⁶			

- 3 Entidade ou programa.
- 4 Onde, cando, por parte de quen, en que momento...
- 5 Erradicación do risco (prevención total); Minimización do risco; Redución do risco.
- 6 Moi frecuente / frecuente / pouco frecuente / infrecuente.
- 7 Moi probable / probable / pouco probable / improbable.
- 8 Moi grave / grave / pouco grave.



INTERVENIR

INTERVENIR

Despois de ver todo o que se pode facer para previr situacións de abuso, cómpre tamén coñecer como actuar cando cremos que hai unha posible situación de desprotección ou temos constancia diso. Saber intervenir adecuadamente nestas ocasións é fundamental, tanto para a seguridade da vítima e do seu entorno como para que as nosas actuacións garantan unha evolución adecuada do proceso que se teña que levar a cabo.

Evidentemente hai que ter en conta moitos aspectos que influirán en que se adopten unhas medidas ou outras. Cada caso é diferente dependendo de factores como quen sexa o abusador (voluntario, traballador, xesuíta ou unha persoa que está de maneira circunstancial no entorno, incluso alguén externo á obra); o tipo de abuso cometido e as consecuencias que ten ese abuso para a vítima; a idade da vítima, etc. Pero, ademais, tamén vai ser importante como, cando e a través de que medio temos coñecemento dun posible caso.

Imos diferenciar dous momentos ou tipos de proceso: por un lado, imos ter en conta aquelas situacións nas que non hai unha revelación directa dunha situación de abuso, senón que o coñecer feitos deste tipo pode depender da nosa capacidade de **detección e interpretación** de sinais ou indicios que nos poden axudar a desvelar un caso de abuso; e por outro lado, teremos en conta aqueles casos que nos son

revelados ben por parte directa da vítima ou por parte dunha testemuña ou terceiro que coñece os feitos (que pode ser desde un amigo ou un familiar ata unha denuncia ou a prensa).

En ámbolos dous casos, o achegamento á vítima é fundamental e hai que **saber acoller e escoitar**, para facilitar o difícil paso de ser recoñecer vítima deste tipo de feitos. Neste sentido, é fundamental o modo como se recolle e rexistra a información, pois vai determinar o curso e a credibilidade do proceso. E por suposto, é esencial coñecer como se ha de **proceder** e a quen informar e derivar, para manter a prudencia e discreción necesaria para actuar correcta e eficazmente neste tipo de casos.

Imos analizar seguidamente algúns destes aspectos esenciais na intervención.

3.1 SABER DETECTAR E SABER INTERPRETAR: SINAIS E INDICADORES

Nalgunha ocasión poderemos recoñecer e identificar unha serie de sinais ou indicadores físicos, de comportamento e emocionais do MAV. Este proceso ímolo chamar Detección.

Os traballadores ou voluntarios que están en contacto cos MAV conviven en moitas ocasións unha gran parte do tempo con eles e isto sitúaos



nunha posición privilexiada para a detección de situacións de risco para eles.

Para facer unha correcta detección destas posibles situacións, débese observar sistematicamente en diferentes momentos e contextos:

- As actividades dirixidas.
- As saídas.
- As súas relacións con persoas adultas e iguais.
- O seu aspecto (roupa, golpes e feridas, estado físico xeral, estado emocional...).
- A asistencia.
- Coñecemento de posibles situacións de risco ou desamparo cando non teñen as súas necesidades básicas máis cubertas.
- Cando os MAV teñen algunha discapacidade que lles dificulta a comunicación é fundamental observar a súa comunicación non verbal e posibles cambios na súa actitude.

É básico compartir cos servizos sociais ou outras administracións do territorio aquelas situacións de fragilidade que o colaborador ou voluntario detecta para coñecer se se presentan no contexto familiar e social, a fin de propiciar unha detección precoz que, ó mesmo tempo, permitirá unha intervención preventiva.

A observación dalgúns indicadores de abuso non significa que os MAV se encontren nesta situación; hai situacións familiares que tamén poden provocar sintomatoloxía no MAV.

O contacto cos pais e nais, titores legais ou "gardadores" tamén ten o obxectivo de valorar a actitude e a disposición destes para colaboraren coas obras ou institucións apostólicas: a percepción ou o grao de conciencia, a súa implicación co fin de buscar solucións ó respecto, a motivación ou a capacidade para modificar a situación.

3.1.1 Sinais e indicadores de abuso sexual

Un MAV que sufriu abuso sexual pode padecer diferentes consecuencias a curto e longo prazo de diverso tipo. Por iso, imos expor algúns posibles indicadores, aínda que hai que ter en conta que o feito de mostrar algúns destes "síntomas" non é sempre debido a padecer abuso, pois pode ter outras posibles causas e de aí o delicado das nosas actuacións cando detectamos algo deste estilo. Porén, sen que se nos esperte un estado de hipervixilancia e sospeita, estes indicadores pódennos servir de axuda.

No Anexo 7 preséntanse algúns dos indicadores que se poden detectar especialmente nos menores de idade.

Ademais, entre as consecuencias psicosociais, emocionais, condutuais ou físicas que sofren algunhas das vítimas, tamén podemos encontrar sinais que nos alerten de que se puido sufrir unha situación de abuso.

3.1.1.1 Aspectos psicosociais

Algunhas das consecuencias psicosociais poden ser:

- **Impotencia:** Os MAV que son abusados sexualmente senten que a súa vontade e dignidade son insignificantes para o abusador. Senten que son tratados como obxectos para a satisfacción das súas necesidades sexuais e o abuso do seu poder.

- **Perda de confianza:** A confianza do MAV vese debilitada, ó tempo que experimentan un sentimento de inutilidade e rendición. As persoas que sofren o abuso pensan a miúdo que non loitaron o suficiente contra o mesmo.

- **Silencio:** O abuso adoita provocar que as persoas afectadas sexan incapaces de falar. Non comprenden o sucedido e non poden explicalo. Adoitan darse sentimentos ambivalentes e de lealdade cara ó abusador.

- **Sentimento de culpa:** Con frecuencia existe unha relación entre agresor e vítima antes do abuso. Esta relación caracterízase polo afecto, a confianza e a dependencia. Debido á fusión confusa de afecto e violencia sexual, as vítimas atopan a miúdo dificultade en reaccionar ante o abuso.

- **Vergonza:** O abuso sexual non só viola masivamente o sentido de privacidade do abusado, senón que este último interioriza os actos e a humillación inflixidos polo abusador e intégraos na súa propia imaxe.

- **Desexo de desaparecer:** As persoas que foron vítimas de abuso sexual tratan de se faceren "invisibles" ou "desaparecer" para facer do abuso e do seu sufrimento algo invisible para os demais.

3.1.1.2 Síntomas físicos que poden aparecer como consecuencia dunha situación de abuso:

- Enfermidades de transmisión sexual.
- Lesións en zonas xenitais.

- Dor, palidez, perda de sangue ou secrecións nos xenitais, ano ou boca.

- Dor persistente ou recorrente durante a micción e defecación.

- Enurese ou incontinencia nocturna inesperada non conectada coa ensinanza do control de esfínteres (pedir ir ó baño).

- Cadros de dor inespecífico.

- Enfermidades gastrointestinais

- Obesidade

- Síntomas cardiopulmonares e un estado de saúde precario

3.1.1.3 Consecuencias psicolóxicas

As consecuencias psicolóxicas a curto prazo poden aparecer en forma de estrés, trastorno ou reacción aguda (shock). A miúdo se pode observar un trastorno postraumático a medio-longo prazo como tamén unha meirande probabilidade de outros síntomas psicolóxicos tales como:

- Depresión

- Pensamentos suicidas



- Abuso de sustancias estupefacientes
- Trastorno de ansiedad
- Trastorno de estrés postraumático (TEPT)
- Trastorno do sono
- Trastorno da alimentación
- Trastorno sexual
- Cambios de comportamento ou anomalías repentinas no MAV.
- Baixo rendemento (académico ou laboral) de aparición repentina e non xustificable con dificultades
- de aprendizaxe ou falta de destreza.
- Cambios físicos e no estado de ánimo.
- Conduta sexual inadecuada.

3.1.1.4 Aspectos condutuais

Os cambios de conduta no ámbito social resultado dunha agresión ou abuso sexual poden ser:

- Illamento.
- Agresión cara a si mesmo e/ou outros.
- Abuso de drogas ou alcohol.
- Trastornos alimentarios.
- Falta de concentración.
- Regresión.
- Conduta sexualizada

3.1.1.5 Ante todo isto:

Como podemos detectar?

Por observación de sinais rechamantes no MAV que serían unha alerta para POÑER A MIRA neles:

Como temos indicado no inicio deste apartado da intervención, hemos de ser cautelosos se nos pareceu **detectar** algún indicador compatible con ter sufrido abuso. Esa cautela tradúcese en **interpretar** de maneira adecuada eses sinais, sen agrandar nin dramatizar nada e ó tempo sen minimizar ou non querer velos. Se non estamos seguros dos mesmos, podemos seguir observando con prudencia e sen obsesionármolos, ou podemos consultar co coordinador de Entorno Seguro do noso centro ou institución ou directamente coa Responsable Provincial de Entorno Seguro. De todas formas, hemos de ser coidadosos en como transmitimos a información ou sospeita e por suposto non debe comentarse máis que coa persoa responsable, xa que esta información é protexida e de alta sensibilidade (como se indicará no anexo 8 relativo á Protección de Datos), polo que non ha de compartirse abertamente en ningún espazo, nin dentro nin fóra da institución.

Cómpre sinalar que é conveniente crear as condicións que faciliten as revelacións dando unha educación formal específica ós MAV desde as idades máis temperás coa forma e o método adecuado a cada idade. Así os MAV están en-

mellores condicións para recoñecer o que non se pode consentir.

3.2 SABER ACTUAR (PASOS A SEGUIR DESDE A SOSPEITA INICIAL ATA A INTERVENCIÓN)

No intre en que temos **unha sospeita** ó ter detectado certos sinais ou indicadores, ou cando nos chegou unha revelación que hai que confirmar, hai distintas actuacións que se poden levar a cabo.

3.2.1 Se é unha sospeita o que temos, habería que compartila exclusivamente co responsable/coordinador de entorno seguro, aportando os indicadores detectados, para que se establezan os pasos a seguir (desde unha observación máis precisa ata a apertura dunha investigación por parte de alguén capacitado para saber que e como investigar).

3.2.2 Se o que nos chega é **unha revelación indirecta**, o proceso é coma no apartado anterior, pois trátase dunha sospeita dun terceiro. Se este terceiro refire ter sido **testemuña dunha situación de abuso**, comunicárase ó coordinador de entorno seguro, para que este decida xunto co superior, director ou responsable da obra, quen se entrevistaría coa vítima para confirmar a información recibida e en que condicións (comunicalo ó adulto responsable ou familiar, por exemplo). Este é un momento e un proceso moi delicado, que esixe non só boa disposición, senón "saber facer" e estar preparado para iso.

3.2.3 Se é directamente a vítima quen nos fai unha revelación (**revelación directa**), temos que manter a calma e deixar os nosos temores a un lado, centrándonos UNICAMENTE en ESCOITAR e acoller o que a vítima nos relata, crendo as súas palabras e intentando reter mentalmente ó máximo cada palabra que nos refire coa meirande literalidade posible.

Imos comezar por ter en conta unhas recomendacións xerais.

3.3 RECOMENDACIÓNS PARA PROCEDER ANTE A NOTICIA DUNHA SITUACIÓN DE ABUSO SEXUAL

Sexa cal sexa o medio polo que a obra ou institución apostólica poida ter noticia dun posible abuso (que pode ser por calquera dos indicados anteriormente ou desde a familia da vítima ou ata pola prensa), é necesario ter algunhas cuestións claras antes de iniciar calquera actuación.

3.3.1. Criterios xerais para actuar

- O primeiro é manter a calma.
- Actuar sempre intentando protexer o interese superior do MAV.
- Previr situacións que poden prexudicar gravemente o desenvolvemento integral e o benestar do MAV.
- Intervir de maneira coordinada, seguindo pautas compartidas e mutuamente aceptadas como válidas.



- Garantir o dereito do MAV a ser oído en tódalas decisións que o afecten.
- Prestar atención de maneira inmediata e áxil, evitando demoras na intervención.
- Buscar a intervención mínima, evitando o maltrato institucional xerado pola reiteración de actuacións ou a súa práctica en condicións pouco axeitadas (evitar a re-vitimización).
- Posibilitar a valoración, o apoio e a intervención terapéutica das vítimas de abuso sexual, sexan ou non obxecto dunha medida de protección.

3.3.1.2 Saber ACOLLER, saber RECOLLER a información, saber PROCEDER: Escoltar, Rexistrar, Actuar⁹.

Danse no seguinte apartado unhas orientacións sobre o que se debe e non se debe facer nunha entrevista/conversación.

Cada situación é única e non hai fórmulas que sirvan para todas elas. Os expertos din que a experiencia conta moito e que non se ha de ter medo de pedir axuda.

⁹ Os manuais de Keep the Children Safe falan do principio **ACT**: 1) **Actuar** segundo as propias preocupacións, en caso de dúbida avanzar sempre; 2) **Centrarse** no MAV (Children), xa que a protección dos menores debe ser a consideración máis importante; 3) o **Tempo** conta, é bo asegurar unha resposta temperada, efectiva, confidencial e apropiada ás cuestións de protección.

É bo manter a calma, ser discreto e non expresar inclinacións ou tomar partido (porque algunhas das sospeitas e denuncias poderán revelarse como falsas, incluso aínda que sexan ben intencionadas). Porén, o benestar e a seguridade da vítima e incluso da propia institución (pola responsabilidade legal que ten) pide que ningunha sospeita ou denuncia quede sen investigar.

Ante calquera situación de maltrato e abusos sexuais, o ou a profesional debe escoitar o MAV, non cuestionarlle a veracidade do seu relato e darlle todo o apoio que necesita. Que o MAV se sinta **Acollido**.

O que primeiro recibe a revelación pode non ter a competencia para determinar se o revelado é verdade ou non. A súa obriga é escoitar e facer un informe NON-DIAGNÓSTICO. **Só recoller.**

3.3.1.1 Escoltar

Como realizar as conversacións?
Aspectos a ter en conta:

- Realizar a entrevista nun lugar acolledor sen que poida ser interrompido.
- Sentarse ó lado do MAV (en posición L, mellor ca enfronte ou detrás dunha mesa)
- Utilizar un ton e timbre de voz moderado.
- Manter contacto visual frecuente, aínda que non continuo.
- Coidado co contacto físico.
- Darlle seguridade e tranquilidade.

CONVERSACIONES NON ESTRUTURADAS	CONVERSACIONES ESTRUTURADAS
É información espontánea que o MAV lle dá á persoa de referencia e que temos que crer pois é a súa vivencia do feito.	Son entrevistas en posibles casos. Fanse preguntas para aclarar unha sospeita de abuso.
Manter a calma, non nos deixar levar polas nosas propias emocións e estar centrados no MAV sen xulgar nin opinar ou tomar partido.	Hai que ter coidado en facer preguntas suxestivas porque o MAV pode tratar de compracer o outro dicíndolle o que cre que quere oírle dicir e o entrevistador coas súas preguntas pode facer crer ó MAV que ocorreron determinados feitos.
Darlle espazo ó MAV para a súa declaración e apoiar a súa intención de explicar a súa experiencia.	Non guiarse por decisións tomadas con anterioridade ou coa previsión de que teña ocorrido o abuso
Non pospoñer a conversación. escoitalo de forma inmediata	Atentos a outros factores ou situacións de estrés que poidan dar explicación dos comportamentos rechamantes
Escoitar activamente. Non facer moitas preguntas para non contaminar o relato.	Hai que distinguir entre as condutas rechamantes que requiren unha explicación e peculiaridades específicas de desenvolvemento ou de personalidade
Amosar atención e comprensión.	Evitar conclusións apresuradas
Pedirlle que diga o que pasou; non interrompelo con preguntas. Mellor realizalas cando remate.	Non interpretar incorrectamente os comentarios do MAV
As preguntas son útiles, pero deben ser abertas (dan máis información)	Pódense realizar preguntas cerradas (dan información específica)
Ser honesto na conversación. Non facer promesas falsas que non se poidan cumprir (non lle prometer que ninguén o vai saber)	Non inducir respostas coas nosas preguntas.
Non se amosar moi afectado a nivel emocional.	Estar atento ás incongruencias no relato.



3.3.1.2 Rexistrar

É imprescindible e importante realizar unha boa documentación das sospeitas, as conversacións e os achados. Por iso é necesario que se tomen notas do escoitado o antes posible e débese intentar que esas notas sexan o máis fieis posible ó dito (se é posible, de maneira literal) e dalgunhas condutas “non verbais” (ton de voz, pranto, mirada fuxidía...) indicando tamén data e hora da conversación:

- Para dar credibilidade en posibles procedementos penais, xa que as declaracións dos MAV afectados se manteñen, en gran medida, sen cambios durante os interrogatorios reiterados.
- Permite que o MAV sexa entrevistado o menor número de veces polo menor número de persoas.
- Pode evitar a outras persoas involucradas que se lles volva interrogar oo diminuír o estrés das persoas afectadas.
- Pode ofrecer detalles sobre o desenvolvemento de síntomas durante unha posible psicoterapia no futuro e pode servir como evidencia ás compañías de seguros.
- Para distinguir que decisións son útiles e cales son menos útiles.
- É unha proba de que os profesionais toman en serio os feitos expresados polos MAV.

3.3.1.3 Notificar

Calquera profesional ou voluntario adulto ten a obriga social, ética e legal de actuar nos casos de maltrato que coñeza, incluíndo o abuso sexual segundo a Lei Orgánica 1/96 de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor.

É obriga de quen recibe a noticia do feito comunicala á persoa responsable do Centro (adoita ser o Director ou Directora) para que se inicien os procedementos eficaces co obxecto de proporcionar a asistencia necesaria que garanta a protección inmediata.

Por este motivo, tras unha revelación ou ó estar ó corrente dun posible caso de abuso, hemos de notificar inmediatamente ó responsable do centro ou actividade na que se dá o caso e mais á persoa coordinadora de entorno seguro (sempre e cando non sexa ningún deles o posible abusador) a información recibida, para tomar as medidas oportunas dependendo do caso e decidir o mellor proceder inicialmente.

Pódense tomar diferentes medidas, algunhas das cales se levarán a cabo simultaneamente: abrir unha investigación por alguén capacitado para iso, apartar o posible abusador, aportar seguridade e mailas primeiras atencións necesarias á vítima (atención sanitaria, policial, etc.), informar os servizos sociais ou as administracións pertinentes... **Para iniciar calquera proceso, o primeiro é poñer en marcha o Sistema de Entorno Seguro.** Este sistema ten un equipo en cada centro, institución ou obra, que, en coordinación co equipo responsable da

Provincia, valorará a mellor actuación segundo o caso e tomará as decisións oportunas para iniciar o proceso.

3.3.1.4 Apoiar

Mentres o MAV continúe no centro será necesario que o responsable se coordine cos profesionais dos servizos que están intervindo no caso, para ter coñecemento da súa situación, e entender e interpretar as súas condutas, así como ofrecer espazos de escoita e contención emocional se fora necesario.

Se se tomaron medidas protectoras que non permiten que a persoa afectada asista ó centro ou institución, é aconsellable que se dea unha explicación ós compañeiros e compañeiras

do grupo ó que asiste, adecuada á idade e á situación e contexto.

Tamén se ofrecerá apoio ó entorno tanto da vítima coma do investigado.

3.3.1.5 Documentación do proceso

A evidencia inicial e as sospeitas adoitan ir acompañadas dun forte sentimento de inseguridade. Isto está relacionado co feito de que os síntomas que poden presentarse como efectos dun abuso xeralmente non son específicos e poden explicarse por outras causas, como xa sinalamos anteriormente.

Durante a documentación das sospeitas é moi importante diferenciar e rexistrar de forma separada entre o nivel fáctico e o nivel reflexivo:

NIVEL FÁCTICO (documentación obxectiva dos feitos)	NIVEL REFLEXIVO (documentación subxectiva das reflexións persoais)
Como xurdiu a sospeita?	Que reaccións ou sentimentos desencadean en min estas observacións?
Cando realicei que observacións?	Existen outras explicacións posibles para as observacións?
Que información compartiu o MAV comigo, cando e como?	Que penso que lle ocorrerá ó MAV se non hai unha intervención?
Que información compartiu un terceiro comigo, cando e como a compartiu?	Que medidas debo tomar?



O que se ha de ter en conta para facer unha boa documentación do caso.



3.4 PRINCIPALES ACTUACIONES

POSIBLE CASO DE ABUSO

Trala finalización das actuacións realizarase un informe que será remitido á Responsable de Entorno Seguro da Provincia para que, de acordo coa LOPD, quede rexistro de cada situación encontrada en calquera institución, centro ou obra da Compañía e as actuacións e conclusións finais de tódolos pasos levados a cabo tanto co abusador como coa vítima e o seu entorno, e dentro do centro no que ocorreron os feitos. Só entón se considerará que o caso está debidamente cerrado.

- por detección
- por sospeita
- por revelación indirecta
- por revelación directa
- por buzón de correo: proteccion@jesuitas.es

Derivación inmediata al S.E.S. (director o coordinador en la obra) que informan al Delegado del sector y a la Responsable de Entorno Seguro de la Provincia



Investigación en ámbito civil e/ou canónico, se procede




Escucha e atención primeira



INICIO	ACCIONES	ACTUACIÓN	SEGUIMIENTO	PECHE
<p>Detección</p> <p>Revelación indirecta</p> <p>Revelación directa</p>	<p>Coa vítima e familiares: Urxencias (síntomas evidentes de abuso): Policía, fiscalía, etc.</p> <p>Síntomas físicos: hospital.</p> <p>Entrevista co MAV.</p>	<p>Valoración polo equipo SES:</p> <p>Medidas inmediatas.</p> <p>Pasos a seguir segundo o caso.</p> <p>Información á contorna e persoas afectadas.</p>	<p>Ofrecimiento de apoio en diferentes niveis.</p> <p>Apoio al entorno.</p> <p>Disposición hacia la justicia si fuera necesario.</p>	<p>Ofrecemento de apoio en diferentes niveis.</p> <p>Apoio á contorna.</p> <p>Disposición cara á xustiza se fose necesario.</p>
	<p>o presunto abusador e a súa contorna:</p> <ul style="list-style-type: none"> - se é de dentro das nosas institucións. - se non pertence ás nosas institucións. 	<p>Retirada preventiva do seu posto e funcións.</p> <p>Aviso ás autoridades de acordo coa lexislación vixente (en caso de menores).</p>	<p>Disposición ante os posibles procesos abertos. (investigación, proceso civil/penal e/ou canónico).</p> <p>Apoio á contorna.</p> <p>Comunicación interna.</p>	<p>Se fose necesario comunicado externo.</p>



TRATAMIENTO DE SOSPEITAS E DENUNCIAS



3.4.1 O comezo do proceso

No caso da manifestación dunha sospeita ou denuncia, a coordinadora/encargado fai xunto co director/directora unha "avaliación preliminar" a partir dos datos recibidos (facendo, en caso de que sexa necesario e de forma discreta, algunhas pescudas pola súa conta). Pode haber sospeitas ou denuncias das que se considere, xa nesta fase preliminar, que non se corresponden coa realidade, cerrándose así o proceso.

No caso de que se considere necesario ou prudente investigar e actuar máis coidadosa ou detalladamente, séguense estes pasos:

1. Se se trata dunha situación na que poida existir a posibilidade dun delito, é obrigatorio comunicalo ás autoridades xudiciais (fiscalía, policía, etc.), que se o consideran, darán inicio ó proceso penal (paralelo ó proceso interno).
2. A cuestión seguinte é se a vítima permanece en situación de perigo. Se é que si, entón a obra debe avaliar se está capacitada para tratar a situación. Os centros educativos e outras institucións públicas e privadas pertencen ó conxunto das chamadas "entidades con competencia en materia de infancia e xuventude", e deben por iso asumir o "primeiro nivel" no tratamento das incidencias con menores. O mesmo ocorre, en certos casos, no que se refire a incidencias con adultos vulnerables.
 - a. En caso de que a obra non sexa capaz de tratar a situación, debe entón notificar ás institucións de "segundo nivel" (fiscalía de menores, servizos sociais...). Neste caso a obra intentará estar dispoñible para acompañar e colaborar no que sexa necesario ou lle sexa requirido.
 - b. Se a obra asume o tratamento da situación de perigo, ha de establecerse un plan de acción (por exemplo, contactar a familia, coñecer mellor a situación). Debe manterse aberta a posibilidade de recorrer a entidades de nivel superior, no caso de que a situación así o requira.
3. Á vez que se ha de afastar a situación de perigo, xorde a cuestión de se a obra pode facer algo máis pola vítima, sempre de acordo coa familia ou cos titores legais ou o propio interesado, no caso de ser un adulto non dependente. Deben ser activados tódolos medios necesarios.
4. A cuestión seguinte é se se trata dunha incidencia interna ou externa. No caso de ser unha incidencia externa (que corresponde, na práctica, a unha situación de abusos fóra da obra), a última cuestión é se hai algunha acción de prevención que a obra poida levar a cabo, para diminuír ou eliminar o risco de que novas situacións semellantes poidan ocorrer ou causar dano (por exemplo, a formación das vítimas para autoprotección, formación parental para as familias e outros responsables dos MAV, etc.). E cérrase o proceso, terminándose o rexistro de incidencia externa.
5. No caso de que se trate dunha incidencia interna (que significa, na práctica, a existencia de abusos dentro da obra por parte do traballador ou persoa voluntaria):



a. Se a persoa en cuestión é traballadora ou voluntaria, o director ou directora ha de tomar a decisión de se inicia ou non un proceso disciplinar (no caso dun traballador da obra), un diálogo ou o despido ou rescisión (no caso de voluntario ou un prestador individual de servizos) ou poñerse en contacto coa entidade prestadora de servizos (no caso de que sexa unha persoa externa empregada na obra por esa entidade). Débense ter en conta os elementos e as explicacións dadas, o recoñecemento da falta e a gravidade da incidencia e a reincidencia. O resultado final do proceso pode ir desde arquivo, por un lado, ó despido por causa procedente, rescisión do contrato, despido da persoa voluntaria ou o requirimento de substitución da persoa traballadora á entidade prestadora de servizos (ou a rescisión do contrato con esa entidade) por outro. Debido ás súas implicacións legais, parece necesario que todas estas situacións (agás aquelas que están ligadas co voluntariado) sexan levadas ou acompañadas por un xurista seguindo os tódolos procedementos previstos na lexislación pertinente.

b. Xorde tamén a cuestión de se se ha de poñer en práctica algunha medida disciplinar ou institucional, ligada á incidencia: medidas disciplinares no caso de que os actores foran outros MAV (segúndose aquí tamén a lexislación permanente, en caso de que exista, aplicable á situación); accións de comunicación interna e/ou externa, etc.

c. Antes de cerrar o proceso é pertinente preguntarse se é necesario ou aconsellable a posta en práctica de novas medidas de

protección, capaces de previr novas incidencias semellantes á incidencia tratada.

d. Finalmente, cérrase o proceso ó finalizar o rexistro de incidencia interna.

3.4.1.1 Actuación coa persoa acusada

Se se trata dun laico ou laica

O Coordinador de Entorno Seguro e o Director ou Superior da obra entrevístana conxuntamente para lle comunicar a información recibida. O Director ou Directora da obra informara de que ten dereito a ser acompañada por alguén da súa confianza ou representante dos traballadores nesa entrevista.

Se se trata dun relixioso

A Coordinadora de Entorno Seguro e unha persoa, nomeada polo Pai Provincial, entrevístano conxuntamente para lle comunicar a información recibida. O P. Provincial informara de que ten dereito a ser acompañado por alguén da súa confianza.

3.4.2 Outros elementos que se han ter en conta

Quedan porén algúns elementos importantes a ter en conta no tratamento das incidencias:

- Ó longo do proceso debe coidarse, en primeiro lugar, a seguridade e benestar da vítima. Se se vise necesario, pódese asociar ó proceso unha "persoa de confianza" da obra que sexa próxima á vítima e/ou á súa familia. Tamén hai que prestar moita atención a posibles tentacións de

agresividade e “vinganza” por parte da persoa acusada.

- Aínda que se trate dunha incidencia interna cuxo sospeitoso é un traballador ou voluntario, débese avaliar se é bo un “distanciamento preventivo” ata que os feitos estean enteiramente esclarecidos.

- Non se debe esquecer, entrementes, que a persoa é inocente ata que se proba o contrario, e así debe ser tratada.

- En caso de que o acusado sexa un xesuíta, o Responsable Provincial do SES debe estar avisada, para que xunto co P. Provincial estuden a conveniencia de dar inicio a un proceso canónico

- Pode tamén ocorrer que a persoa acusada sexa o propio responsable ou unha persoa da dirección. Neste caso debe sempre recorrerse a unha autoridade superior e ó responsable Provincial.

- Outro principio a manter durante todo o proceso é o da confidencialidade. No anexo 9, sobre as normas a ter en conta de acordo coa LOPD, pódense ver as medidas que se teñen que levar a cabo respecto do manexo desta información de alta sensibilidade.

Porén, é tamén necesario dar algunhas explicacións simples ós traballadores da obra, para evitar rumores e acusacións. Se ha falar pouco dos datos obxectivos e sen tomar partido ou tirar conclusións, manifestando sinxelamente que a cuestión está a ser investigada. En caso de que sexa necesario o contacto coa prensa, entón non deberá

dicirse nada sen o contacto co equipo de medios de comunicación da provincia (que, por suposto, pode tamén axudar á comunicación interna).

- Como anteriormente está dito, o peche do proceso deberá incluír sempre a cuestión das aprendizaxes obtidas. Se ha de preguntar se hai melloras que se han de poñer en práctica na institución, como novas regras ou procedementos.

No caso de que se conclúa que a persoa sospeitosa era inocente, deben darse tódolos pasos necesarios para reparar as posibles consecuencias negativas que esta puidera ter sufrido.

3.4.3 Prazos

Pese a que cada situación é única, o manual SES indica algúns prazos para o tratamento da manifestación de sospeitas ou denuncias. A prioridade que se dea á investigación dos feitos a á resolución das situacións, tamén é unha expresión do compromiso da obra e da Provincia coa protección e coidado dos MAV.

Os prazos indicados son os seguintes:

- No caso de que haxa a posibilidade dun delito e/ou a vítima estea nunha situación de perigo, a incidencia debe ser tratada nun prazo máximo de 24 horas e, se é posible, no mesmo día.

- Tódalas demais incidencias deben ser tratadas nun prazo máximo de tres días hábiles.

- Débese actuar con dilixencia e celeridade evitando o "arrastre" (dilación indebida).
- No caso de que estea iniciado un proceso de ámbito xurídico (proceso disciplinar a un traballador ou traballadora, procedemento disciplinar a un alumno ou alumna ou a al-

guén do voluntariado, etc.), seguiranse con rigor os prazos previstos na lei.

DIFUSIÓN



DIFUSIÓN

A posta en marcha do Sistema de Entorno Seguro (SES) nas obras será coñecida sobre todo polos traballadores e voluntarios que teñan feito a Formación Inicial, coñezan o manual e teñan asinado o Compromiso de Coñecemento e Adhesión. É importante que o "círculo" se vaia ampliando, tanto para os MAV e outros beneficiarios (para que coñezan esta preocupación das obras e dos traballadores e voluntarios que traballan nelas) como para o exterior (para que medre e se difunda unha cultura de protección e coidado dos MAV).

4.1. DIFUSIÓN INTERNA

A nivel interno das obras, está previsto que o Sistema de Entorno Seguro (SES) se dea a coñecer da seguinte forma:

- Fixación de carteis sinxelos coa información básica do Sistema de Entorno Seguro (SES) e das diferentes formas de contacto co Coordinador e Subcoordinadores do SES.
- Disponibilidade de folletos sinxelos, para seren ofrecidos ós beneficiarios e asociados en momentos de inscrición nas actividades, encontros conxuntos, etc.

En canto ás diferentes formas de recepción de sospeitas e denuncias:

- Cada obra colocará na súa páxina web

institucional a referencia ó Sistema de Entorno Seguro (SES) e o contacto de correo electrónico e telefónico do Coordinador ou Coordinadora do SES. Tamén se ofrecerá online a "caixa de correo anónimo de atención": proteccion@jesuitas.es. Debe figurar do mesmo modo na páxina web da PECJ, coa referencia ó Responsable Provincial SES.

- Cada obra debe estudar a posibilidade de ter unha "caixa de correo de recepción" de sospeitas e denuncias. Se así se fixera, tería que se redirixir á caixa de correo central: proteccion@jesuitas.es, de acordo co asesoramento recibido pola empresa consultora en materia da Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD)

4.2. DIFUSIÓN EXTERNA

A difusión "externa" do Sistema por parte das obras e da PECJ realizarase:

- Na páxina web de cada obra haberá unha referencia ó Sistema de Entorno Seguro (SES) cun vínculo á páxina SES da PECJ.
- Na páxina web da PECJ estará dispoñible o manual SES, que poderá ser descargado e compartido libremente.
- Cada institución deberá incluír no seu informe ou memoria anual unha referencia,

e avaliación breve, ó Sistema de Entorno Seguro (SES) que ten posto en práctica.

- Tamén a PECJ presentará anualmente unha memoria "agregada" das diversas obras.



EVALUACIÓN



EVALUACIÓN

5. AVALIACIÓN E MELLORA CONTINUA

Preténdese que o SES vaia incorporando ó longo do tempo correccións e aprendizaxes, conseguidos a través da experiencia das consultas e do tratamento das diversas incidencias.

5.1 En cada obra

Cada obra incorporará os seguintes mecanismos de avaliación e de mellora continua:

- Terase anualmente unha sesión de avaliación en equipo, coordinada polo Coordinador do SES, para recibir avaliacións, críticas e suxestións;
- O Coordinador ten tamén a función da mellora anual do Mapa de Riscos, a partir da experiencia, reflexión e incidencias que puideran ocorrer, propondo á obra medidas de protección;
- A posta en práctica inicial do SES non puido contar coa colaboración activa dos

beneficiarios das institucións e por iso deben preverse formas de promover esta participación nas futuras avaliacións anuais.

5.2 Na Provincia de España da Compañía de Xesús

A provincia incorporará os seguintes mecanismos de avaliación e de mellora continua:

- Recollida anual dos números e características das consultas e incidencias das obras, de forma que se consiga obter e visualizar unha "visión global" da Provincia;
- Celebrarase unha sesión anual de avaliación presencial cos coordinadores do SES, recollendo experiencias e suxestións de mellora do sistema;
- A partir das avaliacións e suxestións recibidas, programaranse novas formacións;
- O SES será revisado e mellorado no máximo de tres anos despois da súa publicación.



ANEXOS

ANEXO 1. SOBRE MITOS Y REALIDADES

MITO	REALIDADE
Os delincuentes sexuais son horrorosos ou de aspecto raro.	Os delincuentes sexuais adoitan presentarse con moita normalidade. A maioría irá traballar e participar na vida comunitaria sen chamar a atención sobre si mesmos.
Os delincuentes sexuais son 'vellos verdes' .	A maioría dos delincuentes sexuais cometen o seu primeiro delito durante a súa adolescencia e continúan ata que son capturados. Aínda que é certo que a maioría dos delincuentes sexuais son homes, é inexacto caracterizalos coma 'vellos'.
Os estraños son a meirande ameaza para os menores ou persoas en vulnerabilidade	A imaxe tradicional do “estraño” como o pederasta ou abusador é errónea.
O abusador foi abusado sexualmente na súa infancia.	Algunhas persoas que abusan sexualmente de nenos foron eles mesmos abusados sexualmente na súa infancia. Porén, a maioría das persoas que foron abusadas sexualmente NON se converten en delincuentes sexuais. Investigacións recentes atoparon que os delincuentes sexuais experimentaron abuso físico e emocional, incluíndo intimidación, nas súas vidas. Isto parece ser un factor nos comportamentos sexualmente abusivos.
As mulleres nunca abusan sexualmente de menores ou persoas en vulnerabilidade.	Aínda que a maioría dos delincuentes sexuais son homes, tamén se coñecen casos nos que as mulleres cometen abusos.
Só ocorre o abuso nunha ocasión e non adoitan volver repetilo.	É raro que un delito sexual se produza unha soa vez. Os delincuentes sexuais teñen un compromiso limitado co cambio, por teren xa cruzado límites legais, sociais e éticos substanciais para cometeren o delito. O tratamento para os delincuentes sexuais adultos, aínda que importante, demostrou ata agora que ten un éxito limitado para previr a reincidencia. Porén, o tratamento para os delincuentes sexuais adolescentes está acadando resultados máis positivos.



MITO	REALIDADE
<p>A incidencia do abuso sexual é extremadamente exaxerada e é máis sensacionalismo periodístico.</p>	<p>A maioría das historias de abuso sexual nunca se fan públicas. Un 95% dos delincuentes sexuais non teñen condenas penais por estes delitos. Como moito, estímase que só arredor do 10% dos delincuentes son procesados e só a metade deles non son condenados.</p>

ANEXO 2. BOAS PRÁCTICAS PARA O BO TRATO

OBXECTIVO 1: A PREVENCIÓN DO ABUSO SEXUAL NA NOSA ORGANIZACIÓN

1.2. ESTABLECER BOAS PRÁCTICAS PRE- VENTIVAS.

É dicir, establecer unha maneira de actuar que procure un entorno seguro e a propia protección dos traballadores ou voluntarios. Todo adulto que teña contacto habitual con menores de idade debe coñecer ben o seu papel, ca é o seu traballo e conducirse de maneira profesional:

1. As mostras físicas de afecto faranse tocando zonas "seguras" como as costas, os ombreiros, a cabeza, os brazos.... No noso contexto cultural é habitual que mestres e monitores abracen, collan en brazos e biquen nenos de corta idade, e que se abrace e bique nenos maiores e adolescentes. Estas mostras de afecto teñen os seus límites socialmente aceptados: os bicos danse nas meixelas (ou onde o neno pequeno acaba de darse un golpe); no se abraza á forza nin con excesiva presión nin duración e non se tocan endexamais zonas íntimas ou eróticas (coxas, nádegas, seos, xenitais).

2. Respetar a integridade física do neno; permitirlle rexeitar mostras de afecto incluso

no caso de que sexan con boa intención.
3. Evitar quedarse a soas cun neno ou cunha nena:

4. Examinar un neno ou nena enfermos ou feridos en presenza doutro adulto.

5. Falar en privado cun neno/a nun entorno visible para os demais. As pequenas salas con porta ou parede de cristal son ideais para esta fin.

6. Deixar a porta aberta cando se fala cun neno/a nun despacho ou habitación que non dispón de porta ou parede de cristal. Ou ben falar con el nun exterior onde outros adultos poidan ver o encontro. Ou indicar ós pais a situación na que se vai estar ou se estivo a soas cun neno/a ou cando se vai ter ou se tivo un contacto físico relevante (masaxe nunha perna tras un tirón, por exemplo). Neste sentido, a organización pode levar a cabo unha estratexia de máxima visibilidade no edificio onde atende os MAV: instalación de ventás nas portas ou cambio a portas de cristal, boa iluminación de tódalas áreas, política de "porta nunca cerrada", etc.

7. Prohibición absoluta de xogos, bromas ou castigos que impliquen espirse, bicarse ou outras condutas que poidan ter connotación sexual.



8. Dado que o castigo físico está prohibido, non pode xustificarse contacto físico por este motivo.

9. Prohibición de novatadas.

10. Avisar e informar os pais de saídas con noite fóra, asegurar un número suficiente de acompañantes e organizar o necesario para que os nenos/as pasen a noite axeitadamente. Non se permite compartir habitacións de hotel ou tendas de campaña con adolescentes ou nenos, agás que estea claramente xustificado.

11. Os profesores ou monitores deportivos ou de campamento non poden entrar nos vestiarios, baños nin duchas mentres estean os menores e, se han de facelo por razóns educativas ou de control, deberán entrar, a ser posible, dous adultos e do mesmo sexo que os menores presentes. Agás que sexa imperativo actuar, manteranse a distancia dos menores que se están a cambiar ou duchar.

12. Prohibición de manter encontros ou comunicacións con alumnos fóra do contexto colexial/deportivo/etc., ben sexan presenciais ou por correo electrónico, móbil ou en plataformas sociais alleas ás oficiais do centro ou grupo.

13. Por suposto é motivo inmediato de despedido calquera relación sentimental dun adulto con alumnos/xogadores/etc. menores de idade.

14. Os sentimentos de afecto e/ou namoramento cara a profesores ou monitores a miúdo responden á consideración do

adulto/a como ídolo. A persoa adulta ha de coñecer a súa propia responsabilidade nas situacións nas que os e as adolescentes manifestan sentimentos de namoramento cara a un adulto (adestradores/as, profesorado, monitores, formadores/as, etc.). O adulto non debe responder a ese tipo de afecto, senón establecer de forma sensata e con boas maneiras os límites adecuados de comportamento e relación.

15. A toma de calquera imaxe dos menores levarase a cabo cos medios do centro (cámaras de fotos, de vídeo,...), nunca con material persoal do traballador. Estas imaxes gardaranse nun arquivo único do que será responsable o centro ou asociación.

A dirección do centro ou servizo ou quen ostente a función de supervisión debe actuar sempre que o profesorado/monitores/ voluntarios vulneren ou non sigan as boas prácticas preventivas do protocolo. A actuación da dirección pode ir dunha simple indicación ou suxestión de mellora a unha chamada de atención, ou, no outro extremo, unha seria advertencia ou directamente a apertura dun expediente ou o despedido.

A última modificación da Lei Orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor establece que (Art. 13.5): Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de

seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa do

Rexistro Central de delincuentes sexuais. Este Rexistro réxese polo Real Decreto 1110/2015, de 11 de decembro, polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

ANEXO 3. USO DE IMAXES E TIC

Existen obras que xa teñen políticas definidas sobre o uso da imaxe (fotografía e vídeo) e de comunicación entre o equipo e cos beneficiarios. Novamente, o manual PES non pretende substituílas xa que están en constante evolución e cambio, no nivel de lexislación e no nivel das que se consideran boas prácticas. O que se presenta a continuación é un conxunto de principios a seguir por todos, que recollen algúns imperativos legais e promoven o coidado e mailo respecto polos MAV os que se pretende servir.

3.1 USO DE IMAXES

3.1.1 Indicacións para as obras

O principio legal a ter en conta é que non se debe obter, almacenar, usar e divulgar imaxes sen autorización das persoas que aparecen nelas ou, no seu caso, dos seus representantes legais.

Xorde a cuestión sobre as imaxes captadas, ó servizo da obra, nos eventos públicos e espa-

zos institucionais. A práctica consensual é que as imaxes sexan captadas de lonxe, de costas, de lado ou pixeladas, de forma que as persoas non poidan ser identificadas (pois o dereito á imaxe na privacidade prevalece sobre os intereses doutros e da propia obra). Suxírese que sexan fotógrafos profesionais os que cubran os eventos e deben estar debidamente acreditados e familiarizados con estas regras. En todo caso, para imaxes nas que non se cumpran estas condicións débese pedir autorización ós familiares/representantes legais dos MAV.

3.1.2 Indicacións para os colaboradores, voluntarios, MAV e outros

Os colaboradores e voluntarios non deben gravar imaxes de persoas, espazos e actividades da obra sen a debida autorización. E unha vez obtida a autorización, seguirán as instrucións indicadas pola obra.

En canto ós MAV e outros usuarios da obra (especialmente os seus familiares/responsa-



bles legais), teñen que ser axudados a percibir e adoptar os mesmos principios e regras aquí enunciados. Esta é unha cuestión cada vez máis importante, polas capacidades tecnolóxicas actuais dos teléfonos móbiles e outros aparatos de gravación.

3.1.3 PRÁCTICAS QUE SE PROMOVERÁN

Debe tenderse a que as imaxes captadas (sempre nas condicións legalmente esixidas) ofrezca unha visión positiva, represente a actividade da institución e non alimenten/reforcen estereotipos ou prexuízos.

Non se deben gravar imaxes e situacións potencialmente vergonzosas ou que revelen hábitos dos usuarios da obra (de forma que non comprometan a súa seguridade).

3.2 USO DAS TIC

3.2.1 Indicacións para as obras: Seguir as normas legais establecidas nos códigos actuais sobre a protección de datos

O principio legal que se ha de seguir é o da confidencialidade de tódolos datos persoais de colaboradores, voluntarios e beneficiarios (o que inclúe non só os datos biográficos, domicilio e contactos, senón tamén as notas obtidas en contexto escolar, probas médicas, avaliacións de desempeño, etc.).

Os equipos informáticos deben, de acordo coa lei de protección de datos, ter os accesos protexidos identificados con nome de usuario

e contrasinais. Recoméndase tamén o uso de filtros de software que bloqueen o acceso a sitios ilegais ou de contido inadecuado (pornografía, descargas ilegais, etc.).

3.2.2 Indicacións para os colaboradores, voluntarios, MAV e outros

Está prohibido o uso da infraestrutura informática da institución (a través dos seus ordenadores ou redes de cable ou Wi-Fi) para calquera tipo de uso ilegal (acceso a sitios ilegais, que non respecten os dereitos de autor, etc.).

O mesmo "principio de prudencia", que se usa para as comunicacións presenciais entre colaboradores/voluntarios e máis, débese utilizar para as comunicacións dixitais. As comunicacións cos MAV deben facerse a través dos seus responsables legais e polos canais oficiais da institución (por exemplo, contas de correos institucionais). Moita desta comunicación pódese facer de forma xeral/masiva e non individualizada. Poderán darse circunstancias nas que teña sentido o uso dunha comunicación directa e/ou intercambio de contactos persoais (e-mail e/ou teléfono). Porén, debe usarse con cautela e por razóns sempre xustificadas.

A "amizade" nas redes sociais tamén se prohíbe ós colaboradores polo feito de que a súa relación cos MAV é de carácter profesional. No caso de que iso ocorra no contexto de actividades informais ou de voluntariado, onde fora necesario por razóns de organización (e sempre con coñecemento da institución) a pertenza a grupos ("chats") nos que haxa persoas adultas e MAV, non debe ser obviada a responsabilidade

de non provocar situacións que poidan xerar ambigüidade.

3.2.3 Prácticas que se promoverán

No mundo globalizado dixital no que vivimos, onde todo se monitoriza e todo queda rexistrado para sempre, é fundamental o uso da prudencia e da cautela. Por iso se aconsella a todos que eviten dar demasiadas informacións sobre si mesmos (hábitos e lugares frecuentados, uso de xeolocalización, exposición de fotos íntimas ou provocativas, etc.), protexéndose tamén contra descoñecidos (requirimentos de amizade, filtros de privacidade).

Sobre todo, os menores están hoxe suxeitos a diferentes perigos en Internet: ademais do *cyberbullying*, estendeuse o *sexting* (intercambio de contidos eróticos/sexuais), ou *grooming*

(unha persoa adulta que se gaña a confianza dun menor con fins sexuais), ou o roubo de datos persoais (que inclúa imaxes comprometedoras e datos financeiros) e a subseguinte extorsión online.

Aconséllase finalmente a todos o uso respectuoso dos medios dixitais, evitando condutas inadecuadas ou ilegais (a falta de respecto dos dereitos de outros, a divulgación de datos falsos, o uso de linguaxe discriminatorio ou ofensivo, a infracción dos dereitos de autor, o acceso a sitios ilegais, etc.). Desde os traballadores e voluntarios ós MAV, todos dalgún xeito representan a institución.

O non cumprimento das indicacións sobre o uso de imaxes e TIC, por parte dos traballadores e voluntarios, poderá dar orixe a un proceso de "incidencia interna". Os incumprimentos graves poden xustificar a apertura dun proceso disciplinar.

ANEXO 4. ORIENTACIÓNS PARA O SECTOR DE EDUCSI

Prevenición no ámbito de aplicación. Xestión de situacións de risco nas actividades por segmentos de idade.

Unha vez establecidas as bases da prevención do maltrato e, en concreto, dos **abusos sexuais a MAV, a través da promoción de bos tratos, de definir o código de conduta a seguir**

e de determinar as intervencións contidas nos distintos niveis de prevención, dispoñémonos a analizar o noso ámbito de aplicación concreto para a prevención nos mesmos¹⁰

¹⁰ Nesta primeira edición do manual os exemplos refírense só a centros educativos de educación formal (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharel, FP)



Para isto, en primeiro lugar, incluímos os cadros que recollen as medidas para minimizar riscos nas distintas actividades que se realizan nos centros escolares por tramos de idade e, en segundo, a guía para a elaboración dos mapas de riscos que será necesario deseñar en cada centro.

A continuación, incluímos os seguintes

cadros por tramos de idade, nos que se recollen actividades habituais que se levan a cabo nos centros escolares e os riscos potenciais que poidan entrañar, determinando posibles accións que preveñan tales riscos. En realidade, constitúen un modo de detallar e concretar os comportamentos a promover, evitar e prohibir especificados no apartado anterior.

PROXECTO: 0 A 3 años		
Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Espazo de garda/ programas de "madrugadores".	Fotos, preferencias por algún MAV, contacto inadecuado.	Prohibición de facer fotos, expresar preferencias con algún MAV. Prohibición de facer obsequios ou favores. Ter sempre una persoa de referencia / garda na es- cola para pedir axuda en caso dun incidente.
WC, necesidade de cambio de cueiro ou roupa	Acompañar o MAV ó WC, quedarse só co MAV, fotos, tocamientos. Actividade levada a cabo por só unha persoa do equipo.	O adulto non se cerra no WC co MAV. Deixar as portas abertas. Os outros adultos están pendentes da acción ata que esta finalice.
Tempo de durmir / descanso a mediodía	Pódese dar un acercamento ina- proprio ós alumnos. Momento de certa intimidade e escuridade onde se poden dar to- camentos.	Os alumnos dormen ou descansan nos pequenos colchóns. Recoméndase a presenza de dous adultos.
Saídas e actividades	Utilización das saídas ou activida- des como momento de contacto informal inapropiado co alumnado.	En caso de que o adulto acompañante teña que esperar a familia porque veñen recoller o alumno con retraso, sempre o fará dentro das depen- dencias da escola ou nun espazo público en caso de que o retorno non se realice á escola.

Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Tempos de recreo	Situación de acercamento e/ou relación física inadecuada en lugares pouco visibles, aseos, etc.	A vixilancia sempre será feita por máis dunha persoa adulta. Ter coidado na vixilancia dos espazos que estea menos visibles. Recoméndase que os espazos non sexan compartidos por alumnado de diferentes momentos evolutivos.
No caso de que un alumno/a se faga dano	Vulnerabilidade por facer tocamientos inapropiados.	Sempre que sexa posible, acompañalo á enfermería. En caso de necesidade, curarase nun espazo público e en presenza dalgún compañeiro ou compañeira.
Desprazamentos por dentro das dependencias escolares	Encontros inapropiados con adultos ou alumnos maiores.	Os alumnos irán sempre acompañados por outro MAV da súa idade.

PROXECTO: 3 A 7 anos		
Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Espazo de garda	Fotos, preferencias por algún MAV, contacto inadecuado.	Prohibición de facer fotos, expresar preferencias con algún MAV. Prohibición de facer obsequios ou favores. Ter sempre unha persoa de referencia na escola para pedir axuda en caso dun incidente.
WC, necesidade de cambio de roupa	Acompañar o MAV ó WC, quedarse só co MAV, fotos, tocamientos. Actividade levada a cabo por só unha persoa do equipo.	O adulto non se cerra no WC co MAV. Deixar as portas abertas. Os outros adultos están pendentes da acción ata que esta finalice.



PROXECTO: 3 A 7 anos

Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Titoría de seguimento ou atención individualizada	Situación de relación individual ou íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha relación inadecuada.	Realízanse sempre na clase ou nun espazo habitual do alumno, coa porta aberta. Os compañeiros do equipo ou os coordinadores estarán ó tanto.
Chamadas a usuarios	Chamar algún usuario e facer un mal uso.	Usar o teléfono do centro. Poñer a opción de non enviar o número do noso móbil se se necesita falar con el. En ningún caso se facilitarán os datos persoais.
Mensaxes de correo	Utilizar o correo do MAV para enviar mensaxes inadecuados.	Os pais ou responsables legais teñen acceso ó correo do alumno.
Tempo de durmir a mediodía	Pódese dar un acercamento inapropiado ós alumnos. Momento de certa intimidade e escuridade onde se poden dar tocamientos.	Os alumnos dormen nas hamacas. Recoméndase a presenza dos adultos.
Tempo de durmir en caso de convivencia ou outras saídas académicas	Pódese dar un acercamento inapropiado ós alumnos. Momento de certa intimidade e escuridade onde se poden dar tocamientos.	Ningún acompañante pode durmir só nunha habitación cun MAV. No caso de que un MAV necesite coidados específicos, farase en presenza do resto de adultos.
Saídas e actividades	Utilización das saídas ou actividades como momento de contacto informal ou inapropiado co alumnado.	En caso de que o adulto acompañante teña que esperar a familia porque veñen con retraso recoller o alumno, sempre o fará dentro das dependencias da escola ou nun espazo público en caso de que o retorno se realice á escola.
Tempos de recreo	Situación de acercamento e / ou relación física inadecuada en lugares pouco visibles, aseos, etc.	A vixilancia sempre será feita por máis dunha persoa adulta. Ter coidado na vixilancia dos espazos que estean menos visibles. Recoméndase que os espazos no sexan compartidos por alumnado de diferentes momentos evolutivos.

PROXECTO: 3 A 7 años

Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
No caso de que un alumno/a se faga dano	Vulnerabilidade por facer tocamientos inapropiados.	Sempre que sexa posible, acompañalo á enfermería. En caso de necesidade, curarase nun espazo público e en presenza dalgún compañeiro ou compañeira.
Cambio de roupa	Vulnerabilidade por facer tocamientos inapropiados.	Sempre se fará ante o grupo, na aula ou lugar común.
Saída en horario de media pensión	Pódese dar un acercamento inapropiado ó MAV.	O adulto acompañarao á clase a recoller as súas cousas xunto con algún compañeiro. O adulto volverá á zona de recreo o máis rápido posible.
Desprazamentos por dentro das dependencias escolares	Encontros inapropiados con adultos ou alumnos maiores.	Os alumnos sempre irán acompañados por outro MAV da súa idade.

PROXECTO: 8 a 12 años

Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Espazo antes e despois do horario.	<ul style="list-style-type: none"> - Acercamento inapropiado ou inadecuado ó MAV. - Mostrar preferencias por algún alumno ou intimar demasiado con algún. - Grupos de alumnos de diferentes idades, intimidacións, ... 	<ul style="list-style-type: none"> - Máis dunha persoa adulta controlando o grupo. - Facer actividades por separado segundo a idade.
Uso do lavabo	<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de burlas, bromas, ... - Coerción de facer algunhas actuacións. - Van sóis ó baño. - O uso fano alumnos de diferentes idades. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ter os aseos por idades. - Intentar evitar espazos comúns por idades moi diferentes - Vixilancias preto dos aseos do patio - Os adultos deben facer uso de aseos propios e non dos alumnos. - Se hai que entrar a controlar algunha actuación, non entrar senón facelos saír a un lugar de paso común e atendelos alí.



PROWECTO: 8 a 12 años

Actividade	Situación de rico potencial	Accións preventivas
Titoría individualizada	<ul style="list-style-type: none"> - Situación de relación individual e íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha relación inadecuada. - Situacións susceptibles de mala interpretación. 	<ul style="list-style-type: none"> - É necesario que alguén máis saiba que se está a facer o encontro (oralmente ou por axenda). - Se se pode e se ve adecuado, facer as intervencións en espazos públicos. - Se é necesario que sexa individual e en espazo cerrado, que haxa vidro na porta.
Saídas e visitas	<ul style="list-style-type: none"> - Momento de contacto informal e/ou inapropiado. - Participan persoas externas á escola ou que non teñen tanta relación cos alumnos. - Risco de fotos e vídeos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Empezar e rematar sempre en grupo. - Ir sempre en grupo. - As persoas externas deben ter lido e asinado o protocolo.
Durmir fóra de casa	<ul style="list-style-type: none"> - Pódese dar un acercamento inapropiado ó MAV. - Momento de certa intimidade e escuridade onde se poden dar tocamientos. - Cambio de roupa, cueiros, ... - Risco de fotos e vídeos. - Posibilidade de enfermidade, de necesidade afectiva, ... - Participan persoas externas á escola ou que non teñen tanta relación cos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Se hai algunha necesidade especial (cueiros...) hai que falalo coa familia. - Que quede por escrito a información e autorización dos pais con notas aclaratorias respecto das situacións que se poden dar. - Ningún acompañante pode durmir só nunha habitación cun MAV ou nena. - En caso de que un MAV ou nena necesite coidados específicos, farase en presenza do resto de adultos.

PROXECTO: 8 a 12 años		
Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Xogos, espaxamento	<ul style="list-style-type: none"> - Favoritismos con certos alumnos. - Relación inadecuada entre adulto e MAV no xogo. - Demanda dalgúns MAV de afecto, de acercamento. - Participan persoas externas á escola ou que non teñen tanta relación cos alumnos. - Uso de aseos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar os límites do espazo persoal que cada MAV ten.
Datos persoais	<ul style="list-style-type: none"> - Uso inapropiado 	<ul style="list-style-type: none"> - Non dar nunca teléfonos nin mails nin enderezos persoais - ós alumnos.
Obsequios	<ul style="list-style-type: none"> - Favoritismos con certos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non facer nunca obsequios ós alumnos de maneira individual que implique favoritismos.
Enfermería	<ul style="list-style-type: none"> - Contacto físico cos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ter a porta aberta cando se dispensan os coidados e atencións ós alumnos.
Nenos con necesidades especiais	<ul style="list-style-type: none"> - Hai máis fragilidade e indefensión. - Falta de comunicación por parte do alumno. - Necesitan máis das actuacións da persoa adulta. 	<ul style="list-style-type: none"> - Uso do coidador no máximo de situacións posibles. - Os vixiantes deben facer formación das actuacións, ler e asinar o protocolo. - Evitar o máximo posible que se quede a soas cunha persoa adulta que non sexa a encargada de o coidar



PROXECTO: 12 A 16 anos		
Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Titoría individual (titores, coordinadores, consiliarios, orientadores)	Situación de relación individual e íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha situación inadecuada.	Vidro nas portas. Portas abertas. Facelo nos lugares e horario previstos.
Atención académica individual (consultas, traballos de investigación...)	Situación de relación individual e íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha situación inadecuada.	Reunión na aula e coa porta aberta. Facer a reunión na sala de departamentos ou nunha sala con outros profesores.
Vestiaros	Vulneración da intimidade ante a presenza dunha persoa adulta.	Profesores de EF ou auxiliares de vestiario de ambos sexos. Evitar entrar no vestiario se non se dá unha situación de alarma. Designar un alumno como responsábel do vestiario que avise o profesorado de situacións de risco entre iguais.
WC	Vulneración da intimidade ante a presenza dunha persoa adulta.	Habilitar aseos de profesores. Facer uso dos aseos de profesores se os hai.
Comedor mediodía	Extrema confianza entre monitores e alumnos.	Contratación de monitores. Consignas claras ós monitores: non dar teléfonos particulares, non quedar para saír fóra da escola...

PROXECTO: 12 A 16 anos

Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Excursións	Momentos de contacto inapropiados cos alumnos. Relacións inadecuadas entre monitores e alumnos.	Tódalas actividades deberían ser "visibles" e do grupo enteiro. As actividades axustaranse ás programadas e que previamente se comunicaron ás familias. Ningún acompañante pode durmir só nunha habitación cun MAV. No caso de que un MAV necesite coidados específicos, farase en presenza do resto de adultos.
Fotografías e gravacións	Uso indebido e/ou privado de fotografías de alumnos.	Axustarse á normativa vixente de dereitos de imaxe. Facer preferentemente fotos de grupo ou fotos das actividades programadas.
Traxectos antes e despois do horario escolar	Situación de relación individual e íntima inadecuada.	Evitalos agás en casos puntuais e con consentimento por escrito dos pais.



PROXECTO: 16 A 18 ANOS (ídem 12 a 16)

Actividade	Situación de risco potencial	Accións preventivas
Titoría individual (titores, coordinadores, consiliarios, orientadores)	Situación de relación individual e íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha situación inadecuada.	Vidro nas portas. Portas abertas. Facelo nos lugares e horario previstos.
Atención académica individual (consultas, traballos de investigación...)	Situación de relación individual e íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha situación inadecuada.	Reunión na aula e coa porta aberta. Facer a reunión na sala de departamentos ou nunha sala con outros profesores.
Vestuarios	Vulneración da intimidade ante a presenza dunha persoa adulta.	Profesores de EF ou auxiliares de vestiario de ambos sexos. Evitar entrar no vestiario se non se dá unha situación de alarma. Designar un alumno como responsable do vestiario que avise o profesorado de situacións de risco entre iguais.
WC	Vulneración da intimidade ante a presenza dunha persoa adulta.	Habilitar aseos de profesores. Facer uso dos aseos de profesores se os hai.
Comedor mediodía	Extrema confianza entre monitores e alumnos.	Contratación de monitores. Consignas claras ós monitores: non dar teléfonos particulares, non quedar para saír fóra da escola...
RRSS e correos	Malas interpretacións das mensaxes de correo. Intromisións na vida privada dos profesores e dos alumnos.	Utilizar sempre os correos institucionais. As contas de facebook que sexan unicamente institucionais, que a escola estea informada e que non haxa un único administrador. Ter coidado do que se escribe nas mensaxes, enviar copia oculta ou evitar respostas escritas e facelas persoalmente.



PROYECTO: 16 A 18 años (ídem 12 a 16)

Actividad	Situación de riesgo potencial	Acciones preventivas
Fotografías e gravacións	Uso indebido e/ou privado de fotografías de alumnos.	Axustarse á normativa vixente de dereitos de imaxe. Facer preferentemente fotos de grupo ou fotos das actividades programadas.
Traxectos antes e despois do horario escolar	Situación de relación individual e íntima inadecuada.	Evitalos agás en casos puntuais e con consentimento por escrito dos pais.
Rapaces con necesidades especiais	<ul style="list-style-type: none"> - Hai máis fragilidade e indefensión. - Falta de comunicación por parte do alumno. - Necesitan máis das actuacións da persoa adulta. 	<ul style="list-style-type: none"> - Uso do cuidador no máximo de situacións posibles. - Os vixiantes deben facer formación das actuacións, ler e asinar o protocolo. - Evitar o máximo posible que se quede a soas cunha persoa adulta que non sexa o vixiante.

ANEXO 5. COMO ELABORAR MAPAS DE RISCO

Unha metodoloxía posible:

a) Pódese comezar tendo en conta varias situacións de risco identificadas e sinalar aquelas que teñen algunha probabilidade de ocorrer na obra. En obras que sexan máis complexas pódese facer abordando un tipo de mapa distinto para cada dimensión (etapa de infantil, primaria, adolescentes, anciáns, etc.) Ou un tipo de espazo ou actividade (aulas normais, actividades extracurriculares, saídas, etc.), "esgotando" as situacións posibles de risco antes de pasar ó tipo seguinte. A continuación, pódese confirmar

este proceso, por exemplo, cun histórico de ocorrencias ou accidentes (por negligencia ou falta de vixilancia), ou polas mesmas preocupacións xa manifestadas polos colaboradores ou voluntarios. Finalmente, pódense incluír tamén no mapa as situacións que, non sendo especificamente de risco, si poden considerarse "malas prácticas" xa detectadas na obra (que corresponden na práctica a unha falta no deber de prestar un servizo de calidade).

b) Para cada situación de risco identificada rexístrase a data na que a liña do Mapa de



Riscos se elabora e unha descrición completa da forma en que pode ocorrer:

- a. En que **local**? Puede ocorrer por exemplo nos espazos institucionais (salas, despachos, patios, etc.), en espazos exteriores (durante actividades exteriores, campamentos, excursións, dormitorios, na rúa, etc.), en domicilios particulares (voluntariados en casas de familias para clases particulares, reconstrucións, limpeza...), etc.
- b.
- c. En que **momento**? Pode ser durante actividades organizadas con ou sen vixilancia, momentos de descanso, descanso nocturno, etc.
- d.
- e. Cales son as **vítimas potenciais**? Os MAV poden ser bebés ou MAV en idade preescolar, escolarizados, adolescentes, adultos en situación de vulnerabilidade (persoas en situación de exclusión social, con discapacidade física, inmigrantes, anciáns), persoas dependentes (discapacidade psíquica, anciáns semiconscientes ou inconscientes).
- f.
- g. Cales son os potenciais **axentes agresores**? Os axentes poden ser outros MAV, colaboradores ou voluntarios, visitantes puntuais (incluíndo familiares ou responsables legais dos MAV). Haberá algunhas

situacións nas que os riscos non estean causados por axentes, senón que sexan o resultado dunha planificación deficiente dos espazos ou das actividades (por exemplo, MAV sen vixilancia), ou de circunstancias imprevistas.

- c) Unha vez caracterizada a situación, clasifícase a **probabilidade de que ocorra** (alta/media/baixa), así como a **gravidade do caso** (alta/media/baixa)¹¹. Canto máis alta sexa a probabilidade e/ou a gravidade, máis se deben coidar as medidas de protección que deben poñerse en funcionamento.
- d) Finalmente, elabóranse as **medidas de protección** que se estimen pertinentes, ou que poden ser medidas *ad hoc*, para promover nunha obra comportamentos e unha cultura protectora de boas prácticas (por exemplo, dar formación axeitada á idade dos MAV, sobre violencia e xestión emocional). Débese fixar sempre a data para o seu tratamento ou posta en funcionamento, existindo tamén un campo de observacións para calquera rexistro complementario subseguinte e para valorar os resultados da medida adquirida ou o coñecer qué nos indicaría que a medida será útil.

11 A clasificación de "probabilidade" e de "gravidade" (no sentido das consecuencias para a vítima a nivel físico, emocional e de comportamento) terán sempre un elemento inevitable de subxectividade, ligado ó contexto da obra e á sensibilidade de quen avalía. A experiencia compartida entre institucións axudará a ir clarificando visións e criterios.

Exemplo MAPA DE Riscos Centro educativo (etapa Primaria)

ACTIVIDADES SITUACIÓN S	DESCRIPCIÓN DE POSIBLES RISCOS	PROBABILIDADE: Alta (PA)/ Media (PM)/ Baixa (PB) GRAVIDADE: Alta (GA)/ Media (GM)/ Baixa (GB)	OBXECTIVO: QUE SE PRETENDE COAS MEDIDAS	MEDIDAS A ADOPTAR	CONDICIÓNS DE MEDIDAS ADOPTADAS	AVALIACIÓN Indicadores adoptados para valorar eficiencia da medida
Titorías individualizadas	Situación de relación individual e íntima que se pode usar para acadar información e establecer unha relación inadecuada.	PM, GA	Minimizar o risco	Documento no que se rexistre cada titoría e as condicións nas que se levou a cabo.	Elaboración e entrega ós titores para o seu uso.	Comprobar que se utiliza o documento para o rexistro de cada titoría individualizada.
			Minimizar o risco	É necesario que alguén máis saiba que se está a levar a cabo o encontro (oralmente ou por axenda).	Planificar e acordar a quen informar da titoría que imos manter co alumno.	Rexistro de cando e a quen informamos.
			Minimizar o risco	Se é posíbel e se ve adecuado, facer as intervencións en espazos públicos.	Definir e acordar se contamos con algún espazo público no que poidamos levar a cabo a titoría coas suficientes garantías de eficiencia e confidencialidade para a mesma.	Rexistro do lugar onde se leva a cabo a titoría.
			Minimizar o risco	Se se leva a cabo en espazo privado e cerrado, que haxa vidro na porta. Deseño do espazo para que, preferentemente, a través do vidro se vexa o adulto en todo momento, pero non o menor.	Instalación de vidros nas portas se non os houbera. Deseño da disposición do mobiliario para deixar á vista ol adulto en todo momento.	Comprobación dos espazos. Rexistro do lugar onde se leva a cabo a titoría.

			Minimizar o risco	En caso de non haber vidro na porta, deixala aberta. Deseño do espazo para que, preferentemente, desde a porta se vexa o adulto en todo momento, pero non o menor.	Normativa clara sobre a necesidade de deixar aberta a porta do espazo no que esteamos a soas cun menor.	Comprobación dos espazos. Rexistro da circunstancia no documento antes sinalado.
--	--	--	-------------------	--	---	---

Saídas/visitas	Posible momento de contacto informal e/ou inapropiado.	PM, GM	Minimizar o risco	As actividades serán visibles polo grupo, programadas e coñecidas por varios responsables do centro. Estarase pendente de ir sempre en grupo.	Os responsables estarán pendentes de que ninguén se quede retrasado do grupo.	Recollido en <i>Normas de Conduta da CJ</i> . Rexistro e firma.
	Participan persoas externas á escola que no teñen tanta relación cos alumnos.	PM, GM	Minimizar o risco	As persoas externas deben ter lido e asinado a normativa.	Ter sempre dispoñible a <i>normativa</i> para ser lida e asinada.	Rexistro das firmas de comprobación de lectura e compromiso de cumprimento da normativa. Especificar data e actividade.
	Risco de fotos e vídeos.	PM, GM	Minimizar o risco	Non facer fotos con móbiles ou cámaras persoais senón da escola.	Se os menores levan móbil, establecer que só o usen para chamar ás súas casas.	Incluír na normativa do centro que, en saídas, os alumnos só poderán facer uso do móbil nos momentos fixados para chamar ás súas casas.
	Situacións excepcionais como ter que trasladar un menor a un centro de saúde.	PB, GM	Minimizar o risco.	Se é posible, non viaxar só adulto e menor. Se non é posible, informar outros adultos responsables (recollido nas <i>indicacións xerais-letra f do documento Normas de conduta en relación con menores da CJ</i>)	Elaboración de documento no que se rexistren posibles incidencias nas saídas con menores.	Revisión de rexistros.

Uso dos vestiarios	Gravación de imaxes de alumnado nos mesmos	PM, GM	Eliminar o risco	O educador non accederá ó vestiario con aparatos susceptibles de gravar imaxes	Establecer norma ó respecto	Recoller as situacións na memoria da materia
				Se é necesario acceder ó vestiario queda razoado na programación	Que se reflicta na programación	
				Cando o educador estea no vestiario a porta quedará entreaberta		
Uso dos lavabos						
Xogos/actividades lúdicas						
Enfermería						
Fotos e vídeos						

Exemplo MAPA DE RISCOS Centro educativo (etapa ESO/BACH)

ACTIVIDADES SITUACIÓNS	DESCRIPCIÓN DE POSIBLES RISCOS	PROBABILIDADE: Alta (PA)/ Media (PM)/ Baixa (PB) GRAVIDADE: Alta (GA)/ Media (GM)/ Baixa (GB)	OBXECTIVO: QUE SE PRETENDE COAS MEDIDAS	MEDIDAS A ADOP-TAR	CONDICIÓNS DE MEDIDAS ADOP-TADAS	AVALIACIÓN Indicadores adoptados para valorar eficiencia da medida
Uso dos vestiarios	Gravación de imaxes de alumnado nos mesmos	PM, GM	Eliminar o risco	O educador non accederá ó vestiario con aparatos susceptibles de gravar imaxes	Establecer norma ó respecto	Recoller as situacións na memoria da materia
				Se é necesario acceder ó vestiario queda razoado na programación	Reflectir na programación	
				Cando o educador estea no vestiario a porta quedará entreatberta		
Contacto nas redes sociais	Estabelecemento de relacións de intimidade e amizade co educador	PM / GM	Eliminar o risco	Os educadores non farán uso das redes sociais para establecer contacto con aqueles/as que son alumnos/as do centro	Cumprimento do Código de Conduta da Compañía de Xesús en España, art. 46.3	Rexistro e sinatura da normativa

Para a elaboración dos mapas de riscos ter en conta:

- Táboas de prevención de riscos por actividades para os centros educativos.
- Documento da CJ "Modo de proceder en relación cos menores"
- ...

Exemplo MAPA DE RISCOS Sector social

Área de actividade/ programa:							
Situacións de risco	Descrición (2)	Clasificación			Medidas a adoptar		
		Posibilidade		Impacto	<u>Objetivo (3)</u>	Descrición	Indicador
		Real (4)	Potencial (5)	Gravidade (6)			
							Como saberemos se a medida está a ser efectiva?
Confidencialidade	Que as comunicacións relativas ós menores non protexan o dereito á confidencialidade dos datos de carácter persoal do menor					Información de protección de datos, sensibilización (marcar espazos, tempos e categorías profesionais para o tratamento dos diversos datos)	Cando non se observen actitudes insensibles coa intimidade e a protección de datos. Incidencias nos informes das auditorías de protección de datos.
	Tratamento da documentación entre profesionais (extravíos, perdas de información, etc.)	Frecuente		Moi grave	Erradicación do risco	Existen un protocolo de xestión documental e espazos habilitados con medidas de protección (portas, chaves) para tratar estes datos	Cando non existan perdas e extravíos . Incidencias nos informes das auditorías de protección de datos.

		Que nas conversacións informais e/ou externas de información relativa ó menor se revelen datos de carácter persoal ou íntimo	Frecuente		Moi grave	Erradicación do risco	Para o traspaso de información técnica relativa ós expedientes existen espazos e tempos habilitados.	Cando non se observen actitudes insensibles coa intimidade e a protección de datos. Incidencias nos informes das auditorías de protección de datos.
		Falta temporal sobre o tempo de custodia dos documentos recibidos vía FAX (común)	Moi frecuente		Grave	Erradicación do risco	Na actualidade o FAX está situado nunha zona de oficinas (con acceso restrinxido) pero onde poden acceder persoas alleas non destinatarias desa información. Preténdese instalar unha aplicación que faga chegar os fax directos ós equipos educativos concretos	Desaparición do número de envíos deste tipo de información ó FAX xeral.
		Perda de información e mellora da adecuación da intervención por non documentar, incorporar, as queixas e reclamacións formuladas por menores e familias	Pouco frecuente		Pouco grave	Minimización do risco	Protocolo de recollida de queixas e incidencias e realización de enquisas de satisfacción ós menores e familias con apartado xenérico de observacións.	Falta de incidencias nas avaliacións e supervisións que se fan desde a Consellería e Fiscalía e mais desde a propia entidade

							Existen equipos multidisciplinares e con supervisión é máis fácil que se detecten e corrixan estas situacións.	
		Vinculación inadecuada dos educadores cos menores (inflúe negativamente ante situacións e agravios comparativos menores, desatención,...)	Pouco frecuente		Grave	Minimización do risco	Os membros dos equipos están formados en traumaterapia infantil; ademais ó se tratar de equipos multidisciplinares e con supervisión é máis fácil que se detecten e corrixan estas situacións.	Falta de incidencias nas avaliacións e supervisións que se fan desde a Consellería e Fiscalía e mais desde a propia entidade
		Abusos sexuais por parte dun menor		Improbable	Moi grave	Erradicación do risco	Solicítanse certificado negativo delitos sexuais. Asíñase un código de conduta. Tódolos profesionais recibiron para o coñecemento e aplicación da guía "Pautas de actuación para os profesionais dos Centros de Menores ante situacións de abuso sexual". Evitar	Falta de incidencias nas avaliacións e supervisións que se fan desde a Consellería e Fiscalía e mais desde a propia entidade. Falta de incidencias e denuncias dos menores e mozos.

							momentos de illamento dos menores. En futuras reformas do edificio crear espazos transparentes para os espazos comúns ou de uso xeral. Existencia equipo multidisciplinar de varios membros, supervisión.	
		Dano na saúde dun menor derivado da conduta violenta do persoal da entidade		Pouco probable	Moi grave	Erradicación do risco	Existen equipos multidisciplinares; con formación e con supervisión é máis fácil que se detecten e corrixan estas situacións. Existe un procedemento de queixas e reclamacións e mais enquisas de satisfacción. O director é interlocutor dispoñible e continuo para os menores.	Falta de denuncias dos menores, incidencias nas avaliacións e supervisións que se fan desde a Consellería e Fiscalía e mais desde a propia entidade . Informes médicos.
		Carencia de motivación do persoal derivada da excesiva preocupación pola situación profesional		Probable	Moi grave	Minimización do risco	Entrevistas persoais e escritas ó persoal. Información transparente. Xornada	Falta de incidencias nas avaliacións e supervisións que se fan desde a

		(inestabilidade por condicións acordo marco, conxelación salarial, adaptación horario quendas,...)					de avaliación dos equipos educativos. Atención ás demandas do persoal. Abordaxe das suxestións e as causas de conflito.	Consellería e Fiscalía e mais desde a propia entidade
								Intervencións médicas. Incidencias recollidas nos Informes da Autoridade Sanitaria, Analíticas e Auditorías.
								Intervencións médicas. Incidencias recollidas nos Informes da Autoridade Sanitaria, Analíticas e Auditorías.
	Pobre atención dos menores	Falta de definición clara das funcións dos postos de traballo	Frecuente		Pouco grave	Minimización do risco	Redeseño dos postos de traballo. (Plan Estratéxico)	Avaliación por parte da supervisión. Incidencias por descoñecemento do posto.
		Falta de claridade no cadro de mando (directrices e comunicacións)	Frecuente		Pouco grave	Minimización do risco	Redeseño dos canais de comunicación, organigrama e cadro de mando. (Plan Estratéxico)	Avaliación por parte da supervisión. Incidencias por descoñecemento do posto.

	Falta de coherencia entre necesidades reais, cláusulas pregos, lexislación (p.e. falta de concreción na interpretación da ratio establecida ou dos perfís profesionais)	Moi frecuente		Moi grave	Minimización do risco	Aumentar a ratio e a formación dos perfís de profesionais	Ratio persoal/menor. Categorías e titulacións esixidas ás formacións.
	Falta de financiamento podería revertir en non dispoñer dos recursos que se entenden necesarios para dar un servizo de calidade		Moi probable	Moi grave	Minimización do risco	Actuacións de incidencia coa Administración que permitan favorecer políticas de financiamento, supervisión e control por parte das Administracións	Déficit entidade. Financiamento externo.
	[1] Entidade ou programa.						
	[2] Onde, cando, por parte de quen, en que momento...						
	[3] Erradicación do risco (prevención total); Minimización do risco; Redución do risco.						
	[4] Moi frecuente / frecuente / pouco frecuente / infrecuente.						
	[5] Moi probable / probable / pouco probable / improbable.						
	[6] Moi grave / grave / pouco grave.						

ANEXO 6. INDICADORES PARA AXUDAR A DETECTAR POSIBLES SITUACIÓN S DE ABUSO A MENORES

INDICADORES CARACTERÍSTICOS POR IDADES

A. Indicadores de 0 a 12 :

- Pranto frecuente
- Baixa capacidade de atención
- Introdución de obxectos na vaxina ou no recto
- Alteración ou perda do apetito
- Manifesta cambios de comportamento relacionados co sono (rutinas de deitarse, pesadelos recorrentes, alteración do sono etc.).
- Medo á casa ou a un lugar específico. Medo excesivo a homes ou mulleres. Medo irracional a se quedar só cun familiar ou cunha persoa coñecida.
- Xogos sexuais inapropiados para a idade, con xoguetes, consigo mesmo, ou con outros.
- Debuxos e/ou descrições sexualmente explícitas, inapropiadas para a idade.
- Coñecementos sexuais estraños, avanzados ou inusitados
- Baixo coidado de si mesmo
- Ten a roupa interior desgarrada, sucia ou manchada, e as súas explicacións resultan pouco convincentes.
- Volve sufrir enuresis cando xa acadara o control dos esfínteres.
- Mostra unha conduta demasiado sexualizada.
- Quéixase de dores, coceira ou feridas nas zonas xenitais ou anais.

- Sofre regresións no comportamento e volve ter condutas anormalmente infantís.
- Busca constantemente a protección de persoas adultas.
- Mostra cambios emocionais importantes no seu estado de ánimo, nas súas relacións, etc.
- Mostra unha baixada significativa no seu rendemento escolar.
- Lesións de si mesmo

B. Indicadores de 12 a 18 :

- Ten a roupa interior desgarrada, sucia ou manchada e as súas explicacións resultan pouco convincentes.
- Quéixase de dores, coceira ou feridas nas zonas xenitais ou anais.
- Rexeita de maneira taxativa tratar temas con contido sexual.
- Evita quedarse só cun familiar ou cunha persoa coñecida.
- Sofre regresións no comportamento e volve ter condutas anormalmente infantís.
- Mostra cambios emocionais importantes no seu estado de ánimo, nas súas relacións, etc.
- Busca a maneira de esconder o seu corpo ou négase a mostralo (á hora de se cambiar de roupa, na ducha, na piscina, na praia, etc.).



- Busca excusas para evitar un exame médico.
- Manifesta cambios de comportamento relacionados co sono (rutinas de deitarse, pesadelos recorrentes, etc.).

Está embarazada e as explicacións que dá respecto da paternidade non son claras.

- Lesións de si mesmo.
- Repentina falta de interese en amigos ou actividades
- Reacción temerosa e sorprendente

- Grande interese en actividades sexuais
- Hostilidade cara á figuras de autoridade.
- Necesidade constante de compañía
- Esquemas regresivos de comunicación
- Dificultades académicas ou repentina diminución do rendemento escolar
- Fuga de casa
- Vestirse con varias capas para cubrir hematomas
- Falta de confianza nos demais
- Deficiente hixiene persoal.

ANEXO 7. ORIENTACIÓNS A TER EN CONTA NAS ENTREVISTAS COS MAV

O QUE HAI QUE INTENTAR FACER

> Crer o que a persoa relata sen cuestionala, aínda que dubidemos da veracidade, pois non é o noso cometido valoralo.

> Animala a falar sobre a situación de abuso, sen lle facer presión nin influír nela.

> Respetar a súa necesidade de confidencialidade, ofrecéndolle falar con quen pode axudar a que a situación remate.

> Se vén ó caso, explicar a diferenza entre "segredos positivos" e "segredos negativos".

> Non xulgar, só escoitar.

> Valorar o esforzo e valentía por telo contado.

> Transmitir que as reaccións que ten son normais, que pode sentirse así.

> Facerlle saber que non está só ou soa.

> Transmitir a mensaxe de que o ocorrido non é culpa súa, non é responsable do abuso. A violencia nunca se xustifica.

> Deixar o tempo que necesite a vítima para tomar as súas propias decisións. Non retirar o apoio pola demora na súa decisión.

> Se vén ó caso, proporcionarlle unha lista cos recursos máis importantes da comunidade.

LO QUE HAY QUE INTENTAR NO HACER

> Non utilizar palabras que os/as poidan asustar (delito, policía...)

> Non poñer en cuestión o que nos está a contar, aínda que non estea claro.

> Non lles dicir nunca o que deben facer.

> Nunca tomar decisións sen o consentimento e autorización previos. Respetar as decisións que tome.

> Non é conveniente ofrecerlle unha falsa seguridade. Non minimizar o problema.

> Non levar a cabo intervencións prematuras .

> Non deben realizarse condutas de vinganza no seu nome.

> Non adoptar unha actitude sobreprotectora.

> Non debe mostrarse unha actitude de excesivo interese polos detalles da agresión que a persoa non queira comentar nese momento.

> Non debe utilizarse nunca de forma inapropiada o humor.

> Non debe utilizarse o consolo ou os consellos de forma inadecuada.

> Non atafegalo con excesiva información.

> Non lle prometer algo que non podemos cumprir.

ANEXO 8. ASPECTOS A TER EN CONTA EN RELACIÓN COA PROTECCIÓN DE DATOS

Las presentes recomendaciones/obligaciones tienen como fin garantizar que, durante y con posterioridad al proceso de investigación del hecho concreto, se tratará, por parte de las partes intervinientes, toda la información a la que se tenga acceso de la forma más estrictamente confidencial, tomando las medidas necesarias para que su contenido no se divulgue a terceros.

Se entiende por información confidencial toda aquella susceptible de ser revelada por palabra, por escrito o por cualquier otro medio o soporte, tangible o intangible, actualmente conocido o que se invente en un futuro.

El deber de confidencialidad surtirá efectos durante todo el proceso de investigación y finalizado el mismo, e incluso cuando finali-



ce la actividad profesional y sólo puede ceder en aquellos supuestos previstos legalmente.

COMO SE DEBE ACTUAR PARA PRESERVAR A CONFIDENCIALIDADE DESTES DATOS.

- Non revelar a persoa algunha allea á área de entorno seguro da Compañía os datos de carácter persoal ós que se teña accedido como consecuencia do proceso de investigación agás no caso de que sexa necesario para dar debido cumprimento a obrigacións do abaixo firmante ou da entidade impostas polas leis ou normas que resulten de aplicación, ou sexa requirido para iso por mandado da autoridade competente conforme a Dereito.
- Gardar con toda a dilixencia posible a confidencialidade daquela información á que, con

motivo do proceso de investigación, puidera ter accedido.

- Facer uso da información confidencial só e exclusivamente para os fins específicos para os que a teña recibido.
- Non copiar, reproducir ou utilizar a información confidencial para outros fins que non sexan os do compromiso no cumprimento das obrigacións derivadas do proceso de investigación e outros asuntos directamente relacionados co mesmo.
- Os datos serán tratados de tal maneira que se garanta unha seguridade adecuada dos datos persoais, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas.

ANEXO 9. REFLEXIÓS SOBRE AS VÍTIMAS SECUNDARIAS

Este anexo quere recoller e ter en conta tamén a figura das vítimas secundarias e para iso presentamos algunhas actuacións levadas a cabo en Estados Unidos e que parecen ter acaído bo froito. Quizais poidamos formularnos algunhas destas medidas.

Cando falamos de "vítimas secundarias" referímonos a aquelas que non sufriron abusos pero cuxas vidas foron danadas polo impacto do

abuso. A familia e a diocese son as principais "vítimas secundarias" no abuso.

Sandar as familias dos menores abusados

Adóitase pensar que se a verdade sae á luz será algo bo para a familia. Porén a realidade a miúdo é máis complexa.

A familia pode verse moi afectada cando un dos seus membros revela un abuso. A experiencia en diferentes dioceses e lugares do mundo indica que o feito de que a verdade saíse á luz axudou algunhas familias a avanzar cara á curación pero produciu conflitos noutras.

Os superviventes, conscientes disto, poden dudar moito tempo antes de revelaren o abuso á familia é ás autoridades eclesiásticas.

As autoridades eclesiásticas deben estar presentes para as familias e superviventes e atentos as súas necesidades.

O abuso na infancia é un factor de risco para o suicidio. A autoridade eclesial debe ser capaz de recoñecer a ira e a devastación que sofren estas familias e ofrecer unha resposta apropiada.

Tamén poden xurdir nas familias fortes sentimentos de culpa xa que estaban moi involucradas na vida da Igrexa e animaron o seus fillos a participaren alí onde o sacerdote resultou ser máis tarde un abusador. Moitos superviventes esperan ata a morte dos seus pais para revelaren o abuso porque pensan que "sabelo os tería matado".

A resposta da igrexa.

A resposta da Igrexa debe ser rápida. O persoal do servizo diocesano de Protección de Menores debe poñerse en contacto co supervivente e a familia, escoitar a súa historia e ofrecerlles apoio.

Apoio profesional (terapias, servizos psicolóxicos e sanitarios) e apoio espiritual con acompañantes preparados. Tanto para a familia como para o supervivente.

As familias aprecian a oportunidade de contar a súa historia a alguén da diocese ou da congregación relixiosa. Algunhas dioceses

estadounidenses contan cun programa específico de resposta integral ás necesidades dos superviventes, das súas familias e outras vítimas secundarias.

As familias dos abusados necesitan ter a certeza de que a autoridade eclesial á que o supervivente revela o abuso recoñece e aborda as necesidades terapéuticas e pastorais do seu ser querido. Necesitan saber que alomenos se lle ofreceu orientación ou terapia e que se lle deu a oportunidade de reunirse co bispo ou outro representante da igrexa para que recoñeza o abuso que sufriu e reciba unha desculpa por iso.

Os superviventes e as familias non sempre entenden igual as necesidades. A igrexa debe elaborar unha resposta apropiada e comprensiva tanto para o supervivente como para a súa familia.

Mentres que o caso está a ser procesado pola xustiza civil nalgunhas dioceses hai asesores externos que ofrecen servizos de apoio; noutras dioceses lévanse conxuntamente, brindándose apoio legal e espiritual durante o proceso.

Sandar as parroquias afectadas

O impacto do trauma. Ante unha acusación, unha resposta ós fregueses pode ser ofrecer un informe simple e veraz do ocorrido, facendo énfase en que o sacerdote foi apartado para facilitar a investigación e que iso non significa que sexa culpable.

A consideración máis importante ó tratar este asunto é protexer os menores. Non é apropiado que as autoridades eclesiais oculten a verdade ós fieis laicos. Máis se dana a confianza na igrexa dando información non precisa e falsa, que logo é contradita polos medios de comunicación. Isto supón un problema tamén para os demais sacerdotes e mais para o que substitúe o acusado.



Ante unha situación así, é mellor que alguén que coñece e se preocupa pola comunidade envíe noticias e faga chegar a mensaxe, considerando o posible impacto que terá sobre a parroquia. É un modo de manexar a situación máis pastoral e sensible ca deixar que os fregueses o escoiten nos medios de comunicación locais ou nacionais.

Mensaxes claves que hai que transmitir: arrepentimento, preocupación polos abusados e dispoñibilidade para ofrecer apoio.

A necesidade de información non remata cando o sacerdote é apartado do ministerio; é importante que os demais sacerdotes da igrexa estean ó día respecto do desenvolvemento do proceso para poderen responder ás preguntas da xente.

Ante un caso de abuso dun clérigo a presenza dun clérigo superior que dea información á comunidade eclesial é de grande axuda.

É importante que as vítimas secundarias sexan quen de expresaren o que necesitan e que saiban que están a ser escoitadas.

Proceso de curación

Nas reunións de escoita co representante da diocese, escóitanse as preocupacións e feridas das persoas e o representante dio-

cesano transmite toda a información posible para ser transparente, incluíndo o estado da acusación e a situación do sacerdote acusado.

En Estados Unidos funcionan os círculos restaurativos. Reúnen os que sufriron polo abuso infantil da igrexa católica, familias e outras persoas, incluíndo tamén os que foron feridos pola negligencia dos que estaban nunha posición de autoridade para tomar medidas. Profesionais cualificados dirixen estes círculos de curación e permiten ós participantes falar das súas experiencias sen interrupción ou comentar e escoitar as achegas doutros participantes.

Non se concibiron como substitución da terapia ou doutros procesos penais ou civís, senón que ofrecen unha oportunidade para a curación e restauración na fe.

O dano que causa o abuso sexual de menores por clérigos agrávase porque as autoridades eclesiais fallaron á hora de tomar medidas apropiadas. A falla foi dobre: en responder dun modo pastoral adecuado ós que revelaron o abuso e en tomar medidas efectivas para evitaren que os abusadores continuaran abusando.

As palabras deben corresponderse con accións.

ANEXO 10. GLOSARIO

ABUSO NO COIDADADO: Similar á palpación. Realízase cando unha persoa, co pretexto de coidar un neno (lavándoo, cambiando cueiros...), toca por un tempo inxustificado unha parte íntima do seu corpo. Diferenciar entre limpar os xenitais sucios dun neno e estimulalo para excitalo.

ACTO ABUSIVO: Acción abusiva cometida por un individuo sen o apropiado consentimento dunha persoa debido á súa idade, discapacidade física ou mental, ausencia de madurez suficiente ou vulnerabilidade específica. A palabra abuso vén do latín *ab*, que significa ir máis alá, cruzar, excederse, e *us* que se refire ós costumes comunmente aceptados por unha sociedade particular.

AGRESOR SEXUAL: É un termo legal que define unha persoa que cometeu un crime sexual en calquera forma de abuso. Respecto do abuso sexual de menores, hai que subliñar que non tódolos abusadores que abusan de nenos son pedófilos. Algúns diríxense ós nenos non por atracción, senón por vulnerabilidade. Moitas persoas que sofren de desordes de pedofilia non son agresores sexuais, por exemplo se non abusaron directamente dun neno ou non utilizaron pornografía infantil, que ambos son delitos. Porén, o uso recorrente de fantasías pedófilas é considerado unha desviación, mais non un abuso xa que só os actos son considerados delitos, non os pensamentos. Dito isto, estes suxeitos deberían recibir atención clínica o máis pronto posible.

ANNILINGUS: É a estimulación oral da zona anal do neno, do abusador ou doutra persoa ou vítima.

AUTORIDADE: É unha forma de poder que a persoa exerce sobre diferentes individuos, lexitimada polo dereito natural (por exemplo, a paternidade) ou por delegación do poder por parte da sociedade (competencias, ordenación, cargo...). Confírelle a dignidade e mailo respecto necesarios para dar ordes, guiar os demais e realizar algunhas accións e rituais reservados á súa función.

CONSENTIMENTO INFORMADO: É cando unha persoa acorda facer algo con outra de forma libre e dando a súa autorización. Para que sexa legal e válido, o consentimento debe cumprir unha serie de requisitos legais. Por exemplo, o consentimento dun neno a unha relación sexual cun adulto non é válido nin legal.

CUNNILINGUS: É unha estimulación oral dos xenitais externos femininos ou dos xenitais do abusador o doutra persoa ou vítima.

DESEMPODERAMENTO: É o sentido de incapacidade que unha persoa pode sufrir a través do abuso. Perde totalmente a confianza en si mesma e nos demais como garantes de protección e seguridade.

DIMENSIÓN SISTÉMICA: É a dimensión social dunha realidade. No abuso sexual de menores pódese considerar a dimensión sistémica de dúas formas: a dimensión socio-cultural do abuso e o enfoque familiar. Estes dous representan un grupo de elementos (un sistema) que poden favorecer, facilitar e manter un esquema abusivo.



DISTORSIÓN COGNITIVA: Esta defínese aquí como pensamentos que unha persoa considera certos, pero que non se corresponden coa realidade. Son visións distorsionadas do mundo, das interaccións persoais e das cousas. Poden producir unha visión do mundo na que o abuso de menores é posible e poden servir para xustificar ou minimizar un acto abusivo.

EFEBOFILIA: Atracción sexual cara ós adolescentes.

EMPODERAMENTO: É o proceso que permite a unha persoa volver gañar o sentido de singularidade e seguridade. É un obxectivo terapéutico principal en vitimoloxía.

ESTUDOS DE PREVALENCIA: Son estudos que se centran na prevalencia dun fenómeno particular nunha poboación concreta. Tratan de responder á seguinte pregunta: Cantas persoas fan tal cousa ou tal outra nesta ou naquela poboación? Son parte dunha disciplina científica chamada Epidemioloxía.

EXHIBICIONISMO: Mostrar os xenitais de alguén a outra persoa.

EXPOSICIÓN Á PORNOGRAFÍA: Expoñer un neno á pornografía (revistas, internet, vídeo, audio, fotos...). Aínda que non haxa contacto directo, expoñerse ou expoñer un neno a contidos pornográficos significa contribuír ó abuso que xa se realizou durante a produción de tal material, e tamén á perversión do neno exposto ó mesmo.

FELACIÓN: O abusador obriga a vítima a estimular oralmente su pene, ou estimula

o da vítima ou o doutra persoa on vítima. É unha forma de penetración oral. Sinálase que a penetración oral pode tamén perpetrarse cos dedos, a lingua ou obxectos e non require necesariamente o uso do órgano xenital masculino para ser un abuso.

FETICHISMO: Cando unha persoa se excita utilizando algo que pertence a un neno ou que foi tocado por un neno, como un vestido, un xoguet... Pode ser tamén un conxunto desordenado de fantasías que xorden ó fixarse nalgunha parte do corpo do neno.

FORTALECEMENTO: É un proceso que dá á persoa a capacidade de recuperar o sentido de harmonía e seguridade. É o meirande obxectivo terapéutico no traballo da vítima.

FROTEURISMO: Acto de rozar ou tocar outra persoa sen o seu consentimento para acadar a excitación.

INCESTO: É un abuso sexual perpetrado por un membro da familia (pai, nai, irmáns, irmás, tíos, tías, padrastos, madrastas ou pais adoptivos) sobre outra persoa. Para algúns o abuso cometido por un sacerdote, guía espiritual ou padriño pode ser considerado como un "incesto espiritual", dado o peso que teñen como guías espirituais.

LÍMITES: Son as barreiras coas que alguén conta para protexer a súa integridade. Son límites invisibles que establece para se defender a si mesmo física, psicolóxica e espiritualmente. Son a expresión da alteridade e da diversidade dunha persoa, que a protexen. Poden ser visibles a través de condutas sociais convencionais, normas ou tabús.

MALTRATO OU MALOS TRATOS: É un termo xeral que encerra tódalas formas de negligencia e abuso físico, psicolóxico, emocional e espiritual. Neglixencias e abusos que se lle impoñen a alguén que ten necesidade de coidados (por exemplo, os pais respecto dos fillos). Porén, abrangue tódalas persoas vulnerables necesitadas de coidados particulares (un ancián ou un paciente no hospital poden ser vítimas de maltrato ...)

MASTURBACIÓN ABUSIVA: Consiste en estimular manualmente os xenitais dun neno ou ser estimulado por el, estimularse a si mesmo manualmente sobre o corpo dun neno con ou sen exaculación.

MODELO PATRIARCAL: É un modelo de sociedade estruturada, que pon énfase no predominio e autoridade dos homes e das figuras paternas sobre as mulleres e nenos.

NENO: Segundo o artigo 1 da Convención da ONU para a protección dos Dereitos do Neno, un neno é *"todo ser humano menor de dezaioito anos de idade, agás que, en virtude da lei que lle sexa aplicable, teña acadado antes a maioría de idade."* Porén, é importante diferenciar entre neno e menor de idade. Un neno, en termos de desenvolvemento, é unha persoa entre cero anos e a puberdade (13-14 anos). A partir de aí é un adolescente. *"Menor"* é un termo legal que se refire a unha persoa menor de dezaioito anos.

PALPACIÓN: É o acto de tocar unha parte específica do corpo dun neno para excitarse. Pode facerse por fóra ou dentro da roupa. Se ben a meirande parte das veces se concentra sobre as partes sexuais do corpo, calquera zona pode ser excitante para o abusador.

PEDOFILIA: É unha desorde mental que se caracteriza pola atracción sexual cara ós nenos en idade prepuberal. Non tódolos pedófilos son abusadores. Algúns pedófilos non abusarán endexamais dun neno e combaterán eses pensamentos.

PENETRACIÓN SEXUAL: Consiste en introducir o pene, un dedo ou un obxecto nos xenitais femininos ou forzar un neno a penetrar unha muller abusadora ou outra persoa/vítima.

PORNOGRAFÍA INFANTIL E XUVENIL: É unha forma de pornografía (foto, vídeo, revistas, audio...) que representa nenos ou adolescentes sendo abusados, realizando actividades sexuais ou en posturas explicitamente sexuais. Cabe destacar que nalgúns países como Canadá, incluso se a persoa é un actor ou actriz porno maior de idade que exerce o papel dun menor, tamén se considera pornografía infantil porque o obxectivo é representar relacións sexuais cun menor. Así mesmo, a produción de pornografía de menores, facer fotos, vídeos, distribuír material sexual explícito de menores é un abuso sexual de menores e considérase un acto delituoso a tódolos efectos.

PROSTITUCIÓN INFANTIL: Explotación sexual dun neno para actividades de prostitución con terceiros, co fin de obter diñeiro ou beneficios.

SADOMASOQUISMO: Algunhas persoas utilizan a violencia como forma de excitación e, polo tanto, mentres abusan dun neno tamén exercen unha forma de violencia física e psicolóxica sobre el. Esta forma parafílica de desorde acada a excitación a través do sufrimento da vítima.

SODOMÍA: Consiste en penetrar analmente un neno ou obrigalo a penetrar o ano do abusador ou doutra persoa ou vítima co pene, un dedo ou un obxecto.

SUPERVIVENTE: É a vítima que loita por superar a situación traumática.

TRAVESTISMO: Usar xogos de rol ou travestirse para acadar a excitación co neno.

VÍTIMA: É unha persoa que padeceu unha forma de malos tratos, negligencia, abuso ou situación traumática que tivo un impacto e comprometeu a súa integridade física, psicolóxica, social e espiritual, así como o seu benestar.

VOYEURISMO: Trátase de observar outra persoa para excitarse, sen que esta teña coñecemento diso.

ANEXO 11. COMPROMISO DE COÑECEMENTO E ADHESIÓN Ó SISTEMA DE ENTORNO SEGURO

- Confirmo que lin, coñezo e me adhiro ós principios referidos ós procedementos do "Sistema de Entorno Seguro" da Provincia de España da Compañía de Xesús e desta institución _____, contidos na Formación e no Manual do SES que se me presentou e en consonancia co Código de Conduta.

- Confirmo que estou dispoñible para colaborar na realización e mellora do Sistema de Entorno Seguro vixente nesta institución e para participar nas capacitacións que se me propoñan nesta área. E comprométo-me a actuar conforme ó establecido no SES da Compañía de Xesús, aceptando o seu contido.

- Confirmo que estou ó tanto de que o responsable do SES nesta institución é _____ e que me dirixirei a el ou ela se teño algunha consulta xeral ou se estou ó tanto ou sospeito dun acontecemento específico con respecto á protección e coidado de menores e adultos en situación de vulnerabilidade atendidos por esta institución.

Nome:

Localidade:

Data:

Firma:

(Unha vez firmado por duplicado, unha copia é conservada pola coordinadora ou polo encargado local do SES e a outra polo responsable do SES da Provincia.)



ANEXO 12. OBRAS PERTENECENTES OU LIGADAS Á CJPE QUE TEÑEN ACTIVIDADES CON MAV

COLEGIOS :

EDUCSI ALIÑADAS

ALCALÁ. San Ignacio
ALICANTE. Inmaculada
BADAJOZ. Virgen Guadalupe
BILBAO. Ntra. Sra. Begoña
BILBAO. Escuela Quím/Elect
BURGOS. La Merced y San Francisco Javier
CORUÑA. Sta. M^a del Mar
DURANGO. San José
GANDÍA. Borja
GIJÓN. Inmaculada
GIJÓN. Revillagigedo
LEÓN. Sagrado Corazón
LOGROÑO. Sdo. Corazón
MADRID. Ntra.Sra.Recuerdo
MADRID. Padre Piquer
OVIEDO. San Ignacio
PALMA. N^a S^a de Montesión
PAMPLONA. San Ignacio
SALAMANCA. San Estanislao de Kostka
SAN SEBASTIÁN. S. Ignacio
SANTANDER. Kostka
TUDELA. San Fco. Javier
VALENCIA. Esc. San José
VALLADOLID. I.P. Cristo Rey
VALLADOLID. San José
VIGO. Apóstol Santiago
VILLAFRANCA. San José

EDUCSI RELACIONADAS

Fundación SAFA
Fundació Jesuïtes Educació
Fundación Loyola Andalucía
Fundación Radio ECCA
Fundación Escuelas de Cristo Rey Valladolid
Fundación Loyola Asturias
Fundación Loyola Centro
Fundación Loyola Galicia
Fundación Social Ayuda Educación (FSAE)
Fundación Pedro Arrupe (Valencia)
*Fundació Cardener
Fundación Diocesanas – Jesús Obrero
(Vitoria – Gasteiz)
Fundació Sant Ignasi Sarriá
Fundació Amics del Claver Lleida
Fundació Sant Pere Claver Clot Barcelona
Fundación Cultural y Deportiva
Recuerdo Madrid
Fundación Pastrana Madrid
Fundación Montesión Palma
Fundación San José Villafranca
Fundación Jesús María el Salvador Zaragoza

UNIVERSIDADES:

UNIJS ALIÑADAS:

BARCELONA. ITF
BILBAO. Universidad de Deusto

GRANADA. Facultad de Teología
 MADRID. Universidad Pontificia de Comillas
 VALLADOLID. INEA
 BILBAO. Colegio Mayor Deusto
 MADRID. Colegio Mayor Comillas
 MADRID. Colegio Mayor Loyola
 SANTIAGO. Colegio Mayor San Agustín
 VALLADOLID.
 Colegio Mayor Menendez Pelayo

UNIJES RELACIONADAS:

BARCELONA. IQS
 BARCELONA. ESADE
 BARCELONA. Fundación Xavier
 (Escola de Turismo)
 CÓRDOBA. Fundación ETEA-DECO
 BILBAO. Fundación Deusto
 MADRID. Fundación Universitaria Comillas
 SEVILLA. Fundación ULA
 ÚBEDA. Centro de Profesorado SAFA
 UNIVERSIDAD
 (pertenece a Fundación SAFA)

SOCIAL ALIÑADAS:

ALICANTE. Nazaret (incl. Fundación
 P. Fontova SJ)
 MADRID. Centro de inmigrantes
 "Santo P. Rubio"

SOCIAL RELACIONADAS:

BILBAO. Alboan
 MADRID. Entreculturas
 SJM España
 BADAJOZ. Asociación para la Libertad
 BADALONA. Fundació Privada la Salut Alta
 BARCELONA. Arrels Fundació
 BARCELONA. Fundación Carles Blanch

BARCELONA. Fundació Lluís Espinal
 (Cristianisme i Justícia)
 BARCELONA. Fundació Migra Studium
 BARCELONA, Fundació La Vinya
 BILBAO. Fundació Ellacuría
 BURGOS. Asociación Atalaya Intercultural
 DURANGO. Asociación Jesuiten Etxea
 GIJÓN. Fundació Hogar de San José
 LLEIDA. Fundació Sant Ignasi- Arrels
 MADRID. Fundació Amoverse
 MADRID. Fundació San Juan del Castillo
 PALMA. Fundació Padre Montalvo
 SAN SEBASTIÁN. Asociación Loiolaetxea
 SEVILLA. Asociación Cultural y Social
 "Loyola-Torreblanca"
 SEVILLA. Asociación Voluntariado Claver
 TUDELA. Fundació San Fco. Javier-
 Centro Lasas
 VALENCIA. Piso de Acogida Pedro Claver
 VALLADOLID. Fundació Red Íncola

PASTORAL

CENTROS FE-CULTURA-XUSTIZA:

A CORUÑA. Centro Fonseca
 ALICANTE. Centro Loyola
 ALMERÍA. Centro Indalo Loyola
 BARCELONA. Cristianisme i Justícia (Fundació Lluís Espinal)
 BILBAO. Centro Loyola (Bilbao, Pamplona, San Sebastián, Vitoria)
 BURGOS. Centro Pastoral La Merced
 CÓRDOBA. Centro Cultural San Hipólito
 ELCHE. Centro Loyola
 GRANADA. Centro Fco. Suárez (Fundación Fco. Suárez)
 HUELVA. Centro Javier
 LAS PALMAS. CANARIAS. Centro Loyola (Fundación Fco. Suárez)
 LOYOLA. Loiola Zentroa



MADRID. Centro Arrupe Pastoral
Universitaria
MADRID. Centro Entrepárentesis
MÁLAGA. Centro Pastoral Pedro Arrupe
(Fundación Fco. Suárez)
MURCIA. Centro Pastoral Loyola
SAN SEBASTIÁN. Centro Loyola:
Fundación Arrupe-Etxea
SANTANDER. Centro Loyola
SEVILLA. Centro P. Arrupe
(Fundación Fco. Suárez)
VALENCIA. Centro Arrupe
VALLADOLID. Instituto Fe y Desarrollo
ZARAGOZA. Centro Pignatelli:

ESPIRITUALIDADE E EXERCICIOS:

ALAUQUÁS. Casa de EE La Purísima
ALCALÁ. Casa de Oración S. Ignacio
BARCELONA. Casa de EE Sarrià
CELORIO. Casa de EE San Ignacio
DOS HERMANAS. Casa de EE San Pablo
JAVIER. NAVARRA Centro de Espiritualidad
EL PUERTO. STA. MARÍA, CÁDIZ
Casa de EE La inmaculada
LAS PALMAS. GRAN CANARIA
Casa de EE Los Lagares
LOYOLA. Centro de Espiritualidad Loyola
MADRID. Instituto de Espiritualidad
MANRESA. Cova Sant Ignasi
PALMA DE MALLORCA.
Casa de EE San Alonso Rodríguez
PEDREÑA. CANTABRIA Casa de Ejercicios
San Ignacio
RAIMAT. Casal Claver
SALAMANCA. Casa de EE San Ignacio
TENERIFE. Casa de EE Manresa
VILLAGARCÍA. VALLADOLID.
Casa de EE San Luis.:
ZARAGOZA. Casa de EE Quinta Julieta

PASTORAL UNIVERSITARIA E MOCIDADE ADULTA:

BADAJOS	Centro Loyola
BARCELONA	Centre Casal Loiola
BARCELONA	Com.Crist.S.PereClaver
del Clot	
GIJÓN	Centro Juvenil Loyola
MADRID	Centro Arrupe
MADRID	Grup.Catól.Loyola (Univ y
J.Adultos)	
OVIEDO	Centro Loyola
SALAMANCA	Centro Juvenil Milagro
SANTIAGO	Centro S.Francisco Javier
SEVILLA	Centro Arrupe
VALENCIA	Centro Arrupe
VALLADOLID	
VIGO	Centro Juvenil Loyola
ZARAGOZA	Centro Pignatelli

OTROS:

MADRID Apostolado de la Oración
(Red Mundial de Oración del Papa)
BARCELONA Obra apostólica Camino Igna-
ciano. Oficina del Peregrino

PASTORAL RELACIONADAS:

BARCELONA. Fundació Joan Martí Tusquets
(Casal Loiola):
BILBAO. Fundación Arrupe Etxea
GRANADA. Fundación Francisco Suárez:
Aparece como Centro Arrupe-Funda-
ción Francisco Suárez de Sevilla
MANRESA. Fundació Cova Manresa
ZARAGOZA. Fundación Seminario
Investigación para la Paz

PARROQUIAS:

ALMERIA. Parroquia San Ignacio
ALMERÍA. Parroquia Ntra. Sra. Araceli

ALMERÍA. Parroquia Buen Pastor
 BADAJOZ. Parroquia Santísima Trinidad
 EL PUERTO DE STA. MARÍA.
 Parroquia San Francisco
 GIJÓN. Parroquia San Esteban del Mar
 HOSPITALET. Parroquia Mare de Deu
 de Bellvitge
 JAVIER. Parroquia de la Anunciación
 LLEIDA. Parroquia Sant Ignasi
 LOGROÑO. Parroquia San Ignacio
 MADRID. Parroquia San Francisco
 Javier y S. Luis Gonzaga
 MADRID. Parroquia San Francisco de Borja
 PALMA DE MALLORCA.
 Parroquia San Juan de Avila
 RAIMAT. Parroquia Sagrat Cor
 SALAMANCA. Parroquia Milagro de San José
 SEVILLA. Parroquia San Antonio de Padua
 SEVILLA. Parroquia Inmaculado
 Corazón de María
 TUDELA. Parroquia Ntra. Sra. Lourdes
 VIGO. Parroquia San Francisco Javier

IGREXAS:

A Coruña	Sagrado Corazón
Barcelona	N. S. de la Victoria
Barcelona	Sagrat Cor
Bilbao	Sagrado Corazón
Bilbao	N. S. de Begoña
Burgos	La Merced
Cordoba	San Hipólito
Gandía	Sagrado Corazón
Gijón	La Inmaculada
Granada	Sagrado Corazón de Jesús
Huelva	San Francisco Javier
Huesca	San Vicente Mártir
Javier	San Francisco Javier
Las Palmas	San Francisco de Borja
Loyola	San Ignacio de Loyola

Málaga	Sagrado Corazón de Jesús
Manresa	Cova sant Ignasi
Murcia	Santo Domingo
Oviedo	Sagrado Corazón
Palma Mallorca	N. S. de Monti-sion
Pamplona	Inmaculada
San Sebastián	Sagrado Corazón
San Cugat	Centre Borja
Santander	Sagrado Corazón
Santiago	San Agustín
Sevilla	Portaceli
Sevilla	Sagrado Corazón de Jesús
Valladolid	Sagrado Corazón de Jesús
Vigo	Los Apóstoles
Zaragoza	San José Pignatelli

OUTRAS:

BILBAO. Asociación Ugasko
 BILBAO. Grupo Comunicación Loyola
 BARCELONA. Fundació Instituto Borja de
 Bioética
 GANDÍA. Fundación Palau Ducal Gandía
 MADRID. Fundación Elosúa Rojo
 MADRID. Instituto Interacción y Dinámica
 Personal
 SEVILLA. Fundación Hermida de la Chica
 SEVILLA. Fundación San Rafael

COMUNIDADES:

Alcalá de Henares. Residencia S. Ignacio
 Alicante. Colegio Inmaculada
 Almería. Comunidad S. José M^a Rubio
 Badajoz. Escuela V. de Guadalupe
 Barcelona. Comunitat El Clot
 Badalona. Comunitat La Salut Alta, Badalona
 Barcelona. Comunitat Xavier



Barcelona.Comunitat NSraVictòria
Barcelona.Comunitat Sagrat Cor
Bilbao.Colegio Begoña
Bilbao.Comunidad Univ. Deusto
Bilbao.Arrupe Etxea
Burgos.Residencia de la Merced, Burgos
Córdoba.Comunidad San Hipólito
Durango (Bizkaia).Colegio S. José
El Puerto de Sta María.Comunidad
S. Luis Gonzaga
Esplugues .Comunitat Pubilla Cases,
Esplugues
Gandía.Residencia S. Fco Borja
Gerona.Comunitat Pere Favre
Gijón.Comunidad Natahoyo
Granada.Comunidad Cartuja
Granada.Comunidad Sdo Corazón Jesús
Huelva.Comunidad S. Fco Javier
Javier.Sant. S.Fco Javier
La Coruña.Residencia Sdo Corazón
Las Palmas G. Canaria.Comunidad S. Ignacio
L'Hospitalet de Llobr..Comunitat Bellvitge
Lleida.Comunitat Sant Ignasi
Logroño.Centro Educativo Sdo Corazón
Loyola-Azpeitia.Santuario de Loyola
Madrid.Col. Profesores
Madrid.Colegio Residencia Profesores
UP Comillas
Madrid.Colegio Mayor UPCO, Madrid
Madrid.Colegio Nuestra Señora del Recuerdo
Madrid.Residencia Sagrado Corazón y
S. Fco. Borja
Madrid.Res. San Pedro Fabro
Madrid.Colegio Piquer
(AHORA Ventilla 103)
Madrid.Curia Provincial
Madrid.Colegio NN. Sagrado Corazón
Madrid.Colegio NN. Francisco de Villanueva
Málaga.Comunidad Sdo Corazón Jesús
Málaga.Comunidad S. Estanislao
Manresa (Barna).Comunitat Cova S. Ignasi
Murcia.Res. Sto Domingo
Oviedo.Res. S. Ignacio
Palma de Mallorca.Colegio Montesión
Pamplona.Colegio S. Ignacio
Raimat.Comunitat Claver
Salamanca.Colegio S. Estanislao
San Sebastián.Comunidad Loiolaetxea
San Sebastián.Res. Sdo Corazón
San Sebastián.Noviciado
Sant Cugat.Centre Borja
Santander.Residencia SJ
Santiago.Residencia SJ
Sevilla.Comunidad Portaceli
Sevilla.Comunidad Sdo Corazón Jesús
Sevilla.Comunidad S. Pedro Claver
Tudela (Navarra).Comunidad S.Fco Javier
Valencia.Escuelas San José
Valencia.Residencia San Ignacio
Valladolid.Colegio San José
Valladolid.Res. Corazón de Jesús
Vigo.Colegio Apóstol Santiago
Villafranca.Colegio S.José
Villagarcía.Res. S. Luis
Zaragoza.Colegio del Salvador
Zaragoza.Centro Pignatelli

ANEXO 13. NORMATIVA DE REFERENCIA

a. Convención sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989¹².

b. Protocolo Facultativo da Convención sobre os dereitos do neno, relativo á venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía, feito en Nova York o 25 de maio de 2000¹³.

c. Protocolo facultativo da Convención sobre os dereitos do neno relativo a un procedemento de comunicacións, feito en Nova York o 19 de decembro de 2011¹⁴.

d. Convenio Europeo sobre o exercicio dos dereitos dos nenos, feito en Estrasburgo o 25 de xaneiro de 1996¹⁵.

e. Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007¹⁶.

f. Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de

2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil e pola que se substitúe a Decisión marco 2004/68/JAI do Consello¹⁷.

g. Regulamento 2016/649/UE do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)¹⁸.

h. **Constitución Española:** en diversos artigos, entre eles: **art. 10.1 ; art. 14 ; art. 18; art. 9.2**

Así mesmo, en cada Comunidade Autónoma teranse que asumir as diferentes actualizacións legais, protocolos, plans e demais medidas que respecto desta materia vaian aparecendo. Así como tamén a adhesión por parte de tódolos traballadores e traballadoras da CJPE ó seu **Código de Conduta.**

12 Instrumento de ratificación de 30 de novembro de 1990, BOE 313, de 31 de decembro, páxinas 38897 a 38904.

13 Instrumento de ratificación por España de 5 de decembro de 2001, BOE 27, de 31 de xaneiro de 2002, páxinas 3917 a 3921.

14 Instrumento de ratificación por España de 19 de abril de 2013, BOE 27, de 31 de xaneiro de 2014, páxinas 6453 a 6462.

15 Instrumento de ratificación de 11 de novembro de 2014, BOE 45, de 21 de febreiro de 2015, páxinas 14174 a 14189.

16 Instrumento de ratificación de 22 de julio de 2010, BOE 274, de 12 de novembro, páxinas 94858 a 94879.

17 DOUE L.335-1/335-14, de 17 de decembro de 2011.

18 DOUE L.119-1/119-88, de 4 de maio de 2016.



ANEXO 14. BIBLIOGRAFÍA, DOCUMENTOS E MATERIAIS DE INTERESE

As dúas principais bases documentais para a elaboración deste manual foron os textos ofrecidos no "E-learning Program Safeguarding: our commitment" polo **Centre for Child Protection** da Pontificia Università Gregoriana e o **Manual SPC (Sistema de Protección e Cuidado)** da Provincia Portuguesa da Compañía de Xesús.

DOCUMENTOS E REFERENCIAS EN PÁXINAS WEB DE ASOCIACIÓNS:

Vos Estis Lux Mundi. Papa Francisco 2019. <https://es.zenit.org/articles/motu-proprio-del-papa-francisco-vos-estis-lux-mundi/>

Na páxina web www.jesuitas.es aparecen os seguintes documentos:

-Código de Conduta da Compañía de Xesús na Provincia de España

-Indicacións para o exercicio do ministerio pastoral

-Modo de proceder en relación cos menores a efectos de evitar condutas impropias. Protocolo de intervención en casos de abusos sexuais sobre menores e persoas vulnerables

(estes documentos poden ser consultados e descargados na ligazón: <https://jesuitas.es/es/cultura-de-la-proteccion-prevencion-de-abusos>).

Conferencia Episcopal Española (2010). Protocolo de actuación segundo a lexislación do Estado. Protocolo 9/10, Secretaría Xeral. Conferencia Episcopal Española. Consultado en 2016 en: <http://laicismo.org/wp-content/uploads/2015/02/Protocolo-Civil-ConferenciaEpiscopal-2010.pdf>

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE (2014) Protocolo básico de intervención contra o maltrato infantil no ámbito familiar. Colección Informes, Estudos e Investigación, Madrid. Consultado en 2015 en: http://www.observatoriodelainfancia.msssi.gob.es/productos/pdf/MaltratoInfantil_accesible.pdf

Guía para a elaboración de protocolos de prevención e actuación fronte ó abuso sexual infantil en centros educativos e outros servizos que atenden nenos e adolescentes: Carmela Guerrero Acosta e Antonio M. Fernández Barba. Xuño 2016

UNICEF-Ministerio de Educación (2009) Programa Mi Sol. Consultado en 2015 en <http://www.unicef.cl/centrodoc/ficha.php?id=326>

Varios autores (2001) Abuso sexual infantil: manual de formación para profesionales. Ed. Save the Children. Consultado en 2015 en: https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/manual_abuso_sexual.pdf.

Revista Sal Terrae, número 105, julio de 2017: "El Abuso sexual a menores. Prevención, actuaciones y acompañamiento".

DECÁLOGO DE ESCOLAS CATÓLICAS

Pereda N. (2016). ¿Uno de cada cinco? La victimización sexual infantil en España. Papeles del Psicólogo, 2016. Vol. 37(2), pp. 3-13. Consultado en 2016 en:

http://www.bienestaryproteccioninfantil.es/fuentes1.asp?sec=2&subs=47&cod=2290&page=https://www.youtube.com/watch?time_continue=16&v=nVBOUdZ4o7s
<http://www.elmundodelosasi.org/>
<http://www.fapmi.es/>
<http://www.fundacionrana.org/es/>
<http://www.fbernadet.org/es/>
<https://migueladame.blogspot.com.es/>
<https://www.savethechildren.es/conoce-tus-de-rechos/ayuda>

LIBROS:

M^a ROSAURA GONZÁLEZ CASAS, STJ. *¡Soy testigo!*. Buena Prensa, México, 2018.

DANIEL PITTET. *Le perdono, Padre*. Mensajero, Bilbao, 2017.

VV.AA. *Víctimas de la Iglesia: relato de*

un camino de sanación. PPC, Madrid, 2016.

MIGUEL CAMPO IBAÑEZ. *Hágase la luz. Iglesia católica y abuso sexual a menores*. Sal Terrae, Santander, 2016.

HANS ZOLLNER. *Dios mío, ¿por qué me has abandonado?*, 2017

ROBERT, J. *¡Qué no se pasen contigo! Los abusos explicados a los niños*. Octaedro, Barcelona, 2007.

ECHEBURÚA, E. Y GUERRICAECHEVARRÍA, C. *Abuso sexual en la infancia: víctimas y agresores*. Ariel, Barcelona, 2009.

ECHEBURÚA, E. Y GUERRICAECHEVARRÍA, C. *Concepto, factores de riesgo y efectos psicopatológicos del abuso sexual infantil*. J. Sanmartín (Ed.), *Violencia contra los niños*. Ariel, Barcelona (2006).

MEBES, M. Y SANDROCK, L. *Ni un besito a la fuerza*. Bilbao: Maite Canal. Dirección General del la Mujer, Comunidad de Madrid 2002.

VÁZQUEZ, B.. *Agresión sexual. Evaluación y tratamiento en menores*. Siglo XXI, Madrid, 1995.

PELÍCULAS E DOCUMENTAIS SUXERIDOS

ALBERT SOLÉ. *Examen de conciencia*. Zeta Cinema, Minimal Films, 2019.

FRANÇOIS OZON. *Gracias a Dios*.

Mandarin Production, Scope Pictures, 2018



THOMAS MCCARTHY. *Spotlight*, 2015.

LUIS URQUIZA. *Obediencia perfecta*,
Astillero Films, FOPROCINE, 2013.

MONTXO ARMENDÁRIZ. *No tengas miedo*, Oria
Films, 2013.

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN DAS INSTI- TUCIÓN PÚBLICAS POR COMUNIDADES:

ANDALUCIA:

<https://www.juntadeandalucia.es/temas/familias-igualdad/infancia/maltrato.html>

CATALUÑA:

Procedementos da Generalitat i Ajuntament de
Barcelona

[https://ajuntament.barcelona.cat/dretssocials/
sites/default/files/arxiu-documents/guia_pre-
vencio_abusos_sexuals_activitats.pdf](https://ajuntament.barcelona.cat/dretssocials/sites/default/files/arxiu-documents/guia_pre-
vencio_abusos_sexuals_activitats.pdf)
<http://xtec.gencat.cat/ca/centres/projeducatiu/>

[convivencia/protocols/assetjament-ciberasse-
tjament-entre-iguals/index.html](http://xtec.gencat.cat/ca/centres/projeducatiu/convivencia/)
[http://xtec.gencat.cat/ca/centres/projeducatiu/
convivencia/](http://xtec.gencat.cat/ca/centres/projeducatiu/convivencia/)

MADRID:

[http://www.comunidad.madrid/servicios/asun-
tos-sociales/maltrato-infantil](http://www.comunidad.madrid/servicios/asuntos-sociales/maltrato-infantil)

PARA TODAS AS COMUNIDADES

Garda Civil

[http://www.guardiacivil.es/es/servicios/vio-
lenciadegeneroyabusoamenores/index.html](http://www.guardiacivil.es/es/servicios/violenciadegeneroyabusoamenores/index.html)

Pódese descargar neste enderezo unha folla de
cálculo cos enderezos e teléfonos en tódalas
comunidades autónomas dos Equipos de aten-
ción e investigación para Mulleres e Menores
(EMUME) da Garda Civil

[http://www.guardiacivil.es/documentos/con-
tenidos_reutilizables/direcciones_equipos_mu-
jer_menor_guardia_civil.csv](http://www.guardiacivil.es/documentos/contenidos_reutilizables/direcciones_equipos_mujer_menor_guardia_civil.csv)

A PROL DUN ENTORNO SEGURO



El Sistema de Entorno Seguro (SES) pretende xerar e fomentar **espazos** seguros, **actividades** seguras e **relacións** seguras en cada unha das obras ou institucións pertencentes ou ligadas á Compañía de Xesús na Provincia de España.

POR ISO, CONVIDÁMOSTE A:

- crear **ambientes** acolledores, respectuosos e seguros
- **atender, protexer e coidar** calquera MAV (menor ou persoa en situación de vulnerabilidade)
- potenciar o **Bo Trato** entre tódolos que te rodean
- **formarte** e aprender todo o posíbel en prevención de abusos
- **difundir** e **mellorar** continuamente tódalas boas prácticas que estamos a levar a cabo
- **denunciar** calquera práctica inadecuada que vexas ou comportamentos abusivos que coñezas

Estes son os nosos soños para acadar un ENTORNO SEGURO.
Mais para facelos realidade NECESITÁMOSTE A TI. Úneste?

Para coñecer mellor o Sistema de Entorno Seguro que se realiza nesta institución / centro/ obra / grupo; para ofrecer calquera comentario ou suxestión; para falar dunha sospeita; ou para facer unha queixa, pódese dirixir á páxina web:

www.jesuitas.es/ses

ou, se o prefire, pódese enviar a súa suxestión/sospeita/denuncia de forma anónima, indicando tódolos datos obxectivos que nos axudarán a responder á situación ou cuestión, ó correo electrónico:

proteccion@jesuitas.es

Responsábel do SES:

esp.entornoseguro@jesuitas.es

